

PLENO DO PARLAMENTO

Sesión extraordinaria

2 de agosto de 2012

16:00 horas



ÍNDICE

	<u>Páx.</u>
Convocatoria do Pleno	<u>2</u>
Relación de membros da Cámara	<u>4</u>
Listado para votación	<u>6</u>
1. Textos legislativos	<u>9</u>
1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de inclusión social de Galicia. 08/PL-0045 (83635)	<u>10</u>
<i>Publicación da iniciativa, BOPG núm. 711, do 12.06.2012</i>	
<i>Publicación ampl. prazo presentación emendas articulado, BOPG núm. 717, do 20.06.2012</i>	
<i>Publicación asignación comisión, BOPG núm. 717, do 20.06.2012</i>	
<i>Publicación emendas de totalidade, BOPG núm. 726, do 03.07.2012</i>	<u>144</u>
1.2 Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do Proxecto de lei de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade en materia de emprego público, e se é o caso, debate e votación deste proxecto de lei. 08/PL-0049 (85467)	<u>151</u>
<i>Publicación da iniciativa, BOPG núm. 740, do 31.07.2012</i>	
2. Fixación do límite de gasto non financeiro	<u>188</u>
2.1 Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 85618)	<u>189</u>

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión extraordinaria o próximo día 2 de agosto de 2012, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 31 de xullo de 2012, a orde do día da sesión é a seguinte:

1 Textos lexislativos


1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de inclusión social de Galicia 08/PL-0045 (83635).

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 711, do 12.06.2012

Publicación ampl. prazo presentación emendas articulado, BOPG núm. 717, do 20.06.2012

Publicación asignación comisión, BOPG núm. 717, do 20.06.2012


Publicación emendas de totalidade, BOPG núm. 726, do 03.07.2012



1.2 Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do Proxecto de lei de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade en materia de emprego público, e se é o caso, debate e votación deste proxecto de lei 08/PL-0049 (85462).

2 Fixación do límite de gasto non financeiro

Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia ao que se refire o





artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 85618).

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2012

**Asinado dixitalmente por:
Pilar Rojo Noguera, Presidenta na data 31/07/12 12:27:22**

 Pilar Rojo Noguera
Presidenta


Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Outros membros

María Carmen Acuña do Campo	S
María do Carme Adán Villamarín	BNG
María Emma Álvarez Chao	P
Pedro Manuel Arias Veira	P
Carlos Ignacio Aymerich Cano	BNG
Agustín Baamonde Díaz	P
José Manuel Balseiro Orol	P
Natalia Barros Sánchez	P
Ana Luisa Bouza Santiago	BNG
Carlos Fernando Branco Parga	BNG
María Concepción Burgo López	S
María del Carmen Cajide Hervés	S
María José Caride Estévez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
Francisco Xulio Cerviño González	S
María Carme da Silva Méndez	BNG
María Yolanda Díaz Lugilde	P
María Sol Díaz Mouteira	P
María Ángeles Díaz Pardo	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Miguel Ángel Fernández López	S
Antonio Ángel Fraga Sánchez	P
Silvia Belén Fraga Santos	S
Juan Carlos Francisco Rivera	S
Gema Freire Insua	P
María Carmen Gallego Calvar	S
José Manuel Gallego Lomba	S
María Isabel García Pacín	P
Jesús Antonio Goldar Güimil	P
Alejandro Gómez Alonso	P
Luis Antonio Gómez Piña	S
Mª de la Encarnación González Montemuiño	P
María de Fátima Iglesias Ferreira	P
José Manuel Lage Tuñas	S
Bieito Lobeira Domínguez	BNG
Dámaso López Rodríguez	P
Lorena López Rodríguez	P
Pablo Xabier López Vidal	S
Abel Fermín Losada Álvarez	S
José Luis Méndez Romeu	S

Jacobo Moreira Ferro	P
Enrique Novoa López	P
Alberto Núñez Feijóo	P
Rosa Oubiña Solla	P
Manuel Parga Núñez	BNG
María Tereixa Paz Franco	BNG
María Soledad Piñeiro Martínez	P
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
Modesto Pose Mesura	S
Paula Prado del Río	P
Pedro Puy Fraga	P
María Remedios Quintas Álvarez	S
Ismael Rego González	S
María Dolores Rodríguez Amoroso	S
Marta Rodríguez Arias	P
Román Rodríguez González	P
Antonio Rodríguez Miranda	P
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Pilar Rojo Noguera	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Isabel Sánchez Montenegro	BNG
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
María Seoane Romero	P
Beatriz Sestayo Doce	S
María Soledad Soneira Tajés	S
Alfredo Suárez Canal	BNG
Alberto Sueiro Pastoriza	P
Luis María Tojo Ramallo	S
Marta Valcárcel Gómez	P
Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna	P
Manuel Vázquez Fernández	S
Sonia Verdes Gil	S
Henrique Viéitez Alonso	BNG
María Teresa Villaverde Pais	P
María Lourdes Yáñez García	P



Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia VIII Lexislatura

(Actualizada o 14 de febreiro de 2012)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST.
1. Acuña do Campo, María Carmen	S			
2. Álvarez Chao, María Emma	P			
3. Arias Veira, Pedro Manuel	P			
4. Aymerich Cano, Carlos Ignacio	BNG			
5. Baamonde Díaz, Agustín	P			
6. Barros Sánchez, Natalia	P			
7. Bouza Santiago, Ana Luisa	BNG			
8. Branco Parga, Carlos Fernando	BNG			
9. Burgo López, María Concepción	S			
10. Cajide Hervés, María del Carmen	S			
11. Caride Estévez, María José	S			
12. Castiñeira Broz, Jaime	P			
13. Da Silva Méndez, María Carme	BNG			
14. Díaz Lugilde, María Yolanda	P			
15. Díaz Mouteira, María Sol	P			
16. Díaz Pardo, María Angeles	P			
17. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
18. Fernández López, Miguel Angel	S			
19. Fraga Sánchez, Antonio Ángel	P			
20. Fraga Santos, Silvia Belén	S			
21. Francisco Rivera, Juan Carlos	S			
22. Freire Insua, Gema	P			
23. Gallego Calvar, María Carmen	S			
24. Gallego Lomba, José Manuel	S			
25. García Pacín, María Isabel	P			
26. Goldar Güimil, Jesús Antonio	P			
27. Gómez Alonso, Alejandro	P			
28. Gómez Piña, Luís Antonio	S			
29. González Montemuíño, M ^a de la Encarnación	P			
30. Iglesias Ferreira, María de Fátima	P			
31. Lage Tuñas, José Manuel	S			



32. Lobeira Domínguez, Bieito	BNG			
33. López Rodríguez, Dámaso	P			
34. López Rodríguez, María Lorena	P			
35. López Vidal, Pablo Xabier	S			
36. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
37. Méndez Romeu, José Luis	S			
38. Moreira Ferro, Jacobo	P			
39. Novoa López, Enrique	P			
40. Oubiña Solla, Rosa	P			
41. Parga Núñez, Manuel	BNG			
42. Paz Franco, María Tereixa	BNG			
43. Piñeiro Martínez, María Soledad	P			
44. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG			
45. Pose Mesura, Modesto	S			
46. Prado Del Río, Paula	P			
47. Puy Fraga, Pedro	P			
48. Quintas Álvarez, María Remedios	S			
49. Rego González, Ismael	S			
50. Rodríguez Amoroso, María Dolores	S			
51. Rodríguez Arias, Marta	P			
52. Rodríguez González, Román	P			
53. Rodríguez Miranda, Antonio	P			
54. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	P			
55. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
56. Sánchez Montenegro, Isabel	BNG			
57. Seoane Romero, María	P			
58. Sestayo Doce, Beatriz	S			
59. Soneira Tajés, María Soledad	S			
60. Suárez Canal, Alfredo	BNG			
61. Sueiro Pastoriza, Alberto	P			
62. Tojo Ramallo, Luís María	S			
63. Valcárcel Gómez, Marta	P			
64. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	P			
65. Vázquez Fernández, Manuel	S			
66. Verdes Gil, Sonia	S			
67. Viéitez Alonso, Henrique	BNG			
68. Villaverde Pais, María Teresa	P			



69. Yañez García, María Lourdes	P			
DEPUTADO MEMBRO DA XUNTA DE GALICIA				
70. Núñez Feijóo, Alberto	P			
DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO				
71. Adán Villamarín, María do Carme	BNG			
72. Balseiro Orol, José Manuel	P			
73. Cerviño González, Francisco Xulio	S			
74. Santalices Vieira, Miguel Angel	P			
75. Rojo Noguera, Pilar	P			

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 02.08.2012

Hora: 16:00

Orde do día

1. Textos legislativos

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 02.08.2012

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de inclusión social de Galicia.

08/PL-0045 (83635)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 711, do 12.06.2012

Publicación ampl. prazo presentación emendas articulado, BOPG núm. 717, do 20.06.2012

Publicación asignación comisión, BOPG núm. 717, do 20.06.2012

Publicación emendas de totalidade, BOPG núm. 726, do 03.07.2012





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mv



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de Lei de inclusión social de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 18 de maio de 2012.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2012

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, CONSELLEIRO DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E
SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,


CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezoito de maio de
dous mil doce adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

“Aprobar o *Proxecto de lei de de inclusión social de Galicia*, e a súa remisión ao
Parlamento de Galicia”

E para que conste asino esta certificación, co visto e praxe do Sr. Presidente, en
Santiago de Compostela a dezoito de maio de dous mil doce.

Vº. e Praxe
O PRESIDENTE



PROXECTO DE LEI DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO PRELIMINAR. Disposicións Xerais

- Artigo 1. Obxecto
- Artigo 2. Ámbito subxectivo
- Artigo 3. Criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social
- Artigo 4. Criterio de competencia
- Artigo 5. Principios xerais de aplicación e interpretación

TÍTULO I. A renda de inclusión social de Galicia (RISGA)

CAPÍTULO I. Disposicións Xerais

- Artigo 6. Definición, obxectivos e natureza xurídica
- Artigo 7. Estrutura da renda de inclusión social de Galicia
- Artigo 8. Tramo persoal e familiar
- Artigo 9. Tramo de inserción
- Artigo 10. Tramo de transición ao emprego
- Artigo 11. Unidade de convivencia. Criterios e regras de aplicación

CAPÍTULO II. Requisitos xerais de acceso

- Artigo 12. Requisitos xerais de acceso á renda de inclusión social de Galicia
- Artigo 13. Residencia e empadramento
- Artigo 14. Residencia legal
- Artigo 15. Idade
- Artigo 16. Persoas obrigadas a prestar alimentos
- Artigo 17. Criterios de cómputo de recursos económicos
- Artigo 18. Criterios xerais para o caso específico das prestacións económicas para a atención das persoas en situación de dependencia

CAPÍTULO III. O tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia

- Artigo 19. Requisitos específicos do tramo persoal e familiar
- Artigo 20. Composición do tramo persoal e familiar
- Artigo 21. Contido económico do tramo persoal e familiar
- Artigo 22. Duración do dereito de percepción do tramo persoal e familiar
- Artigo 23. Acción positiva de xénero

CAPÍTULO IV. O tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia

- Artigo 24. Requisitos específicos do tramo de inserción
- Artigo 25. Diagnóstico de empregabilidade
- Artigo 26. Limite de acceso ao tramo de inserción
- Artigo 27. Composición do tramo de inserción
- Artigo 28. Contido económico do tramo de inserción
- Artigo 29. Duración do tramo de inserción e do convenio de inclusión sociolaboral
- Artigo 30. Medidas de apoio, compromisos das persoas beneficiarias e acción positiva de xénero

CAPÍTULO V. O tramo de transición ao emprego

- Artigo 31. Natureza, requisitos específicos e duración
- Artigo 32. Contido prestacional do tramo
- Artigo 33. Criterios de aplicación no caso de acceso a rendas de traballo inferiores á renda de inclusión social de Galicia
- Artigo 34. Medidas de apoio

CAPÍTULO VI. Tramitación

SECCIÓN 1ª. TRAMITACIÓN ORDINARIA

- Artigo 35. Inicio do procedemento para a concesión da renda de inclusión social de Galicia

Artigo 36. Informes preceptivos e determinantes emitidos polos servizos comunitarios do concello

Artigo 37. Resolución

Artigo 38. Impugnación

Artigo 39. Órganos de apoio

Artigo 40. Confidencialidade, protección e comprobación da veracidade dos datos

SECCIÓN 2ª. TRAMITACIÓN ABREVIADA POR RAZÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Artigo 41. Tramitación abreviada

CAPÍTULO VII. Obrigas das persoas beneficiarias

Artigo 42. Das obrigas das persoas beneficiarias

CAPÍTULO VIII. Modificación, suspensión e extinción

Artigo 43. Disposicións comúns

Artigo 44. Modificación

Artigo 45. Suspensión

Artigo 46. Extinción

TÍTULO II. Axudas de inclusión social (AIS)

Artigo 47. Obxecto e natureza

Artigo 48. Tipoloxía

Artigo 49. Requisitos

Artigo 50. Límites das axudas

Artigo 51. Tramitación

Artigo 52. Resolución, forma de pagamento e xustificación

Artigo 53. Impugnación

TÍTULO III. Recursos e medidas vinculadas á renda de inclusión social de Galicia

CAPÍTULO I. Instrumentos vinculados aos itinerarios sociais e laborais da renda de inclusión social de Galicia

Artigo 54. Proxecto de integración social

Artigo 55. Acordo para a integración socioeducativa das persoas menores

Artigo 56. Convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade

CAPÍTULO II. Plan de inclusión social e rede de equipos de inclusión sociolaboral

Artigo 57. Natureza

Artigo 58. Territorialización

Artigo 59. Funcións dos equipos

Artigo 60. Fomento de proxectos de capacitación das persoas participantes no plan de inclusión

TÍTULO IV. Medidas para a incorporación laboral das persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia

CAPÍTULO I. Coordinación entre os sistemas de servizos sociais e de emprego

Artigo 61. Aspectos xerais de coordinación

CAPÍTULO II. Empresas de inserción

Artigo 62. Concepto de empresa de inserción

Artigo 63. Entidades promotoras

Artigo 64. Cualificación e rexistro das empresas de inserción

Artigo 65. Acreditación da situación de risco ou exclusión social para o acceso ás empresas de inserción.

Artigo 66. Itinerario de inserción sociolaboral

Artigo 67. Fomento das empresas de inserción

CAPÍTULO III. Medidas de apoio no acceso ao emprego para persoas en situación ou risco de exclusión

Artigo 68. Acceso ás accións formativas dirixidas aos desempregados

Artigo 69. Programas específicos de formación para o emprego

Artigo 70. Cualificación profesional

Artigo 71. Incentivos á contratación

Artigo 72. Outras liñas de promoción do emprego

CAPÍTULO IV. Recoñecemento ás empresas inclusivas

Artigo 73. Selo distintivo

Artigo 74. Empresas destinatarias

Artigo 75. Beneficios

Artigo 76. Validez do recoñecemento

TÍTULO V. Prevención da exclusión social nas zonas de intervención social especial

Artigo 77. Zonas de intervención social especial

Artigo 78. Declaración

Artigo 79. Plan integral de transformación

Artigo 80. Seguimento

TÍTULO VI. Órganos de control, seguimento e coordinación

Artigo 81. Órganos de control e seguimento

Artigo 82. Órgano de coordinación

TÍTULO VII. Réxime de competencias

Artigo 83. Competencias da Xunta de Galicia

Artigo 84. Competencias dos concellos

Artigo 85. Da colaboración entre administracións públicas

Disposición Adicional Primeira. Financiamento
Disposición Adicional Segunda. Información
Disposición Adicional Terceira. Referencias normativas

Disposición Transitoria Primeira. Determinación do importe das axudas de inclusión social

Disposición Transitoria Segunda. Capacidade económica derivada da disposición de bens patrimoniais dos que se deduza a existencia de medios suficientes para a subsistencia

Disposición Transitoria Terceira. Aplicación desta lei ás persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia regulada pola Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social

Disposición Derrogatoria Única. Expresa e xenérica

Disposición Primeira. Desenvolvemento normativo
Disposición Segunda. Entrada en vigor



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo dispón o artigo 27.23 do seu Estatuto de autonomía, ten competencia exclusiva en materia de servizos sociais e, facendo uso desa atribución, regulou e desenvolveu o Sistema Galego de Servizos Sociais, que ten como norma principal a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. A lei define os servizos sociais como servizo público, destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan, entre outros obxectivos, “facilitar recursos e itinerarios de integración social a quen se encontra en situación ou risco de exclusión social”. Así mesmo, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de promoción do desenvolvemento comunitario, tal como se recolle no artigo 27.24 do seu Estatuto de autonomía.


Con anterioridade á Lei 13/2008, do 3 de decembro, antes citada, partindo de 1991, a raíz dos acordos acadados no marco galego de diálogo cos axentes sociais, os poderes públicos galegos impulsaron e desenvolveron un conxunto de prestacións e medidas enfocadas directamente á loita contra a pobreza e a exclusión social. Así, no ano citado, aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, na cal se crearon a renda de integración social de Galicia (Risga) e as denominadas axudas de emerxencia social. Esta lei foi, pola súa vez, adaptada e modificada sucesivamente mediante a Lei 1/1999, do 5 de febreiro, e a Lei 16/2004, do 29 de decembro.

Así mesmo, no ano 2008, e como resultado dos acordos acadados no marco do diálogo social, incorpórase na disposición adicional cuarta da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o compromiso de revisar a normativa da renda de integración social de Galicia (Risga).

Durante 2010, declarado Ano Europeo de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social, e de novo no marco do diálogo social desenvolvido en Galicia, pactáronse as bases para unha nova lei galega de inclusión social. A presente lei, resultado dese diálogo social, recolle, ademais, os principios e criterios das institucións europeas e as avaliacións e recomendacións das organizacións especializadas do terceiro sector, así como as da Mesa Autonómica de Seguimento e Avaliación da Risga, órgano de

seguimento creado na citada Lei 9/1991, do 2 de outubro, ao longo de vinte anos de aplicación daquelas medidas.

Cómpre ter en conta, a ese respecto, a relevancia que nas recomendacións e ditames das institucións e autoridades da Unión Europea foi adquirindo a inclusión social. Xa no ano seguinte da publicación da Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, o Consello Europeo instou os Estados membros a recoñecer o dereito fundamental da persoa a recursos e prestacións suficientes para vivir conforme a dignidade humana, dentro dun dispositivo global e coherente de loita contra a exclusión social. E mesmo se referiu ao “acceso a este dereito sen límite de duración, sempre que se cumpran as condicións de acceso e quedando entendido que, concretamente, o dereito se poderá asignar por períodos de tempo limitados pero renovables”. Pero o máis relevante é que outorgaba a este dereito un carácter auxiliar respecto dos demais dereitos en materia social, derivado da necesidade de establecer, como obxectivo paralelo ás políticas públicas de carácter xeneralista en materia de benestar, a reinserción das persoas excluídas dos sistemas de dereito xeral. Deixábase claro, así, que os programas de renda mínima debían ser compatibles e articulados cos servizos sociais e co estímulo e o apoio na procura de emprego.



Precisamente no informe conxunto sobre protección e inclusión social 2009, adoptado polo Consello Europeo (Emprego, Política Social e Consumidores), mantense que a mellor protección contra a pobreza e a exclusión social é o emprego de calidade para as persoas que poden traballar, e recoñécese ademais que, para aquelas que non poden, é preciso prever “axudas aos ingresos” e fomentar a súa “participación social”. No mesmo documento salientase, ademais, como elemento decisivo no acceso aos servizos públicos do Estado social unha boa articulación entre eses servizos e, concretamente, unha coordinación efectiva “entre os servizos sociais e os de emprego, para superar os atrancos que impiden a participación plena e duradeira na sociedade e no mercado de traballo”.

En coherencia con todo o anterior, entre os obxectivos establecidos precisamente para o ano 2010, declarado Ano Europeo de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social, incluíase o de recoñecemento de dereitos ás persoas que viven nesas situacións. Así se expresaba no documento estratéxico marco da Comisión: “Recoñecer o dereito fundamental das persoas que se encontran en situación de

pobreza e exclusión social a vivir con dignidade e a desempeñar un papel activo na sociedade”. Desta maneira, recomendábase que a acción pública se enfocase decididamente a fomentar a autonomía destas persoas, a través do acceso a uns ingresos dignos, a servizos de interese xeral e ao mercado de traballo.

A inclusión activa asentouse claramente en todo este período como unha das prioridades da Unión e dos Estados membros e un eixe prioritario para os fondos estruturais, no marco de estratexias dos Estados membros e das rexións europeas en que se articulen medidas de acceso a ingresos mínimos con outras orientadas a mercados de traballo inclusivos e a servizos públicos de calidade. A xa citada Risga, coas súas sucesivas reformas, así como o primeiro (2000-2006) e o segundo (2007-2013) Plan galego de inclusión, cofinanciados polo FSE no marco do correspondente programa operativo, foron respondendo a esas directrices. Ambos os dous seguiron as recomendacións dos cumios de Lisboa (2000) e Niza (2001) e, estreitamente vinculados coa Risga, foron construíndo unha estratexia galega de inclusión social, respondendo, con orzamentos específicos, a aquela directriz de combinar medidas de ingresos mínimos con outras actuacións orientadas a compensar déficits de capacitación, de sociabilidade e de axuste persoal, así como a facer o mercado de traballo máis inclusivo e a facilitar o acceso en igualdade a servizos de calidade.

Por fin, a recentemente deseñada Estratexia 2020 confirma, aínda con máis claridade, a citada orientación. Comeza por establecer, como pórtico que dá sentido a toda a súa formulación, que do que se trata é de lograr un crecemento inclusivo, ademais de intelixente e sustentable. Por iso na Comunicación da Comisión “Europa 2020” -COM(2010) 2020- elaborada nun contexto de crise económica, propónse como obxectivo, interrelacionado con todos os demais, o de que o risco de pobreza se reduza en 20 millóns de persoas no conxunto da Unión e lanza como iniciativa emblemática a da creación dunha Plataforma Europea Contra a Pobreza “para garantir a cohesión social e territorial, de tal forma que os beneficios do crecemento e do emprego sexan amplamente compartidos e as persoas que sofren pobreza e exclusión poidan vivir dignamente e tomar parte activa na sociedade.”

Na Estratexia 2020 subliñase a necesidade de solucións equilibradas, “recoñecendo dereitos fundamentais ás persoas que sofren pobreza e exclusión” e despregando sistemas de aseguramento de rendas, ao tempo que se evita, tal como se subliña na

Comunicación da Comisión COM (2010) 758 sobre “a Plataforma Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social: un marco europeo para a cohesión social e territorial”, que as persoas “queden atrapadas nunha situación de dependencia das prestacións, a miúdo con dereitos que non abundan para sacalas da pobreza”.

En definitiva, trátase de avanzar no deseño de instrumentos legais e de servizos á cidadanía que equilibren tres aspectos básicos: o acceso a ingresos mínimos en situacións de grave pobreza e exclusión, o dereito a un acompañamento e apoio profesional e financeiro para adquirir novas capacidades e cualificacións e o dereito, unido á responsabilidade individual, de non permanecer nunha situación de dependencia crónica das prestacións públicas.

Estamos, logo, diante dunha lei galega de inclusión social que integra:

As prestacións económicas de activación/inserción vinculadas a itinerarios de traballo social e formativo personalizado e que se desenvolven desde os servizos sociais comunitarios.

Os itinerarios de inserción laboral son o marco de estímulo e promoción do emprego con colectivos de difícil inserción que se desenvolve desde a Administración laboral galega (políticas de acción positiva, sobre todo as empresas de inserción e os estímulos á creación de emprego destes colectivos).

II

A renda de integración social de Galicia, creada pola Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, configurouse como un dereito recoñecible que se desdobra en dous aspectos inseparables: atender necesidades básicas mediante unha prestación económica condicionada ao cumprimento dun proxecto de inserción.

A avaliación realizada no seo da Mesa Autonómica de Seguimento e Avaliación da Risga e en varios grupos de traballo de expertos a partir da posta en marcha do segundo Plan de inclusión social deu lugar ás primeiras propostas de reforma, partindo dos perfís específicos das persoas beneficiarias de longa e curta percepción e da experiencia acumulada polo persoal tramitador provincial, polos servizos

sociais comunitarios básicos e polos equipos técnicos do plan de inclusión.

No citado proceso detectouse que o perfil das persoas beneficiarias era dispar e que, así como había un colectivo que respondía ás expectativas da norma, iniciando procesos reais de reinserción aos cales se podía dar un contido laboral, tamén era importante o segmento de persoas beneficiarias para as cales, por diversas razóns, de carácter persoal, familiar ou social, non era razoable unha expectativa de activación e incorporación ao mercado de traballo, polo menos a curto ou medio prazo. Tratábase de colectivos moi diferentes aos que cumpriría dar unha resposta diferente. Por outra parte, a obriga de subscribir o proxecto de inserción en todas as circunstancias comportou, en moitos casos, por escaseza de recursos específicos, ou pola deterioración das situacións, unha perda do seu valor e eficacia. Aínda que esa escaseza inicial de recursos se viu corrixida polos plans de inclusión social, para os cales, ademais, foi decisiva a colaboración das entidades de iniciativa social, a propia experiencia de traballo dos equipos técnicos de inclusión sociolaboral confirmou a necesidade de repensar unha renda flexible e modular, con acompañamentos sociais e laborais diferenciados, en tramos de diferentes características.

Ese cambio exprésase no feito de que a presente lei reconece dous dereitos diferentes, aínda que relacionados, que se regulan e modulan de maneira separada: o dereito a uns ingresos mínimos, dereito que se corresponde co deber de vinculación cos servizos sociais comunitarios básicos e específicos a través do proxecto de integración social ou familiar; e un segundo dereito a un apoio económico e técnico personalizado no itinerario de cara á inserción no mercado de traballo, que se corresponde co compromiso de desenvolver as actividades pactadas nun documento escrito en que a formación adaptada, a aprendizaxe e a práctica laboral son, entre outros, aspectos decisivos.

Ademais, quedou establecido que era necesario tamén reformar e flexibilizar a norma para evitar que as fórmulas de cálculo empregadas para determinar a contía da prestación non tivesen un efecto desincentivador da progresiva incorporación laboral, especialmente cando se trata de traballos esporádicos e de menor contía, de aprendizaxes ou insercións temporais ou parciais. Máis ben ao contrario, estableceuse como criterio que a transición ao emprego había que tutelala e estimulala. De tal consideración deriva precisamente a definición dos tramos de

inserción e de transición ao emprego que esta nova lei define, así como o establecemento de compatibilidades con accesos parciais a emprego que a súa configuración permite.

O proceso descrito tivo en conta a oportunidade das posibles sinerxías derivadas do feito de ter integrada nun único departamento a xestión dos sistemas de servizos sociais e emprego, de maneira que a presente lei non se limite a unha mera reforma da Risga, senón que avance cara a unha estratexia coordinada entre os servizos sociais comunitarios municipais, o Servizo Público de Emprego de Galicia e as estruturas técnicas da consellería competente. Ese avance faise baixo o principio de que o itinerario das persoas para saíren da exclusión, con apoio público, sexa único, coherente e continuado, desde o social ao laboral. Desta maneira, xunto coa nova renda de inclusión social de Galicia e as axudas para a inclusión social, incorpórase nesta lei unha referencia ás empresas de inserción, acorde cos aspectos básicos da Lei estatal 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, lei que se dita ao abeiro das competencias exclusivas do Estado en materia de lexislación laboral, consonte o artigo 149.1.7 da Constitución española, e sen prexuízo das competencias autonómicas en materia de servizos sociais. Ademais, establécense accións positivas para o acceso daqueles colectivos aos beneficios derivados dos incentivos á contratación, á formación ocupacional, aos programas mixtos de emprego-formación e ao proceso de cualificación mediante certificación da experiencia e da formación non formal. Tamén, como aspectos novos, regúlanse o selo distintivo de empresa inclusiva e as bases para actuacións en zonas especiais. O primeiro, precisamente, para dar cobertura legal ao feito constatado da colaboración activa de certas empresas co Plan galego de inclusión social; e o segundo para facilitar unha actuación coordinada entre os concellos afectados pola existencia de áreas de alta concentración de problemáticas de exclusión social e os diversos departamentos da Xunta de Galicia.

Cómpre indicar, ademais, que a presente lei é coherente coa estrutura do Sistema de Servizos Sociais creada pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e con toda a experiencia acumulada nos plans galegos de inclusión social. A disposición da nova renda en tramos facilita a súa vinculación cos niveis en que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, estrutura os servizos sociais comunitarios. Así, o primeiro tramo, que se orienta a aspectos relacionados coa integración social e o axuste persoal de individuos ou unidades familiares con menores, sitúase na esfera

dos servizos sociais comunitarios básicos, nos cales a persoa profesional de referencia, o traballo social do caso e o programa de educación e apoio familiar desempeñan un papel determinante, así como na dos servizos sociais comunitarios específicos, que xa veñen funcionando no marco do plan de inclusión como equipos de inclusión sociolaboral. Pola súa parte, tanto no tramo de inserción como no de transición ao emprego, desempeñan un papel decisivo os dispositivos e medidas da área laboral: oficinas de emprego, servizos municipais de emprego, persoal de orientación, de intermediación, etc.

Tamén, en canto á diversidade de axentes que se definen na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, resulta a presente lei plenamente coherente. O sistema, de responsabilidade pública, está participado por varias administracións, por axentes sociais e por entidades do terceiro sector de acción social. Nos procedementos e sistemas de información de persoas usuarias que se definen nesta lei resulta determinante a cooperación activa entre os concellos e a Xunta de Galicia. Tamén é decisiva, especialmente cando se trata do traballo máis directo e continuado con persoas gravemente afectadas por factores de exclusión social, complementar a acción pública coa execución de accións e proxectos por parte das entidades de iniciativa social debidamente autorizadas.

III

A lei estrutúrase nun título preliminar, sete títulos, divididos pola súa vez en capítulos, tres disposicións adicionais, tres transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

No título preliminar establécese, en primeiro lugar, o obxecto da norma, indicando o alcance xeral dos dereitos que se regulan, e defínese, no seu artigo segundo, o ámbito subxectivo, para o que se establecen criterios para a determinación das situacións de exclusión ou risco de exclusión social, de maneira que, da valoración técnica desa situación por parte dos servizos sociais, se deduza a posición xurídica da cidadanía en relación con esta lei. Neste mesmo título inclúense o criterio de competencia e unha serie de principios xerais de aplicación e interpretación.

No título I regúlase a renda de inclusión social de Galicia, que substitúe a actual renda de integración social de Galicia. Este título estrutúrase en oito capítulos. No

capítulo I establécense disposicións de carácter xeral, a súa definición e estrutura por tramos, así como a definición e obxecto de cada tramo, o concepto da unidade de convivencia e os criterios e regras xerais de aplicación. Esa estrutura é a que permite diferenciar entre o dereito a un mínimo vital, dereito que se modula e configura de maneira separada á laboralización, e o dereito a participar nun itinerario de inserción laboral. No capítulo II regúlanse os requisitos de acceso e expóñense as regras de compatibilidade de ingresos e prestacións. A este respecto garántese que as persoas beneficiarias teñan unha vinculación cos servizos sociais comunitarios co fin de facer un seguimento dos procesos personalizados de inserción, así como unha idade mínima que determine que nos encontramos nunha situación ou risco de exclusión social e non ante unha simple ausencia de recursos ao alcanzar a idade laboral, todo iso establecendo un límite de recursos económicos así como a necesidade de que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de prestar alimentos, e establécese para todos os requisitos unha serie de excepcións. Nos capítulos III, IV e V figuran as normas aplicables aos tramos persoal e familiar, de inserción e de transición ao emprego. O capítulo VI, dividido en dúas seccións, trata do procedemento para a tramitación da renda de inclusión así como do procedemento abreviado para os casos de vítimas de violencia de xénero. O capítulo VII contén as obrigas e compromisos que contraen as persoas beneficiarias e no capítulo VIII contémplase a regulación dos supostos de modificación, suspensión e extinción.

O título II recolle a definición e as normas de aplicación para a asignación das axudas de inclusión social. Defínese o obxecto e a natureza destas axudas, establécese a súa tipoloxía, os requisitos necesarios para a súa percepción, criterios de límite de contía e temporalidade, así como todo o relativo á tramitación, resolución, pagamento, xustificación, cando procede, e impugnación.

No título III, no capítulo I, dispóñense os diferentes instrumentos para facer efectiva a inclusión activa das persoas beneficiarias das prestacións que se regulan. Así, abórdase, en primeiro lugar, o proxecto de integración social, no tramo básico, así como, cando sexa o caso, o acordo para a integración socioeducativa das persoas menores. No mesmo capítulo defínese o convenio para a inclusión sociolaboral con compromiso de actividade, que está vinculado ao tramo de inserción. O capítulo II está dedicado ao plan de inclusión e aos servizos sociais comunitarios específicos para a inclusión, consonte o establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de

servizos sociais de Galicia, e que se concretan nunha rede territorializada de equipos para apoiar os procesos individuais de incorporación social e laboral. Ademais, establécense as bases para o fomento de actividades e proxectos específicos desenvolvidos por entidades de iniciativa social para capacitar as persoas participantes no plan de inclusión e mellorar as súas habilidades sociais e a súa empregabilidade.

No título IV establécense os mecanismos de acción positiva na formación para o emprego e as demais políticas activas de emprego a favor das persoas en situación ou risco de exclusión social, incorporando, no capítulo I, criterios de coordinación entre o Sistema Galego de Servizos Sociais e o Sistema Público de Emprego de Galicia. No capítulo II defínense e regúlase os aspectos básicos das empresas de inserción, incorporando normas que establece a Lei estatal 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción. No capítulo III recóllense as medidas para favorecer o acceso á formación ocupacional e ao emprego das persoas que participan nos itinerarios que define a presente lei e no capítulo IV regúlase o selo de empresa inclusiva.

No título V regúlase a declaración de zona de intervención social especial establecendo criterios xerais de coordinación para a actuación en áreas urbanas ou periurbanas nas cales se acredite unha concentración significativa e anómala de situacións de exclusión social.

No título VI, dedicado á coordinación e participación, establécense, como órganos de control e seguimento os previstos no artigo 40 e seguintes da Lei de servizos sociais de Galicia: o Consello Galego de Benestar Social e a Mesa Galega de Servizos Sociais. Así mesmo, tamén se prevé unha comisión interdepartamental de servizos sociais e inclusión social, a que fai referencia o artigo 65 da Lei de servizos sociais de Galicia, como órgano de coordinación dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia que incidan na mellora do benestar da cidadanía galega.

Finalmente, no título VII defínense as competencias da Xunta de Galicia e dos concellos nesta materia, destacando a necesidade do desenvolvemento de procedementos de coordinación para facilitar, entre outras cosas, a colaboración na aplicación das medidas establecidas nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

Esta lei foi sometida ao ditame do Consello Económico e Social de Galicia e do Consello Galego de Relacións Laborais.



TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións Xerais

Artigo 1. Obxecto

1 A presente lei ten por obxecto establecer e regular un conxunto de dereitos e recursos específicos para as persoas en situación ou risco de exclusión social, co fin de mellorar a cohesión e a inclusión social en Galicia.

2. Na presente lei regúlanse, en concreto, as condicións de participación da cidadanía galega nos servizos e prestacións para a inclusión social e, de maneira específica, a natureza e o exercicio do dereito de percepción da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social, en canto prestacións económicas de carácter esencial dentro do Sistema Galego de Servizos Sociais, segundo o establecido no artigo 21 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

3. Regúlanse, ademais, nesta lei, os dereitos e obrigas dos perceptores das citadas prestacións en relación coa súa participación en itinerarios personalizados que, co apoio do Sistema Galego de Servizos Sociais e do Sistema Público de Emprego de Galicia, permitan acadar a súa autonomía e inserción sociolaboral, así como as bases para o deseño e execución coordinada de políticas activas desde os diversos ámbitos de actuación pública, dirixidas a sectores de poboación en situación ou risco de exclusión social.



Artigo 2. Ámbito subxectivo

Os dereitos declarados e regulados nesta lei recoñeceranse a aquelas persoas que o Sistema Galego de Servizos Sociais, creado pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, valore como persoas en situación ou risco de exclusión social.



Artigo 3. Criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social

1. Para a valoración técnica da situación ou risco de exclusión social, e de conformidade co establecido nesta lei e na normativa de desenvolvemento, verificarase a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos factores de exclusión seguintes, cando esa condición supoña especiais dificultades de integración social ou laboral:

- a) Estar nunha situación de cargas familiares non compartidas.
- b) Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias aditivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.
- c) Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.
- d) Ter unha discapacidade valorada superior ao 33 %.
- e) Ser inmigrante ou emigrante retornado.
- f) Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.
- g) Proceder de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria.
- h) Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.
- i) Pertencer a unha minoría étnica.
- j) Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.
- k) Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.
- l) Calquera outro factor non previsto expresamente neste artigo sempre que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral.

2. Ademais da valoración técnica da situación ou risco de exclusión social de acordo cos criterios expostos no artigo anterior, para o acceso á renda de inclusión social de Galicia e ás axudas de inclusión social teranse en conta os requisitos específicos regulados nesta lei para cada unha das citadas prestacións económicas consonte a súa natureza e obxecto.

3. Sen prexuízo das incompatibilidades e dos criterios de acceso por razón de

ingresos ás prestacións económicas reguladas nesta lei, poderanse valorar como persoas en situación de risco de exclusión e, en consecuencia, incorporarse ao resto de medidas positivas de apoio, aquelas persoas en que concorran factores de exclusión social sinalados no punto primeiro deste artigo, aínda que realicen actividades laborais de baixa remuneración que pola súa natureza descontinua ou parcial non garantan unha inserción social e laboral.

4. Establecerase regulamentariamente o procedemento de valoración e cualificación da situación ou risco de exclusión social de acordo cos criterios establecidos no primeiro número deste artigo, así como a incorporación dos datos necesarios aos correspondentes sistemas de información da Administración xeral da Comunidade Autónoma necesarios para o mantemento do expediente social único, garantindo, en todo caso, os dereitos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e a normativa que a desenvolve.

Artigo 4. Criterio de competencia

O recoñecemento dos dereitos que se regulan nesta lei, así como o desenvolvemento regulamentario da dita regulación e a aplicación das medidas necesarias para facelos efectivos, corresponderanlles aos órganos competentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma en colaboración cos concellos, conforme o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e no título sétimo desta lei.




Artigo 5. Principios xerais de aplicación e interpretación

As actuacións que se desenvolvan desde as administracións públicas para a aplicación das medidas establecidas nesta lei rexeranse, ademais de polos principios xerais de servizos sociais recollidos no artigo 4 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, polos seguintes principios de aplicación e interpretación:

1. Integración, coordinación e transversalidade: as medidas recollidas nesta lei instrumentaranse principalmente desde o Sistema Galego de Servizos Sociais e o Sistema Público de Emprego de Galicia, reforzando as estruturas xa existentes, evitando duplicidades e favorecendo a eficiencia no uso dos recursos públicos. Sen prexuízo da especificidade das medidas aquí reguladas para a inclusión social, as políticas públicas da Xunta de Galicia en sanidade, educación, vivenda e desenvolvemento rural, entre outras, deseñaranse tendo en conta o seu impacto na inclusión social, a necesaria coordinación e as posibles accións positivas para logro daquel obxectivo estratéxico.
2. Acción positiva: todas as actuacións impulsadas a partir da presente norma, na súa aplicación concreta, procurarán compensar as tendencias e situacións consolidadas de marxinación e de déficit de oportunidades de grupos e colectivos sociais. De maneira especial, ademais, manterase unha actuación positiva a prol da igualdade de xénero.
3. Equidade e reequilibrio territorial: os deseños e decisións sobre distribución de recursos técnicos, financeiros e humanos polo territorio galego terán en conta a necesidade de compensar as tendencias estruturais á exclusión territorial, como consecuencia da crise demográfica, o despoboamento e a desigualdade efectiva de oportunidades e servizos entre áreas sociais de Galicia.
4. Inclusión activa e solidaria: os recursos públicos para facer efectivos os dereitos que esta lei regula fan posible unha mellora das oportunidades reais de inclusión social e laboral das persoas que deles se benefician. De maneira correlativa e solidaria co resto da cidadanía implican a obriga das persoas beneficiarias de participar activamente nos procesos de mellora da súa integración social, así como de adquirir hábitos, destrezas e competencias

persoais e profesionais, para o logro da súa autonomía e inclusión social e laboral, de acordo co itinerario e os compromisos establecidos.

5. Participación e diálogo social: a Xunta de Galicia manterá abertas as canles de diálogo social institucional cos axentes sociais no seguimento das medidas reguladas nesta lei de cara á súa mellora, adaptación e perfeccionamento.
6. Responsabilidade pública e solidariedade social: os poderes públicos galegos desenvolverán as medidas reguladas nesta lei mediante a rede pública de servizos sociais e de emprego, sen prexuízo do fomento da participación e da colaboración complementaria das entidades de iniciativa social tanto na aplicación de recursos contra a exclusión como na mellora continua do sistema. Para estes efectos, poderanse subscribir convenios de colaboración de acordo co establecido na lexislación vixente.
7. Responsabilidade empresarial: os poderes públicos colaborarán coas empresas nos procesos de inclusión social e fomentarán a responsabilidade social empresarial para estes efectos.



TÍTULO I

A renda de inclusión social de Galicia (RISGA)

CAPÍTULO I


Disposicións Xerais

Artigo 6. Definición, obxectivos e natureza xurídica

1. A renda de inclusión social de Galicia é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber a participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema Galego de Servizos Sociais e do Sistema Público de Emprego de Galicia.
2. A percepción da renda de inclusión social de Galicia é un dereito subxectivo de acordo coas condicións, requisitos e obrigas regulados nesta lei.
3. A renda de inclusión social de Galicia, en canto prestación económica, terá carácter alimenticio, persoal e non transmisíbel, e non poderá ser obxecto de embargo ou retención, nin darse en garantía de obrigas.
4. Así mesmo, a renda de inclusión social de Galicia será subsidiaria e incompatible coas pensións non contributivas ou con calquera outra prestación ou pensión de contía igual ou superior á das ditas pensións. Calquera outro ingreso, así como as pensións e prestacións de importe inferior ao da pensión non contributiva percibidas pola persoa solicitante da renda de inclusión social de Galicia, non impedirán o acceso a ela, pero descontarase do seu importe, coas excepcións sinaladas neste título. Así mesmo, os ingresos, pensións ou prestacións percibidas por outras persoas integrantes da unidade de convivencia distintas da titular serán compatibles e deducibles do importe da renda nos termos sinalados neste título sobre o cómputo de ingresos.

Artigo 7. Estrutura da renda de inclusión social de Galicia

A renda de inclusión social de Galicia configúrase en tres tramos, denominados: tramo persoal e familiar, tramo de inserción e tramo de transición ao emprego.




Artigo 8. Tramo persoal e familiar

1. Poderanse beneficiar do tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia aquelas persoas que se encontren en situación ou risco de exclusión social conforme o artigo 3 da presente lei e cumpran os requisitos de acceso regulados neste título.
2. Os servizos sociais comunitarios básicos realizarán a valoración técnica da situación sociofamiliar e da idoneidade da prestación.



Artigo 9. Tramo de inserción

1. Poderanse beneficiar do tramo de inserción da renda de inclusión social de alicia aquelas persoas que se encontren en situación ou risco de exclusión social conforme o artigo 3 da presente lei e que se vinculen a un itinerario de inserción no mercado de traballo mediante un convenio de inclusión de duración determinada cun contido formativo ou laboral.
2. Para tales efectos, a formación programada deberá estar adaptada á persoa e ao mercado laboral circundante e deberá ter un impacto claro na mellora das posibilidades reais de emprego.
3. Con carácter xeral promoverase que as persoas beneficiarias do tramo persoal e familiar se beneficien do tramo de inserción sempre que sexa posible consonte os requisitos e procedementos establecidos nesta lei.



Artigo 10. Tramo de transición ao emprego

1. Poderanse beneficiar do tramo de transición ao emprego as persoas beneficiarias da renda no tramo persoal e familiar ou no tramo de inserción co obxectivo de incentivar e facilitar o seu acceso a un emprego mediante o pagamento dun complemento de transición, en diminución gradual e progresiva, por un período máximo de seis meses.
2. Con carácter xeral promoverase que as persoas beneficiarias do tramo de inserción pasen ao tramo de transición ao emprego sempre que sexa posible.



Artigo 11. Unidade de convivencia. Criterios e regras de aplicación

1. Como regra xeral concederáse unha soa renda por domicilio, entendido como marco físico de aloxamento da unidade de convivencia de que forma parte a persoa titular da prestación.
2. Para os efectos do previsto nesta lei considerarase unidade de convivencia o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente.
3. Dentro da unidade de convivencia da persoa solicitante determinarase a persoa que deba ter a consideración de titular da prestación. En condicións equiparables, aplicarase o criterio de acceso preferente das mulleres á titularidade da renda de inclusión social de Galicia. Sen prexuízo da aplicación do dito criterio, o traballo social e educativo así como os obxectivos de inserción laboral que se establezan, poderán implicar os demais membros da unidade de convivencia.
4. Excepcionalmente, sempre que exista unha solicitude motivada ao respecto polos servizos sociais comunitarios, poderanse aboar dúas rendas a persoas residentes nun mesmo domicilio, cando quede acreditado que se trata dunha situación en que unha persoa con cargas familiares non compartidas se ve na necesidade de acollerse noutro fogar independente.
5. Así mesmo, cando así se xustifique no correspondente proxecto de integración social, tendo en conta, se é o caso, a información obtida para o efecto por requirimento dos servizos sociais comunitarios, poderase conceder unha renda por persoa nos seguintes supostos de residencia colectiva:
 - a) Centros de acollida e inclusión, públicos ou dependentes de entidades de iniciativa social, sempre que estean debidamente autorizados polo órgano competente do Sistema Galego de Servizos Sociais e conste a existencia de seguimento plasmado nun proxecto personalizado de integración social.

- b) Establecementos de aloxamento hoteleiros e casas particulares en réxime de pensión, nas cales medie contraprestación económica e así se faga constar no expediente.
- c) Aquelas instalacións de centros ou comunidades terapéuticas debidamente autorizadas que acollan persoas que vivan nelas de xeito estable ou temporal, coa finalidade de acadar a súa integración, así como as vivendas tuteladas que acollan persoas afectadas de discapacidade ou que padezan enfermidade mental.
- d) Excepcionalmente, as vivendas habitadas por agrupacións voluntarias de convivencia, cando a xuízo do órgano de resolución e por proposta expresa dos servizos sociais comunitarios municipais correspondentes se considere conveniente o fomento ou mantemento desa agrupación para acadar unha maior calidade de vida e a integración social das persoas que a constitúen.
6. En todo caso, a unidade de convivencia beneficiaria non perderá esta condición cando, por causa de forza maior, accidente ou desafiuzamento, se vexa obrigada a residir temporalmente con outra.
7. No caso de privación de liberdade da persoa titular poderá seguir percibindo a renda outra persoa da unidade de convivencia sempre que se cumpran os requisitos para a súa percepción e se deseñe un novo proxecto de integración social adaptado ás novas circunstancias familiares.


CAPÍTULO II

Requisitos xerais de acceso

Artigo 12. Requisitos xerais de acceso á renda de inclusión social de Galicia

Terán dereito a solicitar a renda de inclusión social de Galicia as persoas que se encontren nunha situación tecnicamente valorada de exclusión social ou de risco de exclusión social, consonte o artigo 3 desta lei, e que, sen prexuízo das excepcións establecidas nos artigos seguintes, reúnan os seguintes requisitos:


- a) Ter residencia efectiva e constatada polos servizos sociais comunitarios responsables de desenvolver as accións que se deseñen no correspondente proxecto de integración social, e estar empadroad/a en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega, polo menos durante os seis meses anteriores á presentación da solicitude de valoración, computándose para estes efectos os períodos de empadramento sucesivo en distintos concellos galegos.
- b) Ter residencia legal.
- c) Ter máis de vinte e cinco anos.
- d) Dispor na unidade de convivencia de ingresos inferiores ao importe do tramo persoal e familiar que lle correspondería e, ademais, non dispor de bens patrimoniais dos cales se deduza a existencia de medios suficientes para a subsistencia, de acordo cos criterios de cómputo establecidos no artigo 11 desta lei.
- e) Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de lles prestar alimentos de acordo coa lexislación civil, e tendo en conta o disposto no artigo 16 desta lei.



Artigo 13. Residencia e empadramento


Quedan eximidas do cumprimento do requisito xeral de residencia e empadramento:

- a) Aquelas persoas que, procedentes doutras comunidades autónomas do Estado español, sexan beneficiarias do sistema de rendas mínimas na comunidade autónoma da cal proceden, sempre que na lexislación da citada comunidade autónoma se recolla a reciprocidade ou convenio específico para o efecto.
- b) As vítimas de violencia doméstica ou de violencia de xénero que cambian o seu domicilio por motivos de seguridade.
- c) As persoas emigrantes galegas, nos termos sinalados no artigo 3 do Estatuto de autonomía de Galicia, cando fixasen a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, aquelas persoas nadas en Galicia que, residindo noutras comunidades autónomas, volvan fixar a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma galega.
- d) Quen teña recoñecida a condición de persoa refuxiada polo organismo competente da Administración xeral do Estado, ou aquelas persoas cuxa solicitude de asilo se admitise a trámite ou, non admitíndose, teñan os/as solicitantes autorizada a súa permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social, no marco da lexislación reguladora do dereito de asilo e a condición de persoa refuxiada e da normativa reguladora dos dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e da súa integración social.



Artigo 14. Residencia legal

1. Ademais da residencia efectiva, os cidadáns e as cidadás de Estados non membros da Unión Europea precisarán acreditar a residencia legal en España no momento da presentación da solicitude.
2. Para os efectos do disposto no número anterior considerárase acreditado o requisito de residencia legal nos supostos de persoas vítimas de trata de seres humanos ou de mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero que contén cunha autorización de residencia ou traballo por circunstancias excepcionais nos termos que estableza a normativa de aplicación en materia de estranxeiría.
3. Queda exceptuado do requisito da residencia legal quen teña recoñecida a condición de persoa refuxiada polo organismo competente da Administración xeral do Estado, ou aquelas persoas cuxa solicitude de asilo se admitise a trámite ou, non admitíndose, teñan os/as solicitantes autorizada a súa permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social, no marco da lexislación reguladora do dereito de asilo e a condición de persoa refuxiada e da normativa reguladora dos dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e da súa integración social.




Artigo 15. Idade

Poderanse exceptuar do requisito xeral de idade expresado no artigo 10 desta lei as persoas que teñan menores ao seu cargo e, ademais, aquelas persoas maiores de dezaoto anos en que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que antes de alcanzar a maioría de idade estivesen tuteladas pola Xunta de Galicia e internadas nun centro de menores ou en acollemento familiar.
- b) Que, tendo recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % consonte o establecido na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, non teña dereito a prestación ou axuda de igual ou análoga natureza.
- c) Que estean en situación de orfandade absoluta e non teñan dereito a outras prestacións ou axudas de análoga natureza.
- d) Que procedan dun centro de internamento de institucións penitenciarias.
- e) Que leven tres anos vivindo nun domicilio independente e que cotizasen, polo menos, dous anos á Seguridade Social.
- f) Que se acredite que a persoa é vítima de violencia doméstica ou violencia de xénero.
- g) Que os servizos sociais comunitarios acrediten a existencia da concorrencia de varios factores de exclusión social dos relacionados no artigo 3.

Artigo 16. Persoas obrigadas a prestar alimentos

1. A xuízo do órgano de resolución, poderanse eximir do requisito xeral da non existencia de persoas obrigadas a prestar alimentos os solicitantes de quen se prevea que a obriga dos alimentos non se poida facer efectiva por malos tratos, relacións familiares deterioradas ou inexistentes, do que exista constancia no expediente.
2. Non obstante, considérase que non teñen a obriga de prestar alimentos as persoas con parentesco que, en atención ás circunstancias socioeconómicas concorrentes, non poden facer fronte ou atender as necesidades básicas da unidade familiar solicitante sen desatender as propias necesidades ou as de familiares ao seu cargo. As circunstancias constarán claramente no informe social correspondente.



Artigo 17. Criterios de cómputo de recursos económicos

1. Para os efectos do previsto no artigo 12 entenderanse como recursos económicos de que dispón a unidade de convivencia os seguintes:
 - a) Ingresos: o total de ingresos que perciba no momento da solicitude a persoa solicitante ou aquelas que constitúan a unidade de convivencia en concepto de rendementos do traballo ou de actividades económicas: retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios, prestacións de pagamento único ou por calquera outro concepto. Así mesmo, as cantidades percibidas en concepto de rendementos do capital mobiliario e inmobiliario, alugamentos ou similares, así como rendementos do patrimonio.
 - b) Bens patrimoniais, depósitos bancarios e contas correntes ou de aforro. Terán a consideración de bens patrimoniais para os efectos deste artigo os bens mobles ou inmobles sobre os cales se posúa un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro de análoga natureza, con excepción da vivenda habitual destinada ao seu uso.

Estableceranse regulamentariamente os supostos de disposición de bens patrimoniais de que se deduza a existencia de medios suficientes para a subsistencia.

2. Nos termos previstos regulamentariamente non se considerarán como recursos económicos de que dispón a unidade de convivencia os que seguen:
 - a) Os ingresos non regulares de escasa contía que unicamente resulten un complemento de supervivencia.
 - b) Os ingresos de carácter finalista dirixidos á formación regrada.
 - c) Os ingresos por asistencia a cursos de formación nor. regrada, sempre que pola súa natureza e menor contía se deduza que só remuneran os gastos de asistencia ao curso ou incentivan a formación.
 - d) Os ingresos de carácter finalista dirixidos a paliar situacións de emerxencia social.
 - e) As prestacións familiares por fillo ou filla menor a cargo xeradas

polas persoas integrantes da unidade de convivencia.



Artigo 18. Criterios xerais para o caso específico das prestacións económicas para a atención das persoas en situación de dependencia

1. No caso das persoas que perciban prestacións públicas derivadas da aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, aplicaranse as regras establecidas neste artigo.
2. As libranzas para adquisición de servizos ou para asistente persoal que se perciban na unidade de convivencia da persoa beneficiaria da renda de inclusión social de Galicia constituirán ingresos compatibles e non deducibles por ter como finalidade a adquisición do correspondente servizo.
3. Cando no fogar da persoa beneficiaria da nova renda se perciba a libranza para coidados no ámbito familiar, aplicarase a regra da compatibilidade e dedución destes ingresos.



CAPÍTULO III

O tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia

Artigo 19. Requisitos específicos do tramo persoal e familiar

1. Para ter dereito a percibir o tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia deberanse reunir os requisitos xerais de acceso regulados no artigo 12 e seguintes e establecerse unha vinculación cos servizos sociais comunitarios.
2. A vinculación cos servizos sociais comunitarios implicará a subscrición dun proxecto de integración social, que incluírá, se é o caso, compromisos relativos ao desenvolvemento e axuste persoal da persoa beneficiaria e a asignación dunha ou dun profesional de referencia.
3. No caso de que existan menores subscribirase, cando os servizos sociais comunitarios o consideren necesario para garantir o seu benestar e dereitos sociais, como documento separado e anexo ao proxecto de integración social, un acordo expresivo dos compromisos en relación coa integración socioeducativa dos e das menores, nos termos establecidos no artigo 55 desta lei. No momento da revisión anual avaliarase o cumprimento destes compromisos.



Artigo 20. Composición do tramo persoal e familiar

1. A renda de inclusión social de Galicia no tramo persoal e familiar estará formada por un ingreso mínimo destinado a garantir as necesidades básicas e o axuste persoal e, de ser o caso, por uns complementos familiares.
2. No caso de que para o cumprimento do proxecto de integración social se xustificasen ademais outros gastos de carácter extraordinario nos eventuais procesos de axuste persoal, poderanse habilitar axudas de inclusión para este fin.
3. Poderá, ademais, aboarse, nos termos e condicións que se establecen nesta lei e no seu desenvolvemento, un complemento de alugamento.

Artigo 21. Contido económico do tramo persoal e familiar


1. A contía do ingreso mínimo do tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia será equivalente ao 75 % do importe mensual do indicador público de renda de efectos múltiples, fixado na lexislación específica que resulta aplicable.

2. O complemento familiar será de aplicación ás persoas pertencentes á unidade de convivencia que, con respecto á persoa titular, manteñan un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente. A contía que se concederá nestes supostos será a seguinte:

- Primeiro/a convivente adicional: o 14 % do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).
- Segundo/a convivente adicional: o 12 % do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).
- Terceiro/a e sucesivos/as conviventes adicionais: o 10 % do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples por persoa (IPREM).

3. En todo caso, a contía do tramo persoal e familiar terá un límite máximo do 120 % do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM), salvo que existan menores, suposto en que o límite máximo sería o 135 % do dito indicador.

4. O importe que percibirá cada persoa beneficiaria estará constituído pola diferenza entre a contía mensual da renda que lle correspondese e a dos recursos económicos de que dispoña. Para o caso de desconto de ingresos, establécese como importe mínimo do tramo persoal e familiar o do 25 % do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).



5. Estableceranse regulamentariamente os supostos de aplicación do complemento de alugamento, que poderá acadar como máximo o 25 % do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM), así como os casos de percepción do dito complemento en que, pola composición familiar con presenza de menores, se exceptúe o seu cómputo para os efectos de superación dos límites que se establecen con carácter xeral no número 3 deste artigo. En calquera caso, para o cobramento do dito complemento, deberá constar no informe social que o mantemento do contrato de arrendamento da vivenda é necesario para acadar os obxectivos establecidos no proxecto de integración social. En calquera caso, mentres non se realice o desenvolvemento regulamentario anteriormente sinalado, só será aplicable cando quede acreditado que a contía do alugamento importa polo menos o 40 % dos ingresos totais da unidade de convivencia, que se carece de vivenda en propiedade e que entre a persoa arrendataria e arrendadora non existe relación de parentesco por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o terceiro grao, nin relación conxugal nin de unión estable e de convivencia.



Artigo 22. Duración do dereito de percepción do tramo persoal e familiar

1. O dereito de percepción do tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia será anual e prorrogable se subsisten as circunstancias que xustificaron a súa concesión.
2. A prórroga do dereito de percepción do tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia estará suxeita a unha revisión anual na cal se verificará o cumprimento dos requisitos de acceso, a vixencia da valoración técnica de situación ou risco de exclusión e a idoneidade do recurso para o logro dos obxectivos da renda de inclusión social de Galicia. Verificarase, así mesmo, a efectiva vinculación cos servizos sociais nos termos e cos compromisos establecidos no proxecto de integración social e, cando sexa o caso, no de integración socioeducativa dos e das menores.



Artigo 23. Acción positiva de xénero

Por proposta dos servizos sociais comunitarios, en condicións de igualdade de cumprimento dos requisitos, darase preferencia no acceso á titularidade desta prestación a unha das mulleres integrantes da unidade de convivencia.



CAPÍTULO IV

O tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia

Artigo 24. Requisitos específicos do tramo de inserción

1. Para poder acceder ao tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia deberanse reunir os requisitos xerais de acceso á renda de inclusión social conforme o artigo 12 e seguintes desta lei, así como as condicións para incorporarse a un itinerario de formación-emprego segundo o informe dos servizos sociais e o diagnóstico de empregabilidade. Será necesario subscribir un convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade, que deberá reunir os requisitos e características expresados no artigo 56 desta lei.

2. Para tales efectos os servizos sociais comunitarios remitirán a información pertinente ao persoal técnico de orientación laboral do servizo público de emprego que, de ser o caso, poderá solicitar información complementaria ás entidades de iniciativa social que colaborasen en cada caso concreto.



Artigo 25. Diagnóstico de empregabilidade

Establecerase regulamentariamente o formato e contido do diagnóstico de empregabilidade que como mínimo deberá incluír información relativa aos seguintes aspectos:

- a) Estado de saúde compatible coa actividade laboral.
- b) Nivel de alfabetización básica.
- c) Especialización ou destrezas adquiridas por experiencia previa.
- d) Capacidades, dispoñibilidade e actitude positiva para a adquisición das habilidades precisas para a participación nas actividades de tipo prelaboral e laboral que se substancien no convenio de inclusión adaptado ao seu caso.
- e) No caso de persoas con residencia cualificada de tipo chabolista, a participación efectiva nun proceso de realoxamento, nos casos en que proceda.


Artigo 26. Límite de acceso ao tramo de inserción

1. Unha vez concluída a percepción do tramo de inserción, a persoa interesada só poderá solicitar unha nova incorporación a este tramo unha vez transcorridos doce meses.
2. Para estes efectos, realizarase unha avaliación do nivel de cumprimento dos compromisos adquiridos no anterior convenio de inclusión sociolaboral, e xuntarase ao expediente un novo diagnóstico de empregabilidade que xustifique a pretensión dun novo acceso a este tramo.
3. O órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial poderá resolver unha nova incorporación efectiva a este tramo unha vez transcorridos dezaoto meses desde a súa finalización.



Artigo 27. Composición do tramo de inserción

A contía económica correspondente ao tramo de inserción, que se acumula ao ingreso mínimo de carácter básico expresado no artigo 21, estará vinculada ás políticas activas de emprego, tendo como finalidade incentivar o cumprimento do itinerario de inserción sociolaboral, garantir a renda familiar mentres dure o dito itinerario e indemnizar os gastos que deriven da participación nas actividades que correspondan.



Artigo 28. Contido económico do tramo de inserción

A contía deste complemento de inserción poderá acadar un máximo dun 50 % do importe mensual do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). Modularanse regulamentariamente os criterios de gradación e límites do importe que corresponda, así como, se é o caso, os que deriven da cobertura de determinados gastos necesarios para o cumprimento do convenio de inclusión.

Artigo 29. Duración do tramo de inserción e do convenio de inclusión sociolaboral

A duración do tramo de inserción e, en consecuencia, do itinerario descrito no convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade será como máximo de 12 meses, prorrogable por seis meses máis en función do cumprimento dos obxectivos ata un máximo total de 18 meses, sen prexuízo da subscrición dun novo convenio de inclusión sociolaboral no suposto de que, a xuízo dos/das técnicos/as do Servizo Público de Emprego de Galicia, sexa preciso potenciar a empregabilidade das persoas beneficiarias que non accedesen ao tramo de transición.

Artigo 30. Medidas de apoio, compromisos das persoas beneficiarias e acción positiva de xénero

1. A percepción do tramo de inserción, ademais da prestación económica que corresponda, comportará un apoio e seguimento profesional orientado á formación adaptada, á mellora da empregabilidade e á inserción ou reinserción real e efectiva no mercado de traballo. Tamén se poderá enfocar á adquisición de habilidades emprendedoras cara ao traballo autónomo ou calquera das formas de economía social.
2. De conformidade co artigo 56 desta lei, o convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade expresará as actividades de mellora da empregabilidade da persoa beneficiaria para a súa incorporación ao mercado de traballo. O pagamento do tramo de inserción estará condicionado ao control do cumprimento do dito convenio, con seguimento coordinado dos servizos sociais comunitarios e dos servizos públicos de emprego responsables da organización de actividades incluídas nos correspondentes itinerarios.
3. A subscrición do convenio de inclusión sociolaboral no presente tramo é obrigatoria en todo caso.
4. En condicións equiparables darase preferencia no acceso a este tramo como titular a unha das mulleres integrantes da unidade de convivencia.



CAPÍTULO V

O tramo de transición ao emprego

Artigo 31. Natureza, requisitos específicos e duración

1. O tramo de transición consistirá nun complemento de ingresos gradualmente descendente e por un período taxado de tempo para estimular e favorecer a incorporación a un posto de traballo.
2. Poderán percibir o tramo de transición ao emprego aquelas persoas que xa perciban a renda de inclusión social de Galicia e accedan a unha actividade laboral remunerada.
3. O tramo de transición aboarase por un máximo de seis meses.



Artigo 32. Contido prestacional do tramo

1. Cando a persoa beneficiaria acceda a un traballo con ingresos superiores aos da renda de inclusión social de Galicia que viña percibindo, no primeiro mes do dereito de cobramento deste tramo, que coincidirá co mes en que se accede á actividade laboral remunerada, o tramo de transición poderá suplementar a cantidade percibida en cómputo mensual pola persoa traballadora ata completar un máximo do 135 % do salario mínimo interprofesional.
2. Nos meses seguintes a cantidade aboada reducirase de maneira gradual, de acordo cos criterios regulamentariamente establecidos.
3. A partir do sétimo mes, sempre que non varíen as circunstancias determinantes para o dereito de percepción establecidas nesta lei, procederase á extinción da renda de inclusión social de Galicia.



Artigo 33. Criterios de aplicación no caso de acceso a rendas de traballo inferiores á renda de inclusión social de Galicia

1. No caso de que a persoa acceda a unha actividade laboral regular con ingresos inferiores ao importe que viña percibindo da renda de inclusión social de Galicia, o acceso a este tramo comportará a non aplicación das regras xerais de desconto de ingresos, de acordo co establecido nos números seguintes.
2. No primeiro mes de cobramento o tramo de transición poderá suplementar a cantidade percibida en cómputo mensual pola persoa traballadora ata completar un máximo do 135 % do salario mínimo interprofesional. Nos meses seguintes a cantidade aboada reducirase de maneira gradual, de acordo cos criterios regulamentariamente establecidos.
3. En todo caso, garantirase que a suma da Risga e do salario percibido non sexa inferior á Risga que se viña percibindo.
4. A partir do sétimo mes determinarase se subsiste o dereito a percibir a renda de inclusión social modificada de acordo cos criterios xerais de acceso e desconto de ingresos establecidos nesta lei.



Artigo 34. Medidas de apoio

Durante a percepción do tramo de transición valorarase a suspensión de forma total ou parcial da participación nas medidas de apoio e actividades establecidas no proxecto de integración social ou no convenio de inclusión sociolaboral. Para estes efectos, valorarase, así mesmo, a necesidade de realizar unha titoría do proceso de incorporación laboral, así como a posibilidade e a conveniencia de continuar desenvolvendo parte daqueles proxectos de maneira simultánea coa nova actividade laboral.



CAPÍTULO VI
Tramitación
SECCIÓN 1ª. TRAMITACIÓN ORDINARIA

Artigo 35. Inicio do procedemento para a concesión da renda de inclusión social de Galicia

1. As persoas solicitantes da renda presentarán, no rexistro do concello do seu lugar de residencia ou en calquera outro dos rexistros ou oficinas sinalados na normativa reguladora do procedemento administrativo común, o modelo normalizado de solicitude da renda de inclusión social de Galicia, dirixida ao órgano competente de ámbito provincial da Administración autonómica para a súa tramitación e resolución.
2. No caso de que a solicitude se presente no rexistro do concello de residencia da persoa solicitante da renda, no momento en que esta se remita ao órgano competente da comunidade autónoma, comunicárase inmediatamente a existencia da solicitude aos servizos sociais comunitarios do concello, atendendo á problemática de risco de exclusión social en que se puidese encontrar a persoa solicitante. Os servizos sociais comunitarios básicos orientarán e informarán as persoas interesadas en todo o referente aos trámites e documentación da solicitude.
3. Coa solicitude deberase presentar unha declaración responsable do cumprimento dos requisitos exixidos para acceder á prestación, incluíndo expresamente a mención aos ingresos e patrimonio de que dispoña a unidade de convivencia. Así mesmo, farase constar a autorización da persoa solicitante para que o órgano de resolución poida solicitar a información adicional que considere necesaria para a adecuada estimación dos ingresos ou recursos económicos da unidade de convivencia, xa sexa a través de acceso a bases de datos por medios informáticos ou cursando o correspondente oficio. Neste modelo normalizado de solicitude deberá figurar tamén unha descrición dos documentos preceptivos que a persoa solicitante debe xuntar coa solicitude, nos termos desenvolvidos regulamentariamente.
4. Unha vez recibida a solicitude polo órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial que corresponda, no caso de que non reunise os

requisitos exixidos, ou faltase calquera documento preceptivo que deba achegar a persoa solicitante, requirirase esta para que, nun prazo de 10 días, achegue os documentos requiridos ou emende a falta, cos efectos sinalados no artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Excepcionalmente, naqueles casos en que a situación da persoa interesada o faga imprescindible, a traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios básicos poderá realizar de oficio un informe e valoración social e, de igual maneira, xuntar a documentación necesaria para os efectos dunha posible solicitude da renda de inclusión social de Galicia, que deberá ser solicitada en todo caso polas persoas interesadas, logo de requirimento para o efecto realizado polo órgano autonómico competente para a tramitación e resolución, unha vez recibida a documentación do concello.



Artigo 36. Informes preceptivos e determinantes emitidos polos servizos comunitarios do concello

1. En todo caso, dentro dos trámites de instrución do procedemento de solicitude, requiriranse os servizos sociais comunitarios do concello de residencia para que, de acordo cos artigos 83.3 e 42.5.c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, emitan os informes preceptivos e determinantes para a tramitación da solicitude, aínda que non vinculantes para a súa resolución, que se determinen regulamentariamente, e deberán requirirse polo menos os que a continuación se indican.

2. Deberase requirir un informe social realizado pola traballadora ou traballador social, de referencia, que conterá unha valoración da situación ou risco de exclusión social e unha proposta sobre a idoneidade da aplicación da prestación.


3. Para elaborar o informe social coa valoración do caso e a correspondente proposta, os servizos sociais comunitarios básicos tomarán en consideración as circunstancias da persoa en relación co establecido no artigo 3 desta lei. Así mesmo, o informe de valoración social concluirá cunha proposta sobre a idoneidade e a procedencia, ou non, da concesión da renda de inclusión social de Galicia para o logro da autonomía e integración das persoas. O informe, elaborado de conformidade co modelo normalizado que se aprobará regulamentariamente, sinalará o perfil sociofamiliar da unidade de convivencia así como aqueles datos relevantes relacionados co cumprimento dos requisitos de acceso.

4. Os servizos sociais comunitarios tamén elaborarán unha proposta de proxecto de integración social e, ademais, no suposto de que proceda pola existencia de menores e a concorrencia de situacións de risco ou vulnerabilidade, un acordo anexo para a integración socioeducativa dos e das menores. Nas ditas propostas valorarase a vinculación das persoas con proxectos que desenvolvan entidades de iniciativa social debidamente autorizadas. En todo caso, deberá constar a conformidade expresa da persoa solicitante da renda, mediante a súa sinatura no documento que se elabore, segundo o modelo normalizado que regulamentariamente se determine, e que lle será notificado concedéndolle un prazo de tres días para a sinatura. Transcorrido o dito prazo procederase a declarar a caducidade e ao arquivamento do expediente, de conformidade co previsto no artigo 92 da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Se da valoración realizada polos servizos sociais comunitarios se desprende que a persoa solicitante da renda, polas súas características, é susceptible de participar no tramo de inserción, deberase expresar esta circunstancia no informe social, fundamentando a conveniencia e oportunidade da súa incorporación ao dito tramo e indicando as posibilidades de inserción laboral da persoa solicitante, así como os recursos adecuados que existen para tal fin no seu contorno.

6. O concello deberá emitir os informes anteriormente referidos no prazo dun mes e remitilos ao correspondente órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial. De non os remitir no prazo indicado por causas non imputables á persoa solicitante, esta poderá presentar unha reclamación ao órgano de dirección da Xunta de Galicia competente en inspección de servizos sociais, sen prexuízo das responsabilidades en que se incorra pola demora de acordo co ordenamento xurídico.



Artigo 37. Resolución

1. Unha vez finalizada a instrución do expediente, o órgano competente de ámbito provincial da Administración autonómica elaborará a correspondente proposta de resolución e ditará a resolución, que deberá ser notificada no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude de Risga en calquera dos rexistros do órgano competente para resolver.
2. O dito prazo só se poderá suspender nos supostos en que sexa necesario requirir documentación complementaria á persoa interesada, ou a realización de calquera trámite preceptivo pola súa parte, e tamén pola petición dos informes preceptivos e determinantes que deben emitir os servizos sociais comunitarios do concello de residencia da persoa solicitante, nos termos sinalados polos artigos 42.5 e 83.3 da mesma Lei 30/1992, do 26 de novembro.
3. Entenderanse estimadas aquelas solicitudes de concesión da Risga en que non se notificase resolución expresa no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude de Risga en calquera dos rexistros do órgano competente para a resolución, e entenderase interrompido o dito prazo se concorren as causas de suspensión anteriormente descritas. En todo caso, para a aplicación da estimación por silencio administrativo, deberá constar no expediente a recepción dos informes preceptivos e determinantes con proposta de concesión da prestación. De non se daren estes requisitos, as solicitudes poderanse entender desestimadas.
4. A resolución pronunciarase inicialmente, en todo caso, sobre a procedencia do pagamento do tramo persoal e familiar, sen prexuízo da posterior resolución de incorporación ao tramo de inserción, mediante os trámites de modificación de contía establecidos nesta lei
5. Unha vez outorgada a renda de inclusión social de Galicia terá efectos económicos desde o día un do mes seguinte ao da recepción do informe de valoración social e do proxecto de integración social da solicitude. No caso de que os ditos documentos se reciban en meses diferentes, tomarase para os ditos efectos económicos o día primeiro do mes seguinte á data de recepción do último documento recibido.

6. Unha vez resolta a concesión do tramo persoal e familiar, cando exista a valoración inicial positiva dos servizos sociais comunitarios sobre a posible incorporación ao tramo de inserción e a elaboración dun convenio de inclusión sociolaboral, a que se refire o artigo 24.1, no prazo máximo dun mes o órgano de resolución da Administración autonómica remitirá copia do expediente ao Servizo Público de Emprego de Galicia, para que, en contacto coa persoa interesada, se proceda á elaboración do diagnóstico de empregabilidade e á preparación e sinatura dun convenio de inserción sociolaboral que posibilite a súa posterior incorporación ao tramo de inserción.



Artigo 38. Impugnación

1. Contra as resolucións ditadas polos órganos de resolución poderase interpor, no prazo dun mes, recurso de alzada ante o órgano administrativo competente.
2. O recurso poderase interpor ante o órgano que ditase a resolución ou ante o órgano competente para resolvelo, de acordo co previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999.
3. Se a resolución do recurso fose estimatoria terá efectos económicos de conformidade co establecido no número 5 do artigo anterior.
4. A resolución do recurso de alzada porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa.



Artigo 39. Órganos de apoio

Tanto no ámbito autonómico coma no provincial existirán con carácter permanente unidades técnico-administrativas de apoio ao órgano de resolución, integradas por persoal técnico experto en servizos sociais, coa composición e as funcións que regulamentariamente se determinen.



Artigo 40. Confidencialidade, protección e comprobación da veracidade dos datos

1. Garántese a confidencialidade dos datos obtidos na tramitación dos expedientes, de conformidade coa lexislación vixente. Sen prexuízo do anterior, o departamento responsable da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais poderá incorporar os datos das persoas beneficiarias no sistema de información correspondente ao expediente social básico que se cita no artigo 16 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 10.4.c) do Real decreto 1720/2007, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de novembro, de protección de datos de carácter persoal.
2. Os órganos competentes para a resolución poderán comprobar, a través dos organismos públicos e privados correspondentes, a veracidade dos datos que consten no expediente.



SECCIÓN 2ª. TRAMITACIÓN ABREVIADA POR RAZÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Artigo 41. Tramitación abreviada

1. Cando se reflicta no informe de valoración social que a persoa solicitante é vítima dunha situación de violencia de xénero, acreditada por calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento da violencia de xénero, os trámites para a concesión da Risga terán carácter de urxencia e tramitaranse con carácter prioritario ás demais solicitudes. O anterior será, así mesmo, de aplicación aos supostos acreditados de violencia doméstica, así como aos supostos de persoas vítimas de explotación sexual-laboral en redes de trata de seres humanos logo de constatación da súa cooperación coas autoridades na investigación do delito.
2. Para estes efectos, no prazo de quince días o concello deberá emitir o informe de valoración social. O proxecto de integración social e, se é o caso, de integración socioeducativa dos e das menores poderase remitir con posterioridade.
3. Neste suposto, a resolución de concesión deberase ditar e notificar no prazo dun mes desde a presentación da solicitude. O dito prazo só se poderá suspender nos supostos en que sexa necesario requirir documentación complementaria á persoa solicitante da renda, ou a realización de calquera trámite preceptivo pola súa parte, e tamén pola petición do informe de valoración social, nos termos sinalados no artigo 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
4. Entenderanse estimadas aquelas solicitudes de concesión da Risga en que non se ditase resolución expresa no prazo dun mes desde a súa presentación, interrompido se concorren as causas de suspensión anteriormente descritas. En todo caso, para a aplicación da estimación por silencio administrativo deberá constar no expediente a recepción do informe de valoración social con proposta de concesión da prestación.
5. Unha vez outorgada, a renda de inclusión social de Galicia terá efectos económicos desde o día seguinte ao da data da recepción do informe de valoración social, e continuará a tramitación do expediente nos mesmos termos que para o

caso da tramitación ordinaria, logo da recepción do proxecto de integración social e, se é o caso, de integración socioeducativa dos e das menores.



CAPÍTULO VII

Obrigas das persoas beneficiarias

Artigo 42. Das obrigas das persoas beneficiarias

Os beneficiarios e as beneficiarias da renda de inclusión social terán as seguintes obrigas:

1. Relativas á percepción regular da prestación económica:
 - a) Destinar o importe da prestación económica aos fins para os cales se concede e, en calquera caso, ao cumprimento das obrigas legais cara aos membros da unidade perceptora.
 - b) Solicitar a baixa na prestación económica ou nalgún dos seus tramos, no prazo de dez días a partir do momento en que se deixen de reunir os requisitos exixidos para a súa percepción.
 - c) Comunicar no prazo de cinco días o acceso a un emprego.

O incumprimento destas obrigas dará lugar á revogación e conseguinte extinción da totalidade da prestación ou dalgún dos seus tramos mediante resolución do órgano da Administración autonómica de ámbito provincial competente para resolver. No caso de retirada total da prestación, esta non poderá ser solicitada de novo ata que transcorra un período de seis meses.

En todo caso, cando se constate a existencia de ocultación ou falseamento dos datos, ou calquera outra actuación fraudulenta, procederase á retirada total da prestación, que non poderá ser solicitada de novo ata que transcorra un período de doce meses.

2. Relativas ao reintegro de cantidades indebidamente percibidas:

As persoas beneficiarias, no suposto de ocultación ou falseamento de datos, deberán reintegrar as cantidades indebidamente percibidas, que terán a consideración de ingresos de dereito público. As ditas cantidades tamén poderán ser obxecto de compensación no caso de que se recoñeza un novo dereito á renda de inclusión social, nos termos que sinala o órgano de resolución.

Cando por causas non imputables á persoa beneficiaria se perciban cantidades ás cales non se tivese dereito, aplicarase a compensación anteriormente citada como procedemento ordinario de regularización. Neste caso, con carácter excepcional e só no suposto da existencia de menores na unidade de convivencia, as ditas cantidades poderán ser condonadas, en función das circunstancias económicas concurrentes.

3. Relativas á información, comunicación e transparencia:

- a) Proporcionar á Administración información veraz sobre as circunstancias persoais, familiares e económicas que dean lugar a variacións na situación da persoa beneficiaria ou a súa unidade de convivencia.
- b) Colaborar coa Administración para a verificación da información referida no punto anterior.
- c) Facilitar o seguimento do seu caso ao profesional dos servizos sociais comunitarios que se lle asigne, e nos termos que se establezan no proxecto de integración social.

O incumprimento dalgunha destas obrigas dará lugar á modificación do tramo ou das contías, de acordo cos criterios de modulación das modificacións por incumprimento establecidos no artigo seguinte.

4. Relativas ao exercicio de dereitos:

As persoas beneficiarias deberán solicitar das persoas e organismos correspondentes, nos prazos establecidos polos órganos da Administración autonómica de ámbito provincial competentes para resolver, as pensións e prestacións vixentes a que calquera membro da unidade de convivencia teña dereito, incluídas as accións legais derivadas da falta de pagamento do dereito de alimentos. Para tales efectos, os servizos sociais comunitarios deberán informar as persoas beneficiarias sobre os dereitos que os asistan e os trámites necesarios para a interposición da correspondente demanda ou execución de sentenza. No suposto de que a demanda ou solicitude prospere, e unha vez comprobado o ingreso efectivo, o órgano competente da Administración autonómica no ámbito provincial ditará a oportuna resolución pola que se modifica ou extingue, segundo os casos, o dereito á renda. O

incumprimento desta obriga poderá dar lugar á extinción da prestación ou dalgún dos seus tramos.

5. Relativas aos/ás menores e ás medidas previstas no proxecto de integración social e no convenio de inclusión sociolaboral:

- a) Escolarizar os menores ao seu cargo que estean en idade escolar obrigatoria, garantindo a súa asistencia ao centro de ensino que corresponda.
- b) Participar activamente, cando proceda, na execución das medidas personalizadas contidas no proxecto de integración social e, se é o caso, no acordo anexo de integración socioeducativa dos e das menores ou no convenio de inclusión sociolaboral acordados e subscritos cos servizos sociais comunitarios e o Servizo Público de Emprego.
- c) Incorporarse aos tramos de inserción e de transición ao emprego cando se reúnan os requisitos e as condicións de idoneidade para acceder a calquera deles e contribuír activamente ao logro dos obxectivos formativos e laborais inherentes aos devanditos tramos.

O incumprimento destas obrigas pola persoa beneficiaria ou polo resto dos membros da unidade de convivencia, atendendo á súa gravidade e de acordo coa gradación das circunstancias do artigo 43 desta lei, poderá implicar: apercibimento por escrito, retirada dun terzo da prestación económica prevista no artigo 21 desta lei, ou extinción da totalidade da prestación económica ou dalgún dos seus tramos. No caso de retirada total da prestación, esta non poderá ser solicitada de novo ata que transcorra un período de seis meses.

6. Cantas outras obrigas deriven do obxecto e da finalidade da renda de inclusión social de Galicia.



CAPÍTULO VIII

Modificación, suspensión e extinción

Artigo 43. Disposicións comúns

1. Nos procedementos de modificación, suspensión e/ou extinción da prestación ou dalgún dos seus tramos será preceptiva, sempre que se teñan en conta circunstancias distintas ás alegadas pola persoa interesada, a súa audiencia previa. Todas as resolucións terán que ser motivadas.

2. Para acordar a suspensión, modificación ou extinción da prestación terase en conta a natureza do cambio de circunstancias en relación cos requisitos e factores que determinaron a concesión da renda de inclusión social de Galicia en cada caso. Ademais, cando se trate de incumprimentos, teranse en conta:

- a) Tipo e grao do incumprimento.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- c) A contía, se é o caso, da prestación económica indebidamente percibida.
- d) A reincidencia.
- e) A existencia de menores.
- f) A natureza dos prexuízos causados.
- g) A situación de vulnerabilidade e a problemática social que se poida xerar.

3. Nos supostos de suspensión ou extinción da prestación o órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial deberá acoptar as medidas necesarias para evitar a desprotección das persoas menores ou dependentes que formen parte da unidade económica de convivencia. Para estes efectos, cando a suspensión ou extinción non sexan debidas a incumprimento, valorarase se na unidade de convivencia existe outra persoa que reúna os requisitos para ser titular do dereito.

4. A suspensión ou extinción da prestación económica non implicará necesariamente o mesmo efecto respecto das medidas de inserción, das cales se poderá seguir

beneficiando a persoa interesada.

5. Contra as resolucións administrativas de modificación, suspensión ou extinción do dereito á percepción ditadas polo órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial poderase interpor, no prazo dun mes, recurso de alzada nos termos previstos no artigo 28 desta lei.

Artigo 44. Modificación

1. A modificación do dereito á renda de inclusión social de Galicia terá lugar polas seguintes causas:


a) A variación do número de membros da unidade de convivencia ou dos recursos económicos que serviron de base para o cálculo da prestación económica da renda de inclusión social de Galicia dará lugar á minoración ou ao aumento que proceda, que terá efectos a partir do mes seguinte a aquel en que se produza a circunstancia causante.

Entenderase que existe unha minoración do número de membros da unidade de convivencia cando a ausencia dun ou máis membros da vivenda ou aloxamento habitual se prolongue por un prazo igual ou superior a un mes.

b) Cambio de tramo na percepción da prestación, o que suporá unha variación das condicións, dos requisitos exixidos e do seu importe.

c) O incumprimento das obrigas pola persoa beneficiaria ou polo resto dos membros da unidade de convivencia, nos termos establecidos no capítulo anterior.

2. O dereito de percepción e pagamento da prestación, no caso de modificación da contía, producirase a partir do primeiro día do mes seguinte ao da data en que se dite a resolución de modificación, sen prexuízo da compensación que proceda nos supostos de percepcións indebidas segundo o expresado no artigo 42 da presente lei.



Artigo 45. Suspensión

1. A percepción da prestación económica da renda de inclusión social de Galicia suspenderase polas seguintes causas:

a) A imposibilidade sobrevida, por parte da persoa beneficiaria, de cumprir as obrigas asumidas, así como a existencia dunha declaración legal de incapacidade. Neste suposto, en función das circunstancias concorrentes, durante un prazo máximo de seis meses poderase acordar o aboamento da prestación a outro membro da unidade de convivencia, modificando a titularidade e, se procede, a súa contía mentres subsistan as citadas causas.

b) Cando por acceder a unha actividade laboral a persoa beneficiaria pase ao tramo de transición ao emprego. Neste caso suspenderase o pagamento das prestacións correspondentes aos tramos anteriores ata o momento en que se determinen as novas contías que correspondan.

c) Cando existan elementos de xuízo suficientes que permitan deducir que a persoa beneficiaria perdeu os requisitos exixidos para a concesión da prestación, e unha vez iniciado o correspondente procedemento de revisión, poderase acordar unha suspensión cautelar do seu aboamento ata a resolución do dito procedemento, que decidirá sobre a procedencia do restablecemento do pagamento da prestación ou da súa modificación ou extinción.

Excepcionalmente, antes da iniciación do procedemento de revisión, o órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial, nos casos de urxencia e para a protección dos intereses implicados, poderá adoptar as medidas provisionais correspondentes, que deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, o cal se deberá efectuar dentro dos quince días seguintes á súa adopción e poderá ser obxecto do recurso que proceda.

2. A percepción da prestación restablecerase ao concluír o prazo de suspensión fixado, ou cando así o dispoña o órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial por desaparecer a causa determinante da suspensión.

Artigo 46. Extinción

O dereito ás prestacións da renda de inclusión social de Galicia extínguese:

- a) Polo falecemento da persoa beneficiaria. Neste caso, e mentres tramite unha nova solicitude outra persoa membro da unidade de convivencia independente, poderase acordar o aboamento da prestación a esta última, por un prazo máximo de seis meses, e modificarase, se procede, a súa contía.
- b) Pola perda dalgún dos requisitos exixidos para o seu recoñecemento.
- c) Polo incumprimento das obrigas previstas nesta lei cando, de acordo co previsto no artigo 42, dea lugar á extinción total da prestación ou dalgún dos seus tramos.
- d) Polo mantemento, por tempo superior a seis meses, das causas que deron lugar á suspensión prevista no artigo 45.
- e) Pola ocultación ou falseamento dos datos ou calquera outra actuación fraudulenta dirixida a obter ou conservar a prestación económica, sen prexuízo do disposto no vixente código penal, dará lugar á extinción da súa totalidade ou dalgún dos seus tramos, segundo os elementos a que afecte a actuación fraudulenta.
- f) Polo traslado da residencia efectiva a un concello que non estea comprendido no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia agás que se teña establecido con este territorio un convenio, en virtude do principio de reciprocidade, que permita o mantemento dos dereitos adquiridos ou en curso de adquisición. Neste caso o aboamento corresponderá á comunidade autónoma de destino.

Con carácter previo a se ditar a resolución de extinción, o órgano de resolución tramitará o correspondente procedemento de revisión, e poderase acordar, no inicio do dito procedemento, a suspensión cautelar a que se refire o artigo anterior.

As posibles cantidades indebidamente percibidas en todos os supostos anteriormente citados poderán ser obxecto de reintegro ou compensación nos termos establecidos no artigo 42.2.

TÍTULO II

Axudas de inclusión social (AIS)

Artigo 47. Obxecto e natureza

1. As axudas de inclusión social son prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas ou familias afectadas polas características referidas no artigo 3 desta lei, así como para atender as situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social.
2. As axudas de inclusión social están destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes e, se é o caso, a financiar actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter excepcional vinculadas ás medidas de apoio dos diferentes tramos da renda de inclusión social de Galicia.
3. Para favorecer a súa eficacia e adecuación á súa finalidade, as persoas ou unidades de convivencia perceptoras destas axudas vincularanse a proxectos de traballo social ou socioeducativos desenvolvidos desde os servizos sociais comunitarios, que se responsabilizarán do seu seguimento.
4. As axudas de inclusión social só se poderán dedicar á finalidade para a cal foron concedidas.
5. Con carácter xeral só se poderá conceder unha axuda de inclusión social do mesmo tipo por ano. Estableceranse regulamentariamente os supostos en que, por razóns de grave necesidade, se poida exceptuar esta disposición, así como os criterios de complementariedade dos diferentes tipos de axudas.
6. Para os efectos do previsto no artigo 2.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e dado o seu carácter de prestación social, as axudas de inclusión social non teñen carácter de subvención.

Artigo 48. Tipoloxía

1. As axudas de inclusión social, segundo a súa finalidade, poderán ser dos seguintes tipos:

a) Vinculadas ao uso da vivenda: son as destinadas a posibilitar que se continúe habitando a vivenda habitual cando ese feito favoreza o proceso de inclusión, e comprenden axudas para o pagamento de débedas de alugamento e conceptos similares que impidan o desafiuzamento e a perda de subministracións básicas dela, ou que reforcen o proceso de tránsito a unha vivenda normalizada de persoas residentes en chabolas ou infravivendas. Estableceranse regulamentariamente os supostos excepcionais para o emprego destas axudas no pagamento de cotas hipotecarias en situacións de crise financeira insuperable da familia por causas sobrevidas e por un tempo máximo de tres cotas mensuais. En todo caso, esta modalidade de axuda é incompatible co cobramento do complemento de alugamento previsto no artigo 20.3 desta lei.

b) Vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual: destinaranse á adecuación da vivenda, así como a mellorar a súa accesibilidade, co fin de adaptala ás circunstancias físicas da persoa usuaria, dentro dos límites e condicións de idoneidade que se establezan regulamentariamente en coordinación coas medidas sectoriais da consellería competente en materia de vivenda.

c) Destinadas ao equipamento mobiliario básico da vivenda.

d) Axudas para a atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico.

e) Axudas para atención sanitaria e sociosanitaria non cubertas polos sistemas públicos de saúde e de servizos sociais, cando se trate de tratamentos, elementos protésicos ou axudas técnicas que sexan decisivos para evitar un déficit sensorial, de mobilidade, de saúde ou unha situación persoal de desvantaxe que impida ou dificulte gravemente o proceso de integración social.

f) Axudas para gastos causados por actuacións complementarias e de acompañamento vinculadas aos itinerarios de inclusión social e formación, tales

como: material didáctico, transporte, atención de menores ou maiores e apoio domiciliario, entre outros, cando estas axudas non estean incluídas nos conceptos cubertos pola propia Risga, polo programa formativo en que se participe ou, en xeral, polos diversos sistemas de benestar das administracións públicas. Inclúense neste tipo as axudas de acompañamento e reforzo en supostos de persoas vítimas de violencia de xénero.

g) Axudas para gastos extraordinarios derivados de procesos de axuste persoal, especialmente nos casos de trastornos relacionados coa drogodependencia.

2. As axudas de tipo a) e b) son subsidiarias daquelas que lles poidan corresponder ás persoas no marco das medidas específicas de promoción da vivenda social e similares desenvolvidas por calquera Administración pública. Así mesmo, as axudas de tipo d) e e) terán carácter subsidiario respecto a calquera outra axuda ou prestación pública destinada á mesma finalidade. As de tipo f) e g) son complementarias da renda de inclusión social de Galicia.

3. Ademais, estableceranse regulamentariamente os criterios e os límites de complementariedade para situacións excepcionais reflectidas nos informes pertinentes, especialmente cando existan menores na unidade de convivencia. Estas excepcións modularanse en función da gravidade da situación e da limitación da axuda ou prestación pública de que se trate.



Artigo 49. Requisitos

1. Poderanse beneficiar destas axudas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:
 - a) Ser maior de idade.
 - b) Estar empadroado/a e ter residencia constatada polos servizos sociais comunitarios básicos.
 - c) Non dispor de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación que xustifica a solicitude da axuda. Considéranse ingresos insuficientes, para os efectos da aplicación desta medida, aqueles que, correspondendo ás persoas integrantes da unidade de convivencia independente, non sexan superiores ao cento vinte e cinco por cento do importe do tramo persoal e familiar da renda de inclusión que lle correspondería á unidade de convivencia, computando os ditos ingresos nos termos sinalados ao regular a renda de inclusión social de Galicia.
2. En todo caso, non se poderán conceder estas axudas cando a persoa solicitante ou calquera membro da unidade de convivencia dispoña de bens patrimoniais dos que se deduza a existencia de medios materiais suficientes para atender os gastos obxecto destas axudas e tendo en conta para iso as características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación dos bens mobles ou inmoables de que dispoña a unidade de convivencia.
3. Excepcionalmente, no caso das axudas do tipo e) do artigo 48, por teren carácter persoal, computaranse unicamente os ingresos, rendas e bens das persoas adultas solicitantes, cando se xustifique no expediente en relación coa situación do conxunto da unidade de convivencia.



Artigo 50. Límites das axudas

A contía das axudas determinarase en función do tipo de axuda e das circunstancias do caso de acordo cos criterios que se establezan regulamentariamente.

Artigo 51. Tramitación

1. As persoas solicitantes presentarán, no rexistro do concello do seu lugar de residencia ou en calquera outro dos rexistros e oficinas sinalados na normativa reguladora do procedemento administrativo, nos termos sinalados nos artigos 38.4 e 70.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o modelo normalizado de solicitude da axuda de inclusión social, dirixida ao órgano competente de ámbito provincial da Administración autonómica para a súa tramitación e resolución.

2. No caso de que a solicitude se presente no rexistro do concello de residencia da persoa solicitante, no momento en que esta se remita ao órgano competente da Comunidade Autónoma, comunicárase inmediatamente a existencia da solicitude aos servizos sociais comunitarios do concello, atendendo á problemática de extraordinaria e urxente necesidade en que se puidese encontrar a persoa solicitante.

3. Coa solicitude presentarase unha declaración responsable do cumprimento dos requisitos exixidos para acceder á axuda, incluíndo expresamente a mención aos ingresos e patrimonio de que dispoña a unidade de convivencia, así como a xustificación doutras axudas ou subvencións concedidas polo mesmo concepto ou declaración responsable de non percibilas. Así mesmo, farase constar a súa autorización para que o órgano de resolución poida obter a información adicional que considere necesaria para a adecuada estimación dos ingresos ou recursos económicos da unidade de convivencia, xa sexa a través de acceso a bases de datos por medios informáticos ou cursando o correspondente oficio. Neste modelo normalizado de solicitude deberá figurar tamén unha descrición dos documentos preceptivos que a persoa solicitante debe xuntar coa solicitude, entre os cales debe figurar o orzamento dos gastos para os que se solicita axuda, así como calquera outro documento que se determine no desenvolvemento regulamentario da presente lei.

4. Unha vez recibida a solicitude polo órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial que corresponda, no caso de que non reunise os requisitos exixidos ou faltase calquera documento preceptivo que deba achegar a persoa solicitante, requirirase esta para que nun prazo de 10 días achegue os documentos requiridos ou emende a falta, cos efectos sinalados no artigo 71.1 da Lei

30/1992, do 26 de novembro.

5. Excepcionalmente, naqueles casos en que a situación da persoa interesada o faga imprescindible, a persoa profesional de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos poderá realizar de oficio un informe e valoración social e, de igual maneira, xuntar a documentación necesaria para os efectos dunha posible solicitude de axuda de inclusión social, que deberá ser solicitada en todo caso pola persoa interesada, logo de requirimento para o efecto realizado polo órgano autonómico competente para tramitación e resolución, unha vez recibida a documentación do concello.

6. En todo caso, dentro dos trámites de instrución do procedemento de solicitude, requiriranse os servizos sociais comunitarios do concello de residencia para que, de acordo cos artigos 83.3 e 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, emitan o informe de valoración social con proposta de idoneidade da axuda solicitada, que para os efectos deste procedemento terá a consideración de informe preceptivo e determinante para a tramitación da solicitude, aínda que non vinculante para a súa resolución, así como para que emitan calquera outro informe ou documento que se estableza regulamentariamente.

7. Para elaborar o citado informe social, de conformidade co modelo normalizado que se aprobará regulamentariamente, os servizos sociais comunitarios básicos municipais tomarán en consideración as circunstancias da persoa en relación co establecido no artigo 3 desta lei, o cumprimento dos requisitos de acceso mencionados no artigo 49, así como as características da situación concreta de necesidade ou emerxencia en que se fundamentará a solicitude. Así mesmo, a valoración social contida no informe concluirá cunha proposta sobre a idoneidade e a procedencia, ou non, da concesión da axuda de inclusión social.

8. O concello deberá emitir os informes anteriormente referidos no prazo dun mes e remitilos ao correspondente órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial. De non os remitir no prazo indicado por causas non imputables á persoa solicitante, esta poderá presentar unha reclamación ao órgano de dirección da Xunta de Galicia competente en inspección de servizos sociais, sen prexuízo das responsabilidades en que se incorra pola demora de acordo co ordenamento xurídico.

9. Sen prexuízo da tramitación ordinaria regulada neste artigo, poderanse establecer regulamentariamente os requisitos para que a Xunta de Galicia poida subscribir convenios cos concellos coa finalidade de que estes asuman a xestión única destas axudas, logo da transferencia de crédito que corresponda.



Artigo 52. Resolución, forma de pagamento e xustificación

1. Unha vez finalizada a instrución do expediente, o órgano competente de ámbito provincial da Administración autonómica elaborará a correspondente proposta de resolución e ditará a resolución, que deberá ser notificada no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude da axuda en calquera dos rexistros do órgano competente para resolver.
2. O dito prazo só se poderá suspender nos supostos en que sexa necesario requirir documentación complementaria á persoa interesada, ou a realización de calquera trámite preceptivo pola súa parte, e tamén pola petición dos informes preceptivos e determinantes que deben emitir os servizos comunitarios do concello de residencia da persoa solicitante, nos termos sinalados polos artigos 42.5 e 83.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.
3. Entenderanse desestimadas aquelas solicitudes de concesión das axudas de inclusión social en que non se notificase resolución expresa no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude da axuda en calquera dos rexistros do órgano competente para resolver, e entenderase interrompido o dito prazo se concorren as causas de suspensión anteriormente descritas.
4. Con carácter xeral, e co fin de garantir a súa aplicación finalista, as axudas serán aboadas directamente, en nome do beneficiario ou beneficiaria, á persoa, entidade ou empresa que realice a prestación ou o servizo a favor deles.
5. Así mesmo, as axudas de inclusión social poderanse aboar anticipadamente, de maneira total ou fraccionada, nas porcentaxes que considere procedentes o órgano de resolución en atención ás circunstancias de cada caso e cos criterios que se fixen en desenvolvemento da presente lei. Tamén se establecerán regulamentariamente os supostos e a forma de xustificación dos gastos realizados.
6. Non obstante, as axudas sinaladas no artigo 48, letra d), para necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico, poderánselle aboar á persoa beneficiaria directamente. Cando estas axudas superen a contía dun terzo do seu límite máximo aboaranse en dous ou máis pagamentos fraccionados cunha periodicidade mínima mensual. Sen prexuízo do seguimento de cada caso, para a xustificación deste tipo de axudas constará no expediente un informe do órgano

xestor ou dos servizos sociais comunitarios, así como unha declaración responsable da persoa beneficiaria.

7. Poderase establecer regulamentariamente un procedemento especial para aboar as axudas citadas no punto anterior a aquelas entidades de iniciativa social, debidamente rexistradas, que asinasen un convenio de colaboración coa Administración competente para actuar como entidade intermediaria para o adianto dos fondos ás persoas beneficiarias nos casos de maior urxencia.

8. En todo caso, a resolución de concesión da axuda de emerxencia social poderá ser revogada no suposto de que non se realicen as obras, non se reciba a subministración ou servizo ou non se destine para o fin solicitado, sen prexuízo de que, cando así cumpra, se inicie o correspondente procedemento de reintegro de indebidos. Para estes efectos, as actuacións de verificación poderanse realizar desde os servizos sociais comunitarios do concello de residencia ou desde os órganos competentes da Administración autonómica. No caso de axudas de tipo b) do artigo 48, vinculadas con obras de mellora da habitabilidade da vivenda, as obras deberán estar rematadas no prazo dun ano contado a partir do momento da comunicación da resolución, salvo en circunstancias excepcionais que xustificasen a concesión dunha prórroga.



Artigo 53. Impugnación

1. Contra as resolucións ditadas polo órgano competente de ámbito provincial da Administración autonómica poderase interpor, no prazo dun mes, recurso de alzada ante o organismo administrativo competente.
2. O recurso poderase interpor ante o órgano que ditase a resolución ou ante o órgano competente para resolvelo, de acordo co previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999.
3. A resolución do recurso de alzada porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa.

TÍTULO III

Recursos e medidas vinculadas á renda de inclusión social de Galicia

CAPÍTULO I

Instrumentos vinculados aos itinerarios sociais e laborais da renda de inclusión social de Galicia

Artigo 54. Proxecto de integración social

1. O proxecto de integración social estará orientado ao logro da mellora persoal e social da persoa perceptora da Renda e das que integran a unidade de convivencia, así como á súa autonomía, participación e integración normalizada no seu ámbito social. Establecerase regulamentariamente o modelo de proxecto de integración social así como os indicadores que se empregarán para o cumprimento de obxectivos.
2. O proxecto de integración social articularase por medio de accións concretas que incidan na mellora das condicións básicas de vida, coidado persoal, hixiene do fogar e da vivenda, coidado e atención a posibles conviventes con calquera tipo de discapacidade e seguimento de aspectos básicos da saúde. Ademais, especificará, de acordo coas características de cada caso, aspectos concretos de cambio ou axuste persoal, tales como a modificación de hábitos, desintoxicación, mellora da autonomía persoal e apoio á alfabetización ou instrución básica, entre outros.
3. De maneira complementaria ao contido mínimo establecido no número anterior, poderanse incorporar compromisos relacionados co coidado ou acompañamento de persoas do seu contorno ou calquera outra actuación solidaria, así como dedicacións voluntarias en actividades de interese colectivo desenvolvidas en entidades públicas, privadas ou de iniciativa social, sen menoscabo dos seus dereitos laborais.
4. O proxecto de integración social será deseñado polos servizos sociais comunitarios básicos e a súa execución será coordinada polo traballador ou traballadora social de referencia. Estes servizos efectuarán con carácter xeral o seguimento do caso, sen prexuízo da derivación de determinadas actuacións aos servizos sociais comunitarios específicos, así como a posible colaboración

complementaria de entidades de iniciativa social debidamente autorizadas. Mediante o traballo social e educativo pautado no proxecto de integración social asegurase, en todo caso, unha vinculación efectiva das persoas beneficiarias cos servizos sociais comunitarios.

5. O seguimento regular e a avaliación do proxecto de integración social documentarase no expediente social e servirá para fundamentar posibles modificacións da prestación de acordo co establecido no artigo 44.1.c).



Artigo 55. Acordo para a integración socioeducativa das persoas menores

1. No caso da existencia de menores e cando se valore unha situación de risco de exclusión social para estes, deberase formular como documento anexo ao proxecto de integración social regulado no artigo anterior un acordo en que se recollan os compromisos contraídos en relación coa súa escolarización real e efectiva, así como coa súa saúde, hixiene e socialización.
2. O acordo de integración socioeducativa das persoas menores procurará a mellora da cohesión familiar e do exercicio da responsabilidade parental, entendida como o compromiso do coidado, protección e socialización dos e das menores, para o cal se determinarán obxectivos medibles e revisables.
3. Os servizos sociais comunitarios realizarán o seguimento do cumprimento destes acordos, empregando para ese fin o servizo de educación e apoio familiar ou, en ausencia deste, o de axuda no fogar, sen prexuízo da posible colaboración complementaria de entidades de iniciativa social debidamente autorizadas.
4. O seguimento regular e a avaliación do acordo de integración socioeducativa das persoas menores documentarase no expediente social e servirá para fundamentar posibles modificacións da prestación de acordo co establecido no artigo 44.1.c).



Artigo 56. Convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade

1. Cando proceda, de conformidade co establecido no título IV desta lei, o Servizo Público de Emprego de Galicia elaborará, en coordinación cos servizos sociais comunitarios específicos, un convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade, que será requisito obrigatorio nos casos en que se perciba o tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia. Estableceranse regulamentariamente o modelo de convenio de inclusión sociolaboral así como os indicadores que se empregarán para o cumprimento de obxectivos.
2. Os contidos deste convenio estarán referidos a actuacións que, formuladas de maneira progresiva, teñan como meta a integración laboral, tales como: o asesoramento e a orientación laboral; a formación profesional, tanto inicial como ocupacional, incluíndo a obtención de competencias clave; a formación adaptada; a conexión cos itinerarios personalizados do sistema público de emprego; a incorporación a unha empresa de inserción laboral; a intermediación laboral; as prácticas laborais non remuneradas e calquera outra modalidade de formación na empresa.
3. Enténdese por compromiso de actividade a obriga da persoa beneficiaria de participar dunha maneira activa na realización das accións previstas no seu convenio de inclusión sociolaboral. Esa participación terá carácter obrigatorio de acordo co previsto nos artigos 42.5 e 44 desta lei.
4. O convenio de inclusión sociolaboral será asinado pola persoa beneficiaria e por unha persoa representante do Servizo Público de Emprego e expresará as actividades prelaborais e laborais enunciadas nos puntos anteriores en forma de itinerario, como secuencia de actividades e cun sistema de valoración de resultados. Os convenios asinados serán comunicados aos servizos sociais comunitarios correspondentes.
5. No caso de unidades de convivencia con varias persoas en condicións de iniciar o itinerario de inserción laboral, estableceranse medidas personalizadas para cada unha delas.
6. Os equipos de inclusión sociolaboral regulados no artigo seguinte, en

coordinación co Servizo Público de Emprego de Galicia, realizarán o seguimento e o asesoramento das persoas participantes nos convenios regulados neste artigo.

7. Para o desenvolvemento das actividades contidas nos convenios de inclusión sociolaboral, poderanse establecer fórmulas de colaboración con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas que desenvolvan programas especializados en inserción laboral de persoas con especiais dificultades de acceso ao emprego.

CAPÍTULO II

Plan de inclusión social e rede de equipos de inclusión sociolaboral

Artigo 57. Natureza

1. A Xunta de Galicia impulsará e actualizará, en colaboración coas entidades locais, un plan galego de inclusión social que fixará obxectivos e estratexias en relación co obxecto desta lei e precisará as fórmulas de coordinación entre os recursos públicos das administracións competentes, así como coas entidades de iniciativa social especializadas na inclusión social de colectivos e persoas.
2. De conformidade co establecido nos artigos 12 e seguintes da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, implantarase unha rede de servizos sociais comunitarios específicos consistente en equipos técnicos de inclusión sociolaboral de acordo co establecido neste capítulo.
3. Os equipos técnicos de inclusión sociolaboral estarán integrados por profesionais do ámbito da intervención social e das ciencias sociais, con formación en disciplinas directamente relacionadas con esas competencias profesionais.
4. Para o logro dos obxectivos do plan, as administracións autonómica e local poderán conceder subvencións así como subscribir, de acordo co artigo 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, convenios de colaboración con entidades de iniciativa social que dispoñan da capacidade e dos medios adecuados para a realización de actividades de inserción social de colectivos con problemáticas específicas e persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia.

Artigo 58. Territorialización

1. No marco da delimitación de áreas sociais e da planificación estratéxica de servizos sociais, recollida no título IV da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, estableceranse demarcacións territoriais ás cales se asignarán equipos de inclusión sociolaboral, garantindo unha distribución equilibrada. Ademais, asegurárase a presenza dun equipo de inclusión sociolaboral en cada cidade de máis de 50.000 habitantes.

2. Para a implantación dos equipos e de conformidade co establecido no decreto de servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a Xunta de Galicia establecerá fórmulas de cooperación coa Administración local para o cofinanciamento, coordinación e asistencia técnica aos equipos técnicos de inclusión sociolaboral.




Artigo 59. Funcións dos equipos

Son funcións dos equipos técnicos de inclusión sociolaboral as seguintes:

1. Executar, en coordinación cos servizos sociais comunitarios básicos, actuacións contidas no proxecto de integración social vinculado ao tramo básico e familiar da Risga, sobre todo no que se refire a actividades de promoción educativa e formativa básica, así como aos proxectos de capacitación en colaboración con entidades de iniciativa social a que se refire o artigo seguinte.
2. Colaborar co Servizo Público de Emprego no deseño e efectivo desenvolvemento das actuacións estipuladas nos convenios de inclusión sociolaboral vinculados ao tramo de inserción da renda de integración social de Galicia, favorecendo a coordinación para estes efectos con entidades de iniciativa social definidas no artigo 30 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, debidamente autorizadas que teñan a capacidade e os medios para desenvolver as actividades de inserción deseñadas.
3. Diseñar e desenvolver itinerarios de inserción para persoas non perceptoras da Risga que se encontren en situación de risco de exclusión social.
4. Coordinar os diferentes axentes sociais, servizos públicos, departamentos administrativos e entidades do seu ámbito territorial que incidan en aspectos relevantes para a consecución da inclusión social das persoas que teñen encomendadas.
5. Asesorar as entidades promotoras de empresas de inclusión sociolaboral.
6. Elaborar proxectos e promover actividades específicas para a prevención da exclusión social de grupos vulnerables de características homoxéneas, así como a dinamización social e comunitaria nas súas zonas de intervención.

Artigo 60. Fomento de proxectos de capacitación das persoas participantes no plan de inclusión

1. A Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de servizos sociais, fomentará mediante unha liña específica de subvencións a impartición, por parte de entidades de iniciativa social especializadas e debidamente rexistradas como prestadoras de servizos sociais, de proxectos e actividades de capacitación persoal para a mellora da sociabilidade e empregabilidade das persoas en situación ou risco de exclusión social. As actividades financiadas terán por obxecto tanto a adquisición de habilidades e destrezas como a preparación para a avaliación das competencias clave exixibles para o acceso normalizado á formación e cualificación profesional.
2. As actividades citadas no número anterior estarán especialmente dirixidas a persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión de Galicia e poderán constituír a actividade principal do seu convenio de inclusión sociolaboral. As actividades serán adaptadas tendo en conta as especiais circunstancias dos colectivos destinatarios. Esa adaptación incidirá na distribución temporal da aprendizaxe, na prioridade das actividades prácticas e simulacións didácticas e nas metodoloxías empregadas.
3. Co mesmo obxectivo a Xunta de Galicia, a través da consellería competente, fomentará para as ditas persoas a realización de prácticas laborais, remuneradas ou non remuneradas, en empresas, mediante o procedemento que regulamentariamente se determine.
4. As actividades subvencionadas segundo o exposto neste artigo serán supervisadas polos servizos de inspección do órgano con competencias en materia de servizos sociais.



TÍTULO IV

Medidas para a incorporación laboral das persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia

CAPÍTULO I

Coordinación entre os sistemas de servizos sociais e de emprego


Artigo 61. Aspectos xerais de coordinación

1. A Xunta de Galicia, a través dos órganos de dirección responsables, promoverá a coordinación efectiva entre as medidas desenvolvidas polo Sistema Galego de Servizos Sociais e o Servizo Público de Emprego de Galicia, así como o desenvolvemento dos itinerarios de formación e acompañamento xestionados, de cara a favorecer a incorporación efectiva das persoas en situación ou risco de exclusión social aos programas orientados ao acceso ao emprego normalizado.
2. Para estes efectos, os servizos sociais certificarán a situación social das persoas en relación cos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 desta lei e na normativa laboral de aplicación, así como a súa eventual condición de persoa beneficiaria da renda de inclusión social de Galicia.
3. Para a aplicación dos procedementos de selección e convocatoria de persoas para as diferentes medidas de carácter formativo ou de promoción do emprego, o Servizo Público de Emprego rexistrará nos seus sistemas de información a condición referida no número anterior cando así o certifique o Sistema Galego de Servizos Sociais.
4. O Sistema de Servizos Sociais, consonte o establecido no artigo 21.1 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, poderá comunicar os datos necesarios das persoas usuarias ao Sistema Público de Emprego de Galicia para a exclusiva finalidade de promover o seu acceso a un emprego, de conformidade co establecido neste título.

CAPÍTULO II Empresas de inserción

Artigo 62. Concepto de empresa de inserción

1. Nos termos establecidos pola Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, terá a consideración de empresa de inserción aquela sociedade mercantil ou sociedade cooperativa legalmente constituída e debidamente cualificada pola Xunta de Galicia, que realice calquera tipo de actividade económica de produción de bens ou de prestación de servizos e que teña como obxecto social a integración e a formación sociolaboral das persoas en situación de exclusión social, actuando como espazo de tránsito ao emprego ordinario.
2. A Xunta de Galicia, no marco da lexislación básica sobre esta materia, promoverá as empresas de inserción como recurso para facilitar a incorporación efectiva ao mercado laboral ordinario das persoas en situación ou risco de exclusión social.



Artigo 63. Entidades promotoras

1. De conformidade cos artigos 5 e 6 da Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, as empresas de inserción estarán promovidas e participadas por entidades sen ánimo de lucro, incluídas as de dereito público, as asociacións sen fins lucrativos e as fundacións, inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia, que teñan por obxecto social a inserción sociolaboral de persoas desfavorecidas, entre outras, das persoas en situación de risco ou exclusión social consonte o establecido no artigo 3 desta lei.
2. A participación da entidade promotora na empresa de inserción será, polo menos, do cincuenta e un por cento do capital social para as sociedades mercantís. No caso de sociedades cooperativas e sociedades laborais, a dita participación situarase nos límites máximos legais que resulten de aplicación.




Artigo 64. Cualificación e rexistro das empresas de inserción

As empresas de inserción deberanse cualificar de acordo co procedemento establecido na normativa de aplicación e rexistrar como tales no Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción de Galicia.



Artigo 65. Acreditación da situación de risco ou exclusión social para o acceso ás empresas de inserción.

1. A situación e as circunstancias de risco ou exclusión social que determinan a cualificación dunha persoa como posible traballador/a en proceso de inserción nunha empresa de inserción laboral serán acreditadas polo Sistema Galego de Servizos Sociais, de acordo co establecido no artigo 3 da presente lei.
2. Estableceranse regulamentariamente os procedementos para a acreditación expresada no número anterior, así como para a coordinación entre os servizos sociais e o Servizo Público de Emprego de Galicia na incorporación das persoas ás empresas de inserción.



Artigo 66. Itinerario de inserción sociolaboral

1. De acordo co establecido no artigo 3 da Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, para a incorporación a unha empresa de inserción laboral será obrigatoria a definición por escrito dun itinerario de inserción sociolaboral elaborado polos servizos sociais comunitarios e o Servizo Público de Emprego de Galicia, de acordo coa propia empresa de inserción, e que deberá ser aceptado pola persoa contratada. Estes itinerarios terán para todos os efectos a mesma validez que o convenio de inclusión sociolaboral definido nesta lei.
2. A empresa de inserción laboral proporcionaralles aos traballadores e traballadoras en proceso de inserción un traballo remunerado, así como procesos personalizados e asistidos de formación no posto de traballo e habituación laboral e social. Ademais, proporcionarán servizos de asesoramento e acompañamento para facilitar a súa posterior incorporación ao mercado laboral ordinario.
3. No caso de beneficiarios no tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia, este traballo será compatible coa permanencia nel, sen prexuízo dos tempos máximos que para o dito tramo de inserción se establecen nesta lei, e procederase, en todo caso, ao correspondente reaxuste no cálculo de contías.

Artigo 67. Fomento das empresas de inserción

1. As empresas de inserción laboral, en atención ao seu labor social de apoio á reincorporación ao mercado de traballo das persoas en situación de risco ou exclusión social, poderán ser beneficiarias de axudas e subvencións para facilitar a súa constitución e mantemento da actividade polos conceptos que regulamentariamente se establezan.

2. Os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e os demais entes do sector público dela dependentes poderán establecer reservas de participación para empresas de inserción laboral nos contratos de subministración e servizos que teñan a consideración de contratos menores cu procedementos negociados por razón de contía a que se refiren os artigos 138 e 169 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público. Para estes efectos, será requisito que a finalidade ou actividade da empresa de inserción contratada, de acordo coas súas normas reguladoras, estatutos ou regras fundacionais, teña relación directa co obxecto do contrato.

3. O importe global dos contratos reservados consonte o número anterior terán como límite máximo o 5 % do importe total que cada entidade contratante adxudicase no exercicio inmediatamente anterior mediante os citados procedementos de adxudicación.



CAPÍTULO III

Medidas de apoio no acceso ao emprego para persoas en situación ou risco de exclusión

Artigo 68. Acceso ás accións formativas dirixidas aos desempregados

As persoas incluídas no tramo de inserción definido nos artigos 24 e seguintes desta lei terán a consideración de colectivo prioritario no acceso aos itinerarios personalizados de inserción e medidas de natureza semellante que regule e aplique o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma con competencias en materia de emprego.




Artigo 69. Programas específicos de formación para o emprego

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma, a través da consellería competente en materia de emprego, poderá establecer programas específicos de formación para persoas con necesidades formativas especiais ou que teñan dificultades para a súa inserción ou recualificación profesional, de conformidade co previsto nos artigos 22.1.b) e 23.2.c) do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego.
2. Para estes efectos, as persoas que participen do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia consideraranse persoas con necesidades formativas especiais ou con dificultades para a súa inserción ou recualificación profesional e, en consecuencia, poderanse beneficiar dos programas subvencionados para o dito fin, nos termos que se establezan na súa normativa reguladora. En todo caso, na execución destes programas impulsárase a participación das administracións locais e doutras entidades públicas ou entidades sen ánimo de lucro que teñan entre os seus fins a formación ou inserción profesional dos colectivos de traballadores e traballadoras aos que de maneira específica se dirixen estes programas.
3. Todas as entidades que participen na execución destes programas específicos dirixidos ás persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia deberán estar inscritas ou acreditadas, segundo proceda en cada caso, no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da consellería competente en materia de emprego.



Artigo 70. Cualificación profesional

Nas convocatorias realizadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma para o recoñecemento das competencias adquiridas por experiencia profesional e formación de carácter non formal valoraranse a experiencia e a formación recibida polas persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia, así como a experiencia e a formación recibidas nos itinerarios formativos polas persoas contratadas nas empresas de inserción.



Artigo 71. Incentivos á contratación

Para favorecer a súa incorporación laboral, a Administración xeral da Comunidade Autónoma considerará colectivo prioritario o integrado polas persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia, tanto para a regulación dos incentivos á contratación por conta allea como no tocante aos incentivos ao autoemprego e ao fomento da economía social.



Artigo 72. Outras liñas de promoción do emprego

As persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia tamén serán consideradas como colectivo prioritario para participar nos programas de cooperación con outras administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro para a realización de obras e servizos en xeral, así como para a súa participación en programas mixtos de emprego.



CAPÍTULO IV

Recoñecemento ás empresas inclusivas


Artigo 73. Selo distintivo

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma promoverá a responsabilidade social das empresas no ámbito da inclusión laboral de persoas en situación ou risco de exclusión social e creará para estes efectos o selo distintivo de empresa inclusiva.
2. Na concesión do dito selo distintivo valorarase de maneira especial a colaboración efectiva das empresas, ademais das obrigas legalmente establecidas, coas medidas positivas de acceso ao emprego das persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia e, en xeral, daquelas afectadas polas situacións descritas no artigo 3 da presente lei e derivadas do Sistema Galego de Servizos Sociais.
3. De maneira singular valoraranse as liñas de colaboración que proporcionen oportunidades de inicio dun itinerario laboral, mediante prácticas laborais ou contratos que teñan por obxecto a formación e a aprendizaxe, así como diferentes alternativas de formación-emprego nun ámbito laboral normalizado.



Artigo 74. Empresas destinatarias

Poderán ser destinatarias do selo distintivo regulado neste capítulo as entidades empresariais con domicilio social en Galicia ou con axencia, sucursal, delegación ou equivalente de carácter permanente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.




Artigo 75. Beneficios

Estableceranse regulamentariamente o logotipo de empresa inclusiva e as condicións para o seu uso e as formas en que a Administración xeral da Comunidade Autónoma fará pública a distinción regulada neste capítulo.



Artigo 76. Validez do recoñecemento

O recoñecemento de empresa inclusiva terá unha validez temporal, de acordo co calendario e criterios de avaliación que se determinen regulamentariamente.



TÍTULO V


Prevención da exclusión social nas zonas de intervención social especial

Artigo 77. Zonas de intervención social especial

1. Recoñeceranse como zonas de intervención social especial aquelas áreas urbanas ou periurbanas nas cales se acredite unha concentración significativa ou anómala de situacións de exclusión social en que conflúa:

- a) Unha delimitación espacial definida.
- b) Unha degradación urbanística, manifestada na presenza de infravivenda e chabolismo.
- c) A concorrencia de circunstancias sociais específicas que impida ou dificulte a integración social da súa poboación.

2. Desenvolveranse regulamentariamente os criterios expresados no número anterior.



Artigo 78. Declaración

A Administración xeral da Comunidade Autónoma poderá de oficio ou por instancia dos concellos afectados declarar un determinado espazo territorial como zona de intervención social especial. Para a dita declaración será preceptivo, en calquera caso, o informe do concello correspondente.



Artigo 79. Plan integral de transformación


1. Por instancia do concello ou concellos afectados, a Comisión Interdepartamental de Servizos Sociais e Inclusión Social definida no artigo 65 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, poderá aprobar un plan integral de transformación para as zonas identificadas como de intervención social especial.
2. O plan integral de transformación articulará a cooperación entre os concellos e os diferentes departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma con competencias que incidan directamente nos servizos públicos e nas condicións de vida das persoas da zona de intervención especial, así como na remoción dos atrancos que dificulten a normalización das súas condicións de vida. En especial, participarán os departamentos con competencias en vivenda, urbanismo, educación, sanidade, traballo e servizos sociais.
3. Así mesmo, se fose o caso, por concorreren circunstancias que así o xustifiquen, solicitarase a colaboración da Subdelegación do Goberno.
4. No plan integral de transformación estableceranse as actuacións por departamentos, e asignarase, así mesmo, ao concello o desenvolvemento das actividades que correspondan en función da repartición de competencias establecida polas leis. A este respecto, o concello, de ser necesario, realizará e impulsará unha proposta de modificación urbanística para posibilitar o proceso de transformación.



Artigo 80. Seguimento

1. O órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma competente en materia de servizos sociais reforzará o financiamento dos servizos sociais comunitarios dos concellos en que sexan declaradas zonas de intervención social especial, de maneira que, mediante un equipo técnico cualificado, se asegure un seguimento personalizado das persoas e familias, así como a execución dos proxectos sociais e o impulso da coordinación transversal sobre o territorio.

2. Cando se trate de asentamentos chabolistas, con independencia de que exista a declaración expresa de zona de intervención social especial, os servizos sociais comunitarios e os órganos de control do Sistema Galego de Servizos Sociais garantirán que entre os compromisos por parte das persoas beneficiarias da Risga ou das AIS estará o de participación activa nun itinerario de cambio residencial en que se concreten os pasos necesarios para o logro do efectivo realoxamento nunha vivenda normalizada.



TÍTULO VI

Órganos de control, seguimento e coordinación

Artigo 81. Órganos de control e seguimento

Son órganos de control e seguimento da aplicación da renda de inclusión social de Galicia e do Plan galego de inclusión social o Consello Galego de Benestar Social e a Mesa Galega de Servizos Sociais, regulados, respectivamente, nos artigos 40 e 42 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.



Artigo 82. Órgano de coordinación

1. A Comisión Interdepartamental de Servizos Sociais e Inclusión Social prevista na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, será o órgano de coordinación das actuacións que incidan na inclusión social das diferentes consellerías da Xunta de Galicia.
2. Ademais das funcións que expresamente lle encomenda o artigo 65 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, serán funcións da Comisión Interdepartamental de Servizos Sociais e Inclusión Social, en relación coas materias reguladas na presente lei:
 - a) Emitir informe sobre o Plan galego de inclusión social.
 - b) Aprobar, por solicitude da corporación local interesada, e por proposta do departamento responsable do Sistema Galego de Servizos Sociais, un plan integral de transformación para áreas territoriais declaradas zonas de intervención social especial.



TÍTULO VII

Réxime de competencias

Artigo 83. Competencias da Xunta de Galicia

Correspóndelle á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia o exercicio das seguintes funcións:

1. A elaboración das normas de desenvolvemento desta lei.
2. O control e a inspección da aplicación das medidas previstas nesta lei segundo os criterios, medios e procedementos establecidos no título VIII da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
3. A avaliación xeral da aplicación da renda de inclusión social de Galicia, das axudas de inclusión social e demais medidas reguladas nesta lei.
4. A concesión, a denegación, a modificación, a suspensión, a extinción e o pagamento da renda de inclusión social de Galicia, nas súas distintas modalidades e tramos, e das axudas de inclusión social.
5. A coordinación efectiva das políticas de fomento do emprego cos principios e medidas de acción positiva a favor das persoas en risco de exclusión social contidas nesta lei.
6. A proposta de financiamento dos programas que en desenvolvemento da presente lei se inclúan no proxecto dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
7. A implantación e financiamento da rede de servizos sociais precisos para a eficaz aplicación das medidas de inserción reguladas nesta lei, en coherencia co establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.


8. A proposta de convenios con outras comunidades autónomas que permitan o mantemento de dereitos adquiridos ou en curso de adquisición por persoas beneficiarias veciñas das respectivas comunidades autónomas en virtude do principio de reciprocidade.
9. A aprobación e actualización do Plan galego de inclusión social.
10. Cantas outras competencias lle correspondan por norma de rango legal ou regulamentario.



Artigo 84. Competencias dos concellos

Correspóndelle aos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia o exercicio das seguintes funcións:

1. En cooperación coa Xunta de Galicia, implantar e desenvolver os servizos sociais comunitarios necesarios para a aplicación do disposto nesta lei, consonte o establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
2. A través dos servizos sociais comunitarios básicos, correspóndelles aos concellos:
 - a) A detección das persoas en situación de exclusión e o asesoramento e información sobre os recursos existentes e os programas e prestacións desenvolvidos nesta lei.
 - b) A recepción das solicitudes de valoración social e a emisión do correspondente informe social e proposta sobre a idoneidade da prestación das persoas e unidades de convivencia, previos á solicitude da renda e das axudas de inclusión social.
 - c) A documentación en relación cos requisitos sociais das solicitudes da renda e das axudas de inclusión social.
 - d) A certificación acreditativa da situación de risco ou exclusión social que resulte preceptiva para a incorporación prioritaria aos programas de fomento do emprego e empresas de inserción social que se determine regulamentariamente.
 - e) A elaboración e seguimento dos proxectos de integración social e de integración sociofamiliar.
 - f) A valoración sobre a posibilidade de incorporación ao tramo de inserción, sen prexuízo da asignación desta función, se é o caso, aos servizos sociais comunitarios específicos.



3. Cantas outras competencias lles correspondan por norma de rango legal ou regulamentario.


4. Ademais, os concellos, por si mesmos, ou de acordo con fórmulas de cooperación administrativa establecidas na Lei 13/2008, do 3 de decembro, desenvolverán servizos comunitarios específicos, que se concretarán nos equipos técnicos definidos nos artigos 57 e seguintes desta lei.



Artigo 85. Da colaboración entre administracións públicas

A Administración autonómica e local colaborarán na execución das medidas impulsadas pola presente lei, no marco da distribución de competencias establecido neste título, así como no título VII da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Para estes efectos:

- a) Facilitarán o intercambio e a cesión de datos, para o que compartirán o sistema de información que se estableza de acordo co previsto no artigo 40 desta lei e no artigo 16.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- b) Cooperarán para a efectiva realización das revisións periódicas e seguimento das persoas beneficiarias das prestacións económicas reguladas nesta lei.
- c) Cooperarán no uso eficiente dos recursos públicos e, en particular, para que as medidas reguladas nesta lei sexan realmente efectivas na consecución dos obxectivos de inserción social e laboral.
- d) Impulsarán a comunicación, o intercambio de experiencia e a formación conxunta do persoal técnico das administracións locais e autonómica nas áreas de tramitación e seguimento das medidas reguladas nesta lei.




Disposición adicional primeira. Financiamento

Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma incluírán as partidas necesarias para o financiamento dos programas previstos nesta lei, sen prexuízo dos programas que se vinculan ao Servizo Público de Emprego.




Disposición Adicional Segunda. Información

A Xunta de Galicia informará anualmente o Parlamento de Galicia sobre o desenvolvemento desta lei no seo da comisión correspondente.



Disposición Adicional Tercera. Referencias normativas

As remisións e referencias normativas á Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, entenderanse feitas, no sucesivo, á nova Lei de inclusión social de Galicia.



Disposición Transitoria Primeira. Determinación do importe das axudas de inclusión social

Mentres non se diten as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do artigo 50 desta lei, para determinar en cada caso concreto o importe dos distintos tipos de axudas de inclusión social reguladas no artigo 39 atenderase á situación económica e familiar da persoa solicitante, cos seguintes límites:

1. As axudas de tipo a) non poderán, en ningún caso, superar dúas veces e media o importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM). Só se poderá conceder unha axuda deste tipo cada dous anos.
2. As axudas de tipo b) non poderán, en ningún caso, superar dez veces o importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM). Só se poderá conceder unha axuda deste tipo cada cinco anos.
3. As axudas de tipo c), e) e d) non poderán, en ningún caso, superar o dobre da contía mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM). Só se poderá conceder unha axuda deste tipo cada dous anos.
4. As axudas de tipo f) e g) non poderán, en ningún caso, superar en dúas veces a contía mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM). Só se poderá conceder unha axuda deste tipo unha vez ao ano.




transalou

Disposición ~~Adicional~~ Segunda. Capacidade económica derivada da disposición de bens patrimoniais dos que se deduza a existencia de medios suficientes para a subsistencia

Mentres non teña lugar o desenvolvemento regulamentario a que se refire o artigo 17 desta lei, os supostos de disposición de bens patrimoniais dos cales se deduza a existencia de medios suficientes para a subsistencia serán os seguintes:

1. Cando a unidade de convivencia dispoña de cantidades líquidas superiores a catro mensualidades do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM), equiparándose a estas cantidades líquidas os títulos e valores.
2. Cando o resto dos bens de que dispoña a unidade de convivencia, excluída a vivenda habitual, teñan unha valoración superior ao importe anual do indicador público da renda de efectos múltiples. Para eses efectos, utilizaranse os seguintes criterios de valoración:
 - a) Para os bens inmobles, o valor catastral.
 - b) Para os vehículos, os valores fixados pola Administración competente para gravar a transmisión de vehículos usados.
 - c) Para o resto dos bens e nos supostos de carencia de referente valorativo, a Administración actuante realizará unha valoración estimativa, que se xustificará debidamente no expediente.

Non obstante, sen prexuízo do anteriormente sinalado, cando se xustifique que o mantemento da titularidade do vehículo ou doutro ben patrimonial concreto sexa necesaria para o desenvolvemento das accións acordadas para a inserción social ou laboral, poderase exceptuar motivadamente o cómputo do dito ben. Igualmente, poderanse exceptuar de maneira motivada os bens patrimoniais para os cales se xustifique unha especial dificultade para facer efectiva a súa venda.



transitoria


Disposición Adicional Terceira. Aplicación desta lei ás persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia regulada pola Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social

1. Aquelas persoas perceptoras da Risga regulada pola Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, manterán durante o exercicio orzamentario correspondente ao ano da entrada en vigor desta lei a percepción da Risga nos termos e condicións en que lles fora concedida.
2. As administracións competentes de acordo co procedemento establecido nesta lei procederán, durante o exercicio inmediatamente seguinte, á revisión dos requisitos e condicións que nesta norma se establecen e a complementar os expedientes coa documentación que proceda, singularmente, cos proxectos de integración social, o acordo socioeducativo dos menores, así como, de ser o caso, o diagnóstico de empregabilidade e o convenio de inclusión sociolaboral.
3. En todo caso, todos os expedientes deberán estar actualizados e recalculados nas correspondentes contías para a súa incorporación á primeira nómina do exercicio seguinte.
4. Sen prexuízo do anterior, aqueles expedientes en que se constate unha idoneidade para a súa incorporación ao novo tramo de inserción consideraranse prioritarios no dito proceso de revisión de condicións, compromisos e contías.



Disposición Derrogatoria Única. Expresa e xenérica

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango contradigan o disposto nesta lei e, especificamente, a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social; a Lei 1/1999, do 5 de febreiro, de modificación da anterior, e a Lei 16/2004, do 29 de decembro, modificativa das dúas leis anteriores.





Disposición Derradeira Primeira. Desenvolvemento normativo

A Xunta de Galicia, nun prazo máximo de seis meses desde a publicación desta lei, elaborará as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación.



Disposición Derradeira Segunda. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



Alfonso Rueda Valenzuela

Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2012 13:49
Nº Rexistro: 84936
Data envío: 28/06/2012 13:49:11.092


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz e ao abeiro do artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **EMENDA Á TOTALIDADE**, con petición de devolución, ao Proxecto de lei de Inclusión Social de Galiza [-08/PL-0045 (883635)].

O Proxecto de Lei de Inclusión Social de Galiza remítese ao Parlamento nun contexto de fonda crise económica que pon de manifesto, se cadra con maior intensidade que nunca, a necesidade de artellar un sistema público de inclusión que garanta unha renda mínima que permita disfrutar de condicións de vida dignas e participación social plena a toda a cidadanía galega, sen exclusións de ningún tipo.

O texto remitido polo Goberno constitúe un certo avance no deseño dun sistema de inclusión que estableza como meta a formación e o emprego, mais os recursos que acompañan o proxecto revélanse escasos tanto para facer fronte ás necesidades reais de inserción no noso país como para garantir unha renda mínima á cidadanía galega en situación de risco de pobreza e exclusión social.

Segundo o enquérito de condicións de vida elaborado polo INE e publicado tamén nas páxinas do Instituto Galego de Estatística, nos catro últimos anos dispoñíbeis a porcentaxe de fogares que obteñen rendas do traballo en Galiza descendeu en preto de 8 puntos porcentuais, ficando no 32,92% do total no último ano dispoñíbel.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2012 13:49
Nº Rexistro: 84936
Data envío: 28/06/2012 13:49:11.092

Hoxe son xa preto de 25.000 os fogares galegos nos que non hai ningún perceptor de ingresos, e mais de 82.000 os fogares con todos os seus membros activos en paro. A taxa de cobertura das prestacións por desemprego no noso país é das mais baixas do Estado, con mais de 128.000 persoas desempregadas que non perciben ningún tipo de prestación.

Segundo os datos mais recentes publicados polo Consello Xeral do Poder Xudicial, desde que estalara a crise económico-financeira, mais de 7.300 familias galegas teñen sido afectadas por procesos de execucións hipotecarias.

Neste contexto o 60% dos fogares galegos manifestan ter dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes, 600.000 galegos e galegas atópanse no limiar da pobreza e segundo os informes máis recentes de organizacións de iniciativa social como Cáritas máis de 100.000 persoas viven xa en Galiza en condicións de pobreza severas.

Paradoxalmente a memoria económica que acompaña o Proxecto de Lei non se fai eco desta situación. As previsións orzamentarias elabóranse como si se tratase dunha situación estacionaria na que os únicos incrementos son os que derivan dos cambios introducidos na configuración e contía das axudas, pero o número de persoas beneficiarias da actual RISGA (5.241 persoas) proxéctase invariábel para os vindeiros exercicios.

Este enfoque choca de plano coa realidade descrita anteriormente, onde o número de persoas necesitadas está a medrar de xeito persistente e acelerado, multiplicándose o



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2012 13:49
Nº Rexistro: 84936
Data envío: 28/06/2012 13:49:11.092


número de persoas en risco de exclusión social e alargándose o universo de potenciais beneficiarios da nova renda de inserción social e das axudas de inclusión.

Por outra banda, tal e como poñen de manifesto as consideracións xerais verquidas no ditame do Consello Económico e Social de Galiza, reiterase en numerosas ocasións ao longo do Proxecto de Lei referencias a entidades de iniciativa social, para atribuírllle funcións que deberían corresponder ás Administracións Públicas, amosando o nesgo desta norma e da práctica política do goberno cara a privatización dos servizos sociais.

Ademais, o Proxecto de Lei impón ás Administracións locais unha parte moi significativa do custe dos servizos sociais comunitarios, nun momento no que estas Administracións carecen de recursos suficientes para financiar eses servizos.

Bótase en falla no texto do Proxecto de lei a necesaria coordinación coas políticas de vivenda e cos servizos dependentes da Consellería competente nesa materia, para levar adiante as necesarias políticas de erradicación da infravivenda e do chabolismo, e para garantir ás persoas en risco de exclusión unha vivenda digna, condición indispensábel para acadar unha verdadeira integración.

Por último, para acadar unha verdadeira coordinación entre os servizos de inclusión social e os servizos de emprego é necesario que se contemplan tamén as dotacións orzamentarias dos programas de promoción de emprego vencellados ás políticas de inclusión, en claro retroceso ao longo desta lexislatura.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2012 13:49
Nº Rexistro: 84936
Data envío: 28/06/2012 13:49:11.092

É por iso que formulamos a presente emenda de totalidade ao Proxecto de Lei de Inclusión Social de Galiza, con petición de devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2012.

Asdo.: Manuel Parga Núñez

Deputado do G.P. do BNG.

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Manuel Parga Núñez na data 28/06/2012 13:48:10

Ana Belén Pontón Mondelo na data 28/06/2012 13:48:13



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario Socialista**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade**, ao **Proxecto de lei de inclusión social de Galicia**, con expresa petición de devolución sobre a base dos seguintes motivos:

A situación social en Galicia é gravísima. Durante esta lexislatura abríronse brechas sociais na cidadanía. Nos últimos tres anos incrementouse o número de persoas desempregadas en Galicia nun 63,25 %, existen máis de 600.000 persoas en Galicia en risco claro de exclusión social. Fronte a esta situación o Goberno popular suprimiu políticas públicas sociais, programas e servizos, deixando ás persoas máis vulnerables en absoluto desamparo. A lexislatura popular foise desenvolvendo a través dunha folla de ruta inequívoca, os recortes no público e a desviación ao privado, que, no marco social, marxina a miles de persoas do sistema público

No eido da inclusión social unha das primeiras medidas do Goberno Feijoo era suprimir os equipos de inclusión das grandes cidades e do Consorcio das Mariñas, unha medida dura, contundentemente respondida, pero sobre a que o Goberno galego non ten dado ningunha rectificación a pesares da gravidade na que colocaba a miles de familias. A demora e os recortes no pago da Risga, os recortes en políticas de loita contra a pobreza en torno a un 50 % nos Orzamentos de Galicia, os recortes dramáticos, en programas de atención ás persoas sen teito, ao pobo xitano, ás minorías étnicas, a supresión das oficinas de inmigración, a privatización dos servizos sociais, con algunha das duras medidas instauradas por un Goberno que, baixo a escusa dunha falsa austeridade, desenvolveu un programa ideolóxico liberal que deixa desprotexidos ao que só contan coas políticas públicas para atopar amparo.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Neste contexto o Goberno, despois de tres anos de anuncios trae á Cámara o Proxecto de lei de inclusión social de Galicia. Se ben o Grupo Parlamentario Socialista non se opón ao feito mesmo da aprobación dun texto que nalgúns aspectos poderíamos concordar se non descansasen en premisas erróneas, resulta insostible que o texto descansa en bases claramente erradas para a cohesión e a viabilidade das políticas sociais.

Dunha banda, a lei proposta carece de partidas económicas para o seu desenvolvemento. Unha vez máis o Goberno volve a utilizar a normativa como instrumento de discurso carente de efectos prácticos. Tanto máis cando a situación económico-social na que se pretende devolver esta lei precisa dunha discriminación positiva pública en favor das políticas sociais como correctoras das terribles inxustizas sociais que a crise e o abandono das políticas sociais por parte do Goberno presidido por Núñez Feijoo ten elevado a Galicia.

Por outra parte, a lei segue a convivir e non contén as bases para modificar unha normativa que debería ser modificada, como é o Decreto de servizos sociocomunitarios, un decreto co que este grupo está frontalmente en contra, un decreto sobre o que se ten posicionado o Consello Consultivo de Galicia, un decreto que significa a desaparición de feito do Plan concertado de políticas sociais, hoxe en día, o instrumento máis importante para a coordinación dos servizos sociais, e que garante a viabilidade, eficacia, proximidade e humanismo dos servizos sociais municipais. Despois das numerosas protestas contra este decreto, o Goberno insiste na senda de baleirar os servizos sociais municipais, o que redunda obviamente na forma de desenvolver as políticas de inclusión en Galicia.

Este proxecto de lei volve, ademais, a deixar en evidencia o “descanso “das políticas públicas nas entidades de iniciativa social. Este grupo parlamentario defende a necesidade das políticas públicas dirixidas, decididas e coordinadas pola administración pública. Defendemos o público, os servizos públicos, como garantes da igualdade de oportunidades, fundamental sempre, pero absolutamente imprescindible nas políticas que, precisamente, tratan de loitar contra a desigualdade, favorecendo proxectos integrais de inserción social e laboral. O papel fundamental das entidades sociais no acompañamento



Grupo Parlamentario

á administración nas políticas sociais é innegable, mais a substitución das políticas públicas polas das entidades sociais é incomprendible

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Este texto supón ademais a abordaxe da inclusión dende unha perspectiva parcial. Lexislar sobre inclusión significa lexislar sobre todas as condicións humanas, económicas e sociais que inflúen na situación dramática de exclusión social e marxinalidade. Illar esta cuestión de políticas de vivenda, convivencia, educación, ou con proxectos parciais de traballo conduce a parches e non a solucións reais.

Doutra banda, bótanse en falta mecanismos efectivos de coordinación entre as diferentes administracións implicadas, así como a necesidade de potenciar ás administracións locais como servizos máis próximos ás persoas e familias afectadas como vehículos efectivos de prestación de políticas públicas inmediatas, máis aínda cando este proxecto entra nun marco de asfixia aos concellos por parte da Xunta de Galicia, e no boicot, como antes se lembraba ao Plan concertado de servizos sociais, cuxo protagonismo reclamamos desde este grupo parlamentario. Por todas estas cuestións solicitamos a expresa petición de devolución deste proxecto de lei.

Pazo do Parlamento, 29 de xuño de 2012

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/06/2012 13:47:27

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 02.08.2012

Hora: 16:00

Orde do día

- 1.2 Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do Proxecto de lei de adaptación das disposicións básicas do Real decreto 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade en materia de emprego público, e se é o caso, debate e votación do proxecto de lei.

08/PL-0049 (85462)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 740, do 31.07.2012





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/inv




Para a súa tramitación no Parlamento de Galicia, polo procedemento de lectura única ao que se refire o artigo 134 do Regulamento da Cámara e, no seu caso, polo procedemento de urxencia do artigo 98.1 do mesmo Regulamento, achégolle o "**Proxecto de lei de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, en materia de emprego público**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 20 de xullo de 2012.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co Visto e Prace do Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2012

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



ALFONSO RUEDA VALENZUELA, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO
CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA

CERTIFICADO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte de xullo de dous mil doce adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

“Aprobar o *Proxecto de lei de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, en materia de emprego público*, coa solicitude da súa tramitación en lectura única, de conformidade co disposto no artigo 134 do Regulamento da Cámara e de ser o caso polo procedemento de urxencia establecido no artigo 98.1 do devandito Regulamento”.

E para que conste asino esta certificación, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela o vinte de xullo de dous mil doce.


Vº e Prace
O PRESIDENTE





XUNTA DE GALICIA

**PROXECTO DE LEI DE ADAPTACIÓN DAS DISPOSICIÓNS BÁSICAS DO REAL
DECRETO LEI 20/2012, DO 13 DE XULLO, DE MEDIDAS PARA GARANTIR A
ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DE FOMENTO DA COMPETITIVIDADE, EN
MATERIA DE EMPREGO PÚBLICO.**





EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O obxecto da presente lei é adaptar á normativa da Comunidade Autónoma de Galicia as disposicións do Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Durante o ano 2008 a economía comeza a dar síntomas de esgotamento, para iniciar a finais de ano unha importante recesión. Ós problemas estruturais da nosa economía e do resto do país, engádenselle, agravando a situación, unha crise financeira mundial e unhas políticas económicas que non fan senón agravar os desequilibrios macroeconómicos existentes.


En efecto, a ausencia de políticas de axuste estrutural e consolidación fiscal serias a nivel central supuxo que, tras varios meses de leve recuperación en 2011, a economía reaccionou moi negativamente a unha deterioración das perspectivas na zona euro, debuxando unha saída da crise en W tal e como se puxo de manifesto.

Ós desequilibrios que estaban pendentes de resolver na economía española uniuse, nesta ocasión, unha crise de confianza dos mercados financeiros, á que non son alleos distintos problemas institucionais da zona euro.

Esta difícil situación do ámbito económico tradúcese nunha importante caída dos ingresos non financeiros. O impacto deste abrupto descenso dos ingresos amortécese só parcialmente cun maior recurso á débeda pública, se ben os niveis de endebedamento alcanzados non son sostibles a medio prazo. A actual situación de inestabilidade dos mercados financeiros, supón un forte endurecemento das condicións de financiamento dos axentes públicos e privados, acurtando o prazo de sostibilidade do recurso á débeda pública.

Tanto para gañar a credibilidade perdida e facilitar o acceso a un financiamento a un prezo razoable como para iniciar unha senda de crecemento económico estable e xeradora de emprego, urxe seguir aplicando con rigor políticas de consolidación fiscal e o impulso de novas reformas estruturais. Igualmente importante é a súa articulación a medio prazo dun modo verosímil. Todo isto implica unha variedade de políticas con obxectivos claros en termos de datas de posta en marcha e consecuencias sobre o crecemento, cifradas dentro dun marco macroeconómico coherente e plurianual.

Polo tanto, atopámonos ante un escenario de complexidade crecente, no que no ámbito da nova gobernanza fiscal europea, os diferentes niveis de administración deben





propoñer e aplicar de forma coordinada unha complexa batería de actuacións, debidamente cuantificadas e cun prazo determinado de aplicación.

É neste ámbito no que se elaboran os plans de reequilibrio económico financeiro da Comunidade Autónoma e de estabilidade e crecemento do Reino de España. Desenvólvese un sistema de seguimento destes e tómanse medidas de axuste *ad hoc* para cumprir estritamente cos obxectivos aprobados de estabilidade orzamentaria e endebedamento.

É neste contexto, de empeoramento das circunstancias macroeconómicas e financeiras e de programación da senda de consolidación fiscal, onde se enmarcan as medidas de axuste aprobadas no Real decreto-lei 20/2012, gran parte das cales constitúen normativa básica, polo tanto, de obrigada aplicación e que constitúe parte das medidas tomadas polo goberno do Estado para paliar o desfase orzamentario co que pechou o exercicio 2011.


A actual conxuntura económica e a necesidade de reducir o déficit público sen menoscabar a prestación dos servizos públicos esenciais, fai necesario mellorar a eficiencia das Administracións Públicas no uso dos recursos públicos, co obxecto de contribuír á consecución do inescusable obxectivo de estabilidade orzamentaria, derivado do marco constitucional e da Unión Europea.

II

As actuais circunstancias do proceso de consolidación fiscal e de sostibilidade das contas públicas esixe das Administracións Públicas continuar adaptando unha serie de medidas extraordinarias e cuxa adopción debe ser urxente, dirixidas a racionalizar e reducir o gasto de persoal das Administracións Públicas e a incrementar a eficiencia da súa xestión.

Estas medidas derivan da aplicación pola Administración Xeral do Estado do Programa Nacional de Reformas 2012, marco no que se debe comprender este proceso de modernización e racionalización das Administracións Públicas, como complemento aos axustes exclusivamente fiscais e a redución de estruturas administrativas. Débense adoptar medidas que aforren gastos de persoal e incrementen a calidade e produtividade do emprego público, no que incide o Real decreto-lei 20/2012.

Por iso, adóptanse diversas actuacións que avanza na optimización de recursos, a mellora na xestión e na transparencia da Administración e o incremento da produtividade dos empregados públicos.





Trátanse de medidas que se deben adoptar de xeito conxunto para ofrecer un cambio estrutural e coherente que permita, contemplado na súa totalidade, a satisfacción dos obxectivos de austeridade e eficiencia nas Administracións Públicas.

Por outro lado, parte destas medidas teñen carácter temporal ou está prevista a súa aplicación só cando concorran circunstancias excepcionais, quedando supeditada a súa vixencia á subsistencia da difícil conxuntura económica actual que afecta á sostibilidade das contas públicas ou a que razóns de interese público fixeran necesaria a súa aplicación no futuro.

III


A lei estruturase en dous artigos, doce disposicións adicionais e tres finais co seguinte contido:

Suprímese, para o ano 2012, a paga extraordinaria do mes de decembro, así como a paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do dito mes. As cantidades derivadas da supresión destas pagas serán obxecto de recuperación en exercicios futuros, sempre que se prevea o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e nos termos e co alcance que se determine nas correspondentes leis de orzamentos.

Esta supresión afectará, en primeiro lugar, ó persoal do sector público definido no artigo 13.Seis da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012. En particular aplicarase ó persoal funcionario e estatutario, ó persoal laboral, ó persoal laboral de alta dirección, ó persoal con contrato mercantil e non acollido a convenio colectivo que non teña a consideración de alto cargo, así como ó persoal incluído no ámbito de aplicación do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables ós órganos de goberno ou dirección e ó persoal directivo das entidades do sector público autonómico.

A paga extraordinaria non se suprimirá ós/ás empregados/as públicos/as cuxas retribucións non alcancen en cómputo anual 1,5 veces o salario mínimo interprofesional establecido no Real decreto 1888/2011, do 30 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2012.

Así mesmo, reduciránselle unha catorceava parte das retribucións totais anuais ós/ás altos cargos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, ós/ás membros do





Consello de Contas de Galicia e do Consello Consultivo de Galicia, ó persoal eventual, ás persoas titulares das presidencias e vicepresidencias, das direccións xerais, das xerencias e outras direccións ou asimiladas que desenvolvan funcións executivas de máximo nivel, nos centros de xestión do SERGAS e nos entes e organismos dependentes.

Recóllese a previsión de adaptar as tarifas das encomendas de xestión ás entidades declaradas medio propio e servizo técnico da comunidade autónoma ó resultado de aplicar a presente lei, así como os importes consignados nos contratos, concertos, convenios e demais negocios xurídicos subscritos pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cando para o cálculo da prestación económica tivéranse en conta os gastos de persoal.


Esténdese o ámbito de aplicación ás universidades integrantes do sistema universitario de Galicia e ás súas entidades instrumentais dependentes, reducíndose as transferencias do fondo incondicionado do sistema de financiamento das universidades no importe derivado da aplicación desta lei.

Establécese o réxime de incompatibilidades da compensación económica establecida no artigo 11 apartado 7 parágrafo 2º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, desenvolvido polo Decreto 211/2007 do 25 de outubro, e créanse dous rexistros, o do persoal directivo da administración instrumental e o dos órganos de representación do persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma.

Prevese a suspensión dos pactos, convenios e acordos cando conteñan cláusulas contrarias ó disposto nesta lei ou cando se produza unha alteración substancial das circunstancias económicas.

Esténdese a aplicación do artigo 2 da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia ó persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia que se atope adscrito ós réximes especiais de seguridade social do mutualismo administrativo ó obxecto da súa equiparación co persoal que se atopa no réxime xeral, para que non exista un tratamento desigual dos empregados públicos.


Finalmente modifícase o anexo IV da lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012 que contén os módulos económicos de distribución de fondos públicos para o sostemento dos centros concertados educativos.





Artigo 1. *Paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público autonómico.*

1. No ano 2012 o persoal do sector público definido no artigo 13. Seis da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2012, verá reducida a súas retribucións nas contías que corresponde percibir no mes de decembro como consecuencia da supresión tanto da paga extraordinaria, como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do dito mes.
2. Para facer efectivo o disposto no apartado anterior, se adoptarán as seguintes medidas:
 - a) O persoal funcionario e estatutario non percibirá no mes de decembro as cantidades a que se refire o artigo 13.2 da lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012, referente á paga extraordinaria de decembro en concepto de soldo e trienios. Tampouco se percibirán as contías correspondentes ao resto dos conceptos retributivos que integran tanto a paga extraordinaria como a paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do mes de decembro.
 - b) O persoal laboral do sector público autonómico non percibirá as cantidades en concepto de gratificación extraordinaria con ocasión das festas de Nadal ou paga extraordinaria ou equivalente do mes de decembro do ano 2012. Esta redución comprenderá a de todos os conceptos retributivos que forman parte de dita paga de acordo cos convenios colectivos que resulten de aplicación.
 - c) A aplicación directa desta medida realizarase na nómina dos mes de decembro do 2012, sen prexuízo de que poda alterarse a distribución definitiva da redución nos ámbitos correspondentes mediante a negociación colectiva, podendo, neste caso, acordarse de que dita redución se execute de maneira prorrateada entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor do Real decreto lei 20/2012.
 - d) A redución retributiva, establecida no apartado 1 deste artigo, será tamén de aplicación ao persoal laboral de alta dirección, ao persoal con contrato





mercantil e ao non acollido a convenio colectivo que non teña a consideración de alto cargo.


Ó persoal incluído no ámbito de aplicación do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico non percibirá a contía correspondente coa paga extraordinaria de decembro, calculada sobre a retribución máxima prevista no artigo 9 do dito Decreto.

No caso de que o devandito persoal perciba as pagas extraordinarias e adicionais do mesmo xeito que o persoal funcionario ou estatutario, a minoración aplicarase nos termos establecidos no apartado 2.1. No caso contrario minorarase unha catorceava parte das retribucións totais, que se prorrateará entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partires da entrada en vigor desta lei.

e) As cantidades derivadas da supresión da paga extraordinaria e das pagas adicionais do complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de acordo co disposto neste artigo serán obxecto de recuperación en exercicios futuros, con suxeición ao establecido na Lei orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e nos termos e con alcance que se determine nas correspondentes leis de orzamentos.

f) Naqueles casos nos que non se contemple expresamente no seu réxime retributivo a percepción de pagas extraordinarias ou se perciban máis de dous ao ano reducirase una catorceava parte das retribucións totais anuais excluídos incentivos ao rendemento. Dita redución prorratearase entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partires da entrada en vigor desta lei. Neste apartado deberá entenderse comprendido o suposto do artigo 19 da Lei 11/2011, relativo ás persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior.

g) O disposto nos apartados anteriores non será de aplicación a aqueles empregados/as públicos/as cuxas retribucións por xornada completa, excluídos incentivos ao rendemento, non alcancen en cómputo anual 1,5 veces o salario mínimo interprofesional establecido no Real decreto 1888/2011, do 30 de decembro.






Artigo 2 Paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 dos altos cargos e outro persoal directivo

1. Ós/As altos cargos da Administración da Xunta de Galicia, ós/ás membros do Consello de Contas de Galicia e ós/ás membros do Consello Consultivo de Galicia, reduciránselle una catorceava parte das retribucións totais anuais que figuran no artigo 17.un, dous e tres.
2. O persoal titular das presidencias e vicepresidencias e, se é o caso, das direccións xerais, xerencias outras direccións ou asimiladas que desenvolvan funcións executivas de máximo nivel, nos centros de xestión do SERGAS e nos entes e organismos dependentes, non percibirá a contía correspondente coa paga extraordinaria de decembro.

No caso de que o devandito persoal perciba as pagas extraordinarias e adicionais do mesmo xeito que o persoal funcionario ou estatutario, a minoración aplicarase nos termos establecidos no artigo 1.2.a). No caso contrario minorarase unha catorceava parte das retribucións totais, que se prorratareá entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partires da entrada en vigor desta lei.






Disposición adicional primeira. *Medidas en relación cos traballadores das empresas de servizos contratadas pola Administración.*

A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e os entes instrumentais que pertencen ao sector público autonómico de acordo co artigo 3.1 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ditarán nos seus respectivos eidos competenciais as instrucións pertinentes para a correcta execución dos servizos externos que contrataran, de xeito que quede clarificada a relación entre os/as xestores/xestoras da Administración e o persoal da empresa contratada, evitando, en todo caso, actos que puideran considerarse como determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral, sen prexuízo das facultades que a lexislación de contratos do sector público recoñeza ao órgano de contratación en orden á execución dos contratos. A tal fin a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e os entes instrumentais ditarán antes do 31 de decembro de 2012 as instrucións pertinentes para evitar actuacións que puideran considerarse como determinantes para o recoñecemento de unha relación laboral.


No suposto de que en virtude de sentenza xudicial os/as traballadores/as das empresas se converteran en persoal laboral da Administración, o salario a percibir será o que corresponda á súa clasificación profesional de acordo co convenio colectivo aplicable ao persoal laboral da Xunta de Galicia, sendo necesario informe favorable dos órganos competentes en materia de función pública e custes de persoal.





Disposición adicional segunda. *Personal eventual.*


Ás retribucións do persoal eventual regulado no artigo 7 do Texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, aplicaráselles unha redución da catorceava parte das retribucións totais anuais. A citada minoración prorratearase entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partires da entrada en vigor desta lei.





Disposición adicional terceira. *Encomendas de xestión.*

As tarifas das encomendas de xestión ás entidades declaradas medio propio e servizo técnico da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e demais entes, organismos e entidades dependentes, reduciránse na parte proporcional que corresponda á aplicación do artigo 1.2 da presente lei.





Disposición adicional cuarta. *Concertos, contratos, convenios de colaboración e demais negocios xurídicos.*

Os importes dos concertos, contratos, convenios de colaboración e demais negocios xurídicos que suscribira a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia adecuaranse ás novas condicións retributivas que se derivan das previsións da presente Lei, cando para o cálculo da prestación económica tiveranse en conta os gastos de persoal.






Disposición adicional quinta. *Paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 do persoal das entidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia.*

A universidades integrantes del sistema universitario de Galicia e as súas entidades instrumentais dependentes, realizarán as operacións precisas para aplicar a redución da percepción da paga extarordinaria de decembro na contida e co alcance sinalado no artigo 1.2.


As transferencias do fondo incondicionado do sistema de financiamento do sistema universitario de Galicia reduciránse na contía equivalente ás retribucións reducidas.





Disposición adicional sexta. *Suspensión de pactos, acordos e convenios.*

Suspendense e quedan sen efecto os acordos, pactos e convenios para o persoal do sector público definido no artigo 13.Seis da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2012, suscritos polas Administracións públicas e os seus organismos e entidades que conteñan cláusulas que se opoñan ao disposto na presente lei.





Disposición adicional sétima. *Réxime de incompatibilidades da compensación económica establecida no artigo 11, apartado 7, parágrafo 2º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia*

1. A compensación económica establecida no artigo 11 apartado 7 parágrafo 2º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, desenvolvido polo Decreto 211/2007 do 25 de outubro, con ocasión do cesamento na titularidade da Presidencia da Xunta de Galicia, é incompatible con calquera retribución con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas, dos entes, organismos e empresas deles dependentes, ou con cargo aos dos órganos constitucionais ou que resulte da aplicación de arancel, así como con calquera retribución que proveña dunha actividade privada, con excepción das previstas no artigo 7 da Lei 9/1996, de 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica.

Para estes efectos considérase tamén actividade no sector público a desenvolvida polos membros electivos das Cortes Xerais, das Asembleas lexislativas das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, pólos/as altos cargos e restante persoal dos órganos constitucionais e de todas as Administracións Públicas, incluída a Administración de Xustiza.

2. A devandita compensación económica ao cesamento será, así mesmo, incompatible coa percepción da pensión de xubilación ou retiro por Dereitos pasivos, ou por calquera réxime de Seguridade Social público e obrigatorio.

3. Quen cese no devandito cargo terá un prazo de quince días hábiles, a contar dende o que conorra a incompatibilidade para comunicar ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Consellería competente en materia de Facenda, a súa opción entre a percepción da compensación económica ou a retribución da actividade pública ou privada que este desempeñando ou, no seu caso, percepción da pensión de xubilación ou retiro. A opción pola retribución pública ou privada, ou pola pensión de xubilación ou retiro que se formalizará por escrito para a súa axeitada constancia, implica a renuncia á compensación económica prevista con ocasión do cesamento.



4. Unha vez recibida a devandita comunicación, a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, remitiráa ao centro pagador.

5. A falta de opción no prazo sinalado, entenderase como renuncia a percibir a compensación a que se refire o apartado 1 optando por percibir a retribución correspondente ao cargo ou actividade que pase a exercer ou, no seu caso, a pensión de xubilación ou retiro.





Disposición adicional oitava. *Rexistro do persoal directivo da administración instrumental.*

Crease, na consellería competente en materia de función pública, o Rexistro do Persoal Directivo da Administración Instrumental.

Os contratos de alta dirección axustados ás condicións retributivas derivadas da aplicación do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico depositaranse en dito rexistro.


Mediante orde da consellería competente en materia de función pública regularanse as características e o funcionamento deste rexistro.



Disposición adicional novena. *Rexistro de órganos de representación do persoal ó servizo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus entes, organismos e entidades dependentes.*

Créase, na consellería competente en materia de función pública, un Rexistro de Órganos de Representación do Persoal ó servizo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus entes, organismos e entidades dependentes.


Mediante orde da consellería competente en materia de función pública regularanse as características e o funcionamento deste rexistro.





Disposición adicional décima. *Suspensións ou modificacións de convenios colectivos, pactos e acordos que afecten ao persoal laboral por alteración substancial das circunstancias económicas.*


Aos efectos do previsto nos artigos 32 e 38.10 do Estatuto Básico do Empregado Público entenderase que concorre causa grave de interese público derivada da alteración substancial das circunstancias económicas cando as Administracións Públicas deban adoptar medidas ou plans de axuste, de reequilibrio das contas públicas ou de carácter económico financeiro, para asegurar a estabilidade orzamentaria ou a corrección do déficit público.





Disposición adicional décimo primeira. *Destino dos aforros derivados desta lei.*


Autorízase á consellería competente en materia de Facenda para que efectúe as retencións de créditos oportunas nas partidas orzamentarias nas que se reduce o gasto correspondente derivado da aplicación desta lei, para o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nos termos da Lei orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.





Disposición adicional décimo segunda. *Incapacidade temporal nos réximes especiais da seguridade social do mutualismo administrativo.*

O persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia que se atope adscrito ós réximes especiais de seguridade social do mutualismo administrativo lle será de aplicación o disposto no artigo 2 da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.





Disposicións finais

Primeira. *Modificación da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012.*

O anexo 4 da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012, queda redactado da seguinte forma:

Artigo 55

Módulos económicos de distribución de fondos públicos para o sostementto de centros concertados

Año 2012	Importe anual (€)
----------	-------------------

Educación infantil:

(Ratio profesor / unidade: 1,08:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	28.343,23
Gastos variables	3.857,73
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	6.962,30
Outros gastos	6.020,95
Importe total anual	45.184,21

Educación primaria:

Centros de ata 6 unidades de primaria

(Ratio profesor / unidade: 1,40:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	36.741,22
Gastos variables	5.000,77
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	9.025,24
Outros gastos	6.020,95
Importe total anual	56.788,18

Centros de máis de 6 unidades de primaria

(Ratio profesor / unidade: 1,36:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	35.691,47
---	-----------



XUNTA DE GALICIA

Gastos variables	4.857,88
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	8.767,37
Outros gastos	6.020,95
Importe total anual	55.337,67

Educación especial (niveis obrigatorios e gratuítos):

I. Educación básica primaria:

(Ratio profesor / unidade: 1,12:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	29.392,98
Gastos variables	4.000,62
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	7.220,15
Outros gastos	6.422,40
Importe total anual	47.036,15

Persoal complementario (Logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos educativos, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialidade de audición e linguaxe e coidador/a), segundo deficiencias:

Psíquicos	19.110,94
Autistas ou problemas graves de personalidade	22.069,97
Auditivos	17.781,98
Plurideficientes	22.069,97


II. Programas de formación para a transición á vida adulta:

(Ratio profesor / unidade: 2:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	52.487,45
Gastos variables	4.686,73
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	12.893,13
Outros gastos	9.058,94
Importe total anual	79.126,25

Persoal complementario (Logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos educativos, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialidade de audición e linguaxe e coidador/a), segundo deficiencias:

Psíquicos	30.513,25
Autistas ou problemas graves de personalidade	33.930,36
Auditivos	23.641,71
Plurideficientes	33.930,36





Educación secundaria obrigatoria:

I. Primeiro e segundo curso:

Centros de ata 4 unidades de ESO (1)

(Ratio profesor / unidade: 1,56:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	48.076,43
Gastos variables	9.231,25
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	12.834,39
Outros gastos	7.827,26
Importe total anual	77.969,33

Centros de máis de 4 unidades de ESO (1)

(Ratio profesor / unidade: 1,52:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	46.843,70
Gastos variables	8.994,56
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	12.505,31
Outros gastos	7.827,26
Importe total anual	76.170,83

II. Terceiro e cuarto curso:

Centros de ata 4 unidades de ESO

(Ratio profesor / unidade: 1,56:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	48.076,43
Gastos variables	9.231,25
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	10.639,06
Outros gastos	8.639,29
Importe total anual	76.586,03

Centros de máis de 4 unidades de ESO

(Ratio profesor / unidade: 1,52:1)


Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	46.843,70
Gastos variables	8.994,56
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	10.366,26
Outros gastos	8.639,29
Importe total anual	74.843,81

Ciclos formativos:

(Ratio profesor / unidade grao medio: 1,52:1)

(Ratio profesor / unidade: grao superior: 1,52:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais:





XUNTA DE GALICIA

<i>Grupo1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:</i>	
Primeiro curso	45.729,20
Segundo curso	0,00
<i>Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:</i>	
Primeiro curso	45.729,20
Segundo curso	45.729,20
<i>Grupo3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas:</i>	
Primeiro curso	45.729,20
Segundo curso	0,00
<i>Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:</i>	
Primeiro curso	45.729,20
Segundo curso	45.729,20
II. Gastos variables:	
<i>Grupo1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:</i>	
Primeiro curso	6.175,17
Segundo curso	0,00
<i>Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:</i>	
Primeiro curso	6.175,17
Segundo curso	6.175,17
<i>Grupo3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas:</i>	
Primeiro curso	6.646,48
Segundo curso	0,00
<i>Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:</i>	
Primeiro curso	6.646,48
Segundo curso	6.646,48
III. Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	
Ciclos formativos de grao medio	10.366,26
Ciclos formativos de grao superior	10.366,26



IV. Outros gastos:

Grupo 1. Ciclos formativos de:

- Condución de actividades físico deportivas no medio natural.
- Servizos de restaurante e bar.
- Animación turística.
- Estética persoal decorativa.
- Química ambiental.
- Farmacia.
- Hixiene bucodental.

Primeiro curso


10.178,78

Segundo curso

2.380,58

Grupo 2. Ciclos formativos de:

- Xestión administrativa
- Secretariado.
- Mergullo a media profundidade.
- Laboratorio de imaxe.
- Comercio
- Xestión comercial e marketing.
- Servizos ao consumidor.
- Aloxamento.
- Elaboración de aceites e zumes.
- Elaboración de produtos lácteos.
- Elaboración de viño e outras bebidas.
- Matadoiro e carnizaría-chacinaría.
- Muiñaría e industrias cerealistas.
- Laboratorio.
- Fabricación de produtos farmacéuticos e afíns.
- Coidados auxiliares de enfermaría.
- Documentación sanitaria.
- Curtidos.
- Patronaxe.
- Procesos de ennoblecemento téxtil.
- Aceites de oliva y vinos





<i>Primeiro curso</i>	12.376,05
<i>Segundo curso</i>	2.380,58

Grupo 3. Ciclos formativos de:

- Conservaría vexetal, cárnica e de peixe.
- Transformación de madeira e cortiza
- Operacións de fabricación de produtos farmacéuticos.
- Operacións de proceso e pasta de papel.
- Operacións de transformación de plásticos e caucho.
- Industrias de proceso de pasta e papel.
- Industrias de proceso químico.
- Plástico e caucho.
- Operacións de ennoblecemento téxtil

<i>Primeiro curso</i>	14.729,24
<i>Segundo curso</i>	2.380,58


Grupo 4. Ciclos formativos de:

- Encadernados e manipulados de papel e cartón.
- Impresión en artes gráficas.
- Fundición.
- Tratamentos superficiais e térmicos.
- Fabricación industrial de carpintería e moble.
- Calzado e marroquinaría.
- Produción de fiadura e teceduría de calada.
- Produción de tecidos de punto
- Procesos de confección industrial
- Procesos téxtiles de fiadura e teceduría de calada
- Procesos téxtiles de teceduría de punto.
- Operacións de fabricación de produtos cerámicos.
- Operacións de fabricación de vidro e transformados.
- Fabricación e transformación de produtos de vidro.
- Confección

<i>Primeiro curso</i>	17.041,30
<i>Segundo curso</i>	2.380,58

Grupo 5. Ciclos formativos de:

- Realización e plans de obra.





XUNTA DE GALICIA

Asesoría de imaxe persoal.
 Radioterapia.
 Animación sociocultural.
 Integración social.

Primeiro curso

10.178,78

Segundo curso

3.849,67

Grupo 6. Ciclos formativos de:

Operacións de cultivo acuícola.

Primeiro curso


14.729,24

Segundo curso

3.849,67

Grupo 7. Ciclos formativos de:

Elaboración de produtos alimenticios
 Guía de información e asistencia turísticas
 Axencias de viaxes e xestión de eventos
 Explotacións gandeiras.
 Xardinaría.
 Traballos forestais e de conservación de medio natural.
 Xestión e organización de empresas agropecuarias.
 Xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos.
 Administración e finanzas.
 Pesca e transporte marítimo.
 Navegación, pesca e transporte marítimo.
 Producción de audiovisuais, radio e espectáculos.
 Comercio internacional.
 Xestión do transporte.
 Obras de albanaría.
 Obras de formigón.
 Operación e mantemento de maquinaria de construción.
 Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción.
 Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas.
 Óptica de anteollaría.
 Caracterización.
 Perrucaría
 Estética.
 Explotación de sistemas informáticos
 Administración de sistemas informáticos.





XUNTA DE GALICIA

Desenvolvemento de aplicacións informáticas.
Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.
Desenvolvemento de produtos de carpintería e moble.
Prevención de riscos profesionais
Anatomía patolóxica e citoloxía.
Saúde ambiental.
Audiopróteses.
Dietética.
Imaxe para o diagnóstico.
Laboratorio de diagnóstico clínico.
Ortoprotésica.
Educación infantil.
Interpretación da lingua de signos.
Atención sociosanitaria
Xestión de aloxamentos turísticos
Servizos en restauración
Panadería, repostería e confeitaría
Laboratorios de análises e control de calidade
Química industrial
Planta química
Audioloxía protésica
Emerxencias sanitarias
Farmacia e parafarmacia
Educación infantil (actualizado)
Xestión administrativa (actualizado)

Primeiro curso


9.167,25

Segundo curso

11.074,12

Grupo 8. Ciclos formativos de:

Explotacións agrarias extensivas.
Explotacións agrícolas intensivas.
Operación, control e mantemento de maquinaria e instalacións do buque.
Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque.
Equipos electrónicos de consumo
Equipos e instalacións electrotécnicas
Desenvolvemento de produtos electrónicos.
Mantemento electrónico.
Instalacións electrotécnicas.
Sistemas de regulación e control automáticos.
Acabados de construción.





Restauración.
 Mantemento de aviónica.
 Próteses dentais.
 Instalacións eléctricas e automáticas
 Sistemas microinformáticos e redes
 Cociña e gastronomía
 Confección e moda
 Patronaxe e moda
 Producción agropecuaria

Primeiro curso


11.290,71

Segundo curso

12.887,91

Grupo 9. Ciclos formativos de:

Animación de actividades físicas e deportivas.
 Deseño e produción editorial.
 Produción en industrias de artes gráficas.
 Imaxe.
 Realización de audiovisuais e espectáculos.
 Son.
 Sistemas de telecomunicación e informáticos.
 Desenvolvemento de proxectos mecánicos.
 Produción por fundición e pulvimetalurxia.
 Produción por mecanizado.
 Fabricación a medida e instalación de madeira e moble
 Produción de madeira e moble.
 Montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización
 e produción de calor.
 Desenvolvemento de proxectos de instalacións de fluídos,
 térmicas e de manutención.
 Mantemento e montaxe de instalacións de edificios e procesos.
 Carrozaría.
 Electromecánica de vehículos.
 Automoción.
 Mantemento aeromecánico.
 Programación da produción
 Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e fluídos
 Mantemento de proxectos de instalacións térmicas e fluídos
 Carrozaría (actualizado)
 Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica





XUNTA DE GALICIA

Automoción (actualizado).

Primeiro curso

13.279,90

Segundo curso

14.733,80

Grupo 10. Ciclos formativos de:

Procesos de calidade na industria alimentaria

Fabricacion de produtos cerámicos

Produción acuícola.

Preimpresión en artes gráficas.

Xoiaría.

Mecanizado.

Soldadura e caldeiraría.

Construcións metálicas.

Industria alimentaria.

Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas.

Mantemento ferroviario.

Mantemento de equipo industrial.

Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos.

Vitivinicultura

Construcións metálicas (actualizado)

Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos (actualizado).

Primeiro curso

15.361,16

Segundo curso

16.471,77

Programas de cualificación profesional inicial

(Ratio profesor / unidade: 1,44:1)

I. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais

43.322,40

II. Gastos variables

5.850,17

III. Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais


9.906,52

IV. Outros gastos:

Grupo 1

7.502,54

Sobre cualificacións nivel 1 das familias profesionais de:





XUNTA DE GALICIA

Administración.
Comercio e marketing.
Hostalaría e turismo.
Imaxe persoal.
Sanidade.
Servizos socioculturais e á comunidade.
Administración e xestión
Artesanías
Química
Seguridade e medio ambiente


Grupo 2

8.577,66

Sobre cualificacións nivel 1 das familias profesionais de:

Actividades agrarias.
Artes gráficas.
Comunicación, imaxe e son.
Edificación e obra civil.
Electricidade e electrónica.
Fabricación mecánica.
Industrias alimentarias.
Madeira e moble.
Mantemento de vehículos autopropulsados.
Mantemento e servizos á produción.
Téxtil, confección e pel.
Agraria
Imaxe e son
Enerxía e auga
Industrias extractivas
Madeira, moble e cortiza
Transporte e mantemento de vehículos
Marítimo- pesqueira
Instalación e mantemento
Informática

7.502,54




2º curso de PCPI



XUNTA DE GALICIA

Segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase á consellería competente en materia de Facenda para aprobar todas aquelas normas e adoptar todas as medidas necesarias para a aplicación desta lei.






XUNTA DE GALICIA

Terceira. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».



O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Alfonso Rueda Valenzuela

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 02.08.2012

Hora: 16:00

Orde do día

2. Fixación do límite de gasto non financeiro

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 02.08.2012

Hora: 16:00

Orde do día

- 2.1 Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 85618)





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia



Celebrada a Comisión de Secretarios e téndose acordada a inclusión na orde do día do Consello da Xunta de Galicia da aprobación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, rógole que o teña en conta á hora da elaboración da orde do día dunha sesión plenaria do Parlamento de Galicia.

Igualmente solicítolle que este asunto se tramite polo procedemento de urxencia de conformidade ao previsto no artigo 98.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2012

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias,



Conzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

PLENO DO PARLAMENTO

Sesión extraordinaria

2 de agosto de 2012

16:00 horas

Anexo





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

miv



Achégolle certificado do acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2013, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Tamén se achega o informe de estratexia financeiro-fiscal, igualmente establecido nese precepto legal.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2012
O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias,

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, CONSELLEIRO DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E
SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día un de agosto de
dous mil doce adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

- “1. O límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da
Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 fixase en 8.481 millóns
de euros.
2. Este límite poderá axustarse na variación dos ingresos do sistema de
financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de
orzamentos da Administración Xeral do Estado.
3. A conselleira de Facenda remitirá ao Parlamento de Galicia o
presente acordo acompañado da documentación á que se refire o parágrafo
1 do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e
sustentabilidade financeira de Galicia.”

E para que conste asino a presente, co visto e praxe do Sr. Presidente, en
Santiago de Compostela a un de agosto de dous mil doce.



Visto e praxe
O PRESIDENTE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

Informe económico financeiro plurianual 2013-2014

Xullo 2012

Índice

0. Introducción	3
1. O entorno internacional da economía galega	6
2. Situación da economía española	11
3. Evolución recente da economía galega	16
4. O escenario macroeconómico 2012-2013	24
5. Avaliación da posición cíclica da economía galega	38
6. Envolveite financeira plurianual.....	39

0. INTRODUCCIÓN

A nova Lei de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, aprobada como Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, establece que no primeiro semestre de cada ano, o Goberno de España mediante acordo do Consello de ministros, e previo informe do Consello de política fiscal e financeira das comunidades autónomas, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria dos diferentes niveis de administración territorial, que se medirá en termos de necesidade ou capacidade de financiamento segundo a definición do sistema europeo de contas nacionais e rexionais, no mesmo acordo fixará os obxectivos de endebedamento público.

Para a fixación do devandito obxectivo terase en conta a regra de gasto definida no artigo 12 da mesma lei orgánica e o saldo estrutural acadado no exercicio inmediato anterior.

A proposta de fixación dos obxectivos de estabilidade e débeda pública estará acompañada dun informe no que se avalíe a situación económica que se prevé para o horizonte temporal de fixación de obxectivos, que serán os vindeiros tres anos.

Este informe será elaborado polo Ministerio de Economía y Competitividad, previa consulta ao Banco de España, e tendo en conta as previsións do Banco Central Europeo e da Comisión Europea. Conterá o cadro macroeconómico plurianual no que especificará, entre outras variables, a previsión de evolución do PIB, a fenda de produción, a taxa de referencia de crecemento do PIB a medio prazo para a economía española e o saldo cíclico do conxunto das administracións públicas, distribuído entre os seus subsectores.

A taxa de referencia de crecemento do PIB a medio prazo da economía española, calcularase de acordo coa metodoloxía empregada pola Comisión Europea. Esta taxa será a referencia a ter en conta por todas as comunidades autónomas na elaboración dos seus respectivos orzamentos.

Por último, o artigo 30 da devandita lei orgánica, recolle a obriga de elaborar un teito de gasto para as comunidades autónomas, como xa establecía o artigo 12 da lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia, ao

sinalar que as comunidades autónomas aprobarán un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Antes do 1 de agosto de cada ano, as comunidades autónomas remitirán ao Consello de política fiscal e financeira información sobre o límite de gasto non financeiro que houberan aprobado.

Como pode apreciarse a nova normativa básica en materia orzamentaria da un pulo aos equilibrios básicos que deben cumprir os orzamentos públicos pasando do anterior sistema baseado na estabilidade ao longo do ciclo, cun alto sesgo ao endebedamento, a un sistema baseado no equilibrio estrutural, que se centra nunha evolución do gasto acorde coa taxa media de crecemento do estado.

Na medida en que todas as administracións resultan afectadas polas consecuencias do procedemento de déficit excesivo aberto contra o Reino de España e a conseguinte senda de consolidación fiscal comprometida, a senda para acadar ese equilibrio estrutural pasa polos obxectivos de necesidade ou capacidade de financiamento aprobados no devandito procedemento e trasladados ao Consello de política fiscal e financeira das comunidades autónomas.

Son os escenarios macroeconómicos do informe do Ministerio de Economía y Competitividad sobre a economía española a base sobre a que o Goberno de España formule as proxeccións orzamentarias do conxunto das administracións públicas españolas que se deben presentar xunto cos obxectivos de estabilidade orzamentaria para a súa aprobación á Unión Europea nos programas de estabilidade. Tamén lle serven para estimar os ingresos orzamentarios e elaborar os escenarios orzamentarios plurianuais nos que se enmarcan anualmente os presupostos xerais do Estado.

Por tanto para cada exercicio a Xunta de Galicia debe proceder á fixación do límite de gasto non financeiro da comunidade autónoma, este obterase da proxección dos ingresos previstos para o vindeiro exercicio, dos axustes de contabilidade nacional que podan corrixir o resultado orzamentario e do

obxectivo de capacidade ou necesidade de financiamento aprobado para dito ano.

Ademais, debe respectar a regra de gasto deseñada na nova lei orgánica de estabilidade.

O recente agravamento da crise de confianza nos mercados financeiros, que obriga a acelerar a senda de consolidación fiscal, ata practicamente eliminar o endebedamento no 2014, afectará á baixa aos teitos de gasto non financeiro ao reducir o seu financiamento. Por tanto, dúas son as particularidades que afectan de xeito diferencial a este procedemento no presente exercicio:

1. A regra de gasto do artigo 12 da lei orgánica 2/2012 limita a evolución do gasto á taxa media de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. Na medida en que o teito de gasto haberá de baixar ao ser inferior o obxectivo de estabilidade, esta regra non operará como límite no 2013.
2. Igualmente a negociación da nova senda de consolidación ten retrasado todo o calendario habitual de fixación de obxectivos de déficit, que se informan finalmente de xeito favorable para cada comunidade autónoma polo consello de política fiscal e financeira o 31 de xullo.

Para analizar a envolvente financeira da comunidade autónoma pártese do cadro macro elaborado polo Ministerio de Economía y Competitividad, referencia obrigada aos efectos de dar cumprimento á lei orgánica, así como as particularidades macro propias da nosa comunidade autónoma.

Por iso se elabora un estudo sobre a posición da economía galega nun horizonte plurianual e un escenario macroeconómico. Este informe elabórase tamén ao abeiro do artigo 11.2 da Lei de Galicia 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, que indica que ao acordo do Consello da Xunta sobre o límite de gasto achegaráselle un informe de estratexia financeiro - fiscal, que fixará o marco orzamentario para os tres exercicios seguintes e ao que se axustarán anualmente os orzamentos xerais da comunidade autónoma.

1. O ENTORNO INTERNACIONAL DA ECONOMÍA GALEGA

As perspectivas de crecemento da economía mundial indican que se producirá un lixeiro retroceso en 2012 sobre o crecemento de 2011, así, a OCDE, na actualización de maio do economic outlook prevé para a economía mundial un crecemento do 3,4% para este ano fronte ao 3,6% do ano precedente. O principal causante deste descenso son os países de Europa que causarán que o conxunto da OCDE tamén rexistre un descenso de dúas décimas no crecemento de 2012 fronte ao de 2011 (1,6% fronte ao 1,8%). Deste xeito, Estados Unidos e Xapón mellorarán as taxas do ano anterior mentres que a Área Euro pasará dun crecemento do 1,5% en 2011 a un descenso dunha décima neste ano.

Esta visión global da situación compártena os outros organismos elaboradores de proxeccións a nivel mundial, o FMI en abril prevía un crecemento da economía mundial en 2012 do 3,5%, catro décimas por debaixo do ano anterior e tamén indica que é a área do euro a que experimentará o maior descenso no crecemento. Por último, a Comisión Europea prevía en maio deste ano un crecemento da economía mundial do 3,3 para 2012 fronte ao 3,7 de 2011, se excluimos a Euro Área o crecemento pasa de 4,1% en 2011 ao 3,9% en 2012 o que indica que o resto das grandes economías mundiais sufrirán esta atonía europea e manterán ou moderaran lixeiramente os crecementos do ano anterior.

Se esta situación é preocupante para a economía galega debido á forte relación cos países da UE, máis preocupante debería ser o feito de que estas proxeccións empeoran a medida que transcorren os meses, por exemplo, a previsión de crecemento segundo a OCDE da Euro Área para 2012 reduciuse en tres décimas dende finais de novembro do ano pasado ata maio deste ano, segundo a Comisión a revisión foi de oito décimas e o FMI rebaixa o crecemento estimado da Area Euro en setembro do ano pasado en 1,2 puntos porcentuais.

Na táboa 1 preséntanse estes crecementos

Táboa 1

PREVISIÓNS CRECEMENTO PIB 2012 (%)

	OCDE (maio 2012)	FMI (abril 2012)	CE (maio 2012)
Mundial	3,4	3,5	3,3
Área Euro	-0,1	-0,3	-0,3
España	-1,6	-1,8	-1,8
Francia	0,6	0,5	0,5
Alemania	1,2	0,6	0,7
Italia	-1,7	-1,9	-1,4
Portugal	-3,2	-3,3	-3,3
Reino Unido	0,5	0,8	0,5
Estados Unidos	2,4	2,1	2,0
Xapón	2,0	2,0	1,9
China	8,2	8,2	8,4

Fonte: OCDE, FMI, Comisión Europea

A información para as principais economías que se detallan a continuación reflicten estes comentarios globais.

En Estados Unidos a estimación do PIB do primeiro trimestre de 2012 sitúa o crecemento no 1,9%, este crecemento recae fundamentalmente na demanda interna e dentro desta no consumo privado que creceu un 2,7%, a inversión e o consumo público descendieron e o sector exterior restou unha décima ao crecemento consecuencia dun crecemento das exportacións do 7,1% e das importacións dun 6,2%. Segundo as previsións da OCDE o primeiro trimestre crecería un 2,2% e os seguintes a unha taxa do 2,5% para cerrar o ano co crecemento do 2,4% comentado anteriormente.

En Xapón o PIB creceu un 2,8% no primeiro trimestre de 2012 con respecto ao primeiro de 2011 (datos non corrixidos de estacionalidade e calendario), o consumo privado achegou 2,2 puntos a este crecemento debido a un crecemento do 3,6%, a inversión pública creceu un 9,3% a aporta cinco décimas ao crecemento. Pola contra, o sector exterior minorou en 0,9 puntos o crecemento, posto que as exportacións creceron un 0,8% e as importacións un 6,5%. Para este país a OCDE estimaba un crecemento do 4,1% no primeiro trimestre e uns crecementos máis modestos para os outros tres trimestres do ano.

En China o índice PMI de manufacturas de maio retrocedeu nove décimas mostrando que o crecemento do sector manufactureiro se moderou ante unha demanda máis débil tanto interior como exterior. Na India o PIB creceu un 5,3% interanual, inferior ao 6,1% do trimestre previo e a taxa máis baixa en oito anos. Segundo a OCDE o crecemento en China será do 8,2% como se comentou anteriormente e o da India do 7,1%.

Dentro da Unión Europea, como se comentou nos primeiros parágrafos deste apartado, a situación económica sofre un gran deterioro debido á debilidade da produción, da demanda e do emprego. Non obstante, realizamos as seguintes matizacións por países:

En Alemania o PIB creceu no primeiro trimestre un 1,2% en taxa interanual, oito décimas menos que no trimestre anterior e que a previsión da OCDE para este trimestre, a previsión da Comisión esperaba un crecemento do 0,7%. Esta redución do crecemento é atribuíble ao menor crecemento da demanda nacional, 1,3 puntos menos que o crecemento do cuarto trimestre de 2011, debido principalmente á caída da formación bruta de capital que descendeu unha décima cando no cuarto trimestre crecera un 7,4%; as exportacións creceron un 5,2% e as importacións reduciron 1,3 puntos o seu crecemento.

Francia acadou nos tres primeiros meses de 2012 un crecemento interanual do 0,3%, nove décimas inferior ao do trimestre precedente, dúas décimas por debaixo da estimación da Comisión, pero tres por enriba da previsión da OCDE para este trimestre. Neste caso, igual que no resto de países da euro zona tamén se reduciu o ritmo de crecemento da demanda nacional, pasou dun crecemento do 0,4% no cuarto trimestre de 2011 a unha caída do 0,8% no primeiro trimestre deste ano; a caída da formación bruta de capital explica este retroceso. As exportacións creceron un 3,8% e as importacións caeron un 0,8%.

En Italia a caída do PIB no primeiro trimestre con respecto ao mesmo trimestre do ano precedente foi do 1,3%, no trimestre anterior a caída fora do 0,4%. Neste caso a previsión da Comisión coincidiu co valor finalmente observado e a da OCDE foi moi inferior ao prever un descenso do 3,2%. A pesar de non dispoñer dos datos por compoñentes do PIB a situación é semellante á dos

dous países anteriores, menor crecemento da demanda interna a tenor dos datos do cuarto trimestre de 2011.


No Reino Unido o crecemento do primeiro trimestre do ano foi do -0,1%, inferior ao 0,5% do trimestre anterior. A previsión da Comisión era superior nunha décima ao valor finalmente observado e a OCDE estimaba unha caída do 0,7%. Os datos veñen a confirmar unha mellora da demanda interna debido á un menor descenso do consumo dos fogares. As exportacións caeron seis décimas e as importacións creceron un 0,9%.

Por último, para a economía portuguesa a previsión da Comisión para o primeiro trimestre é dun descenso do 3,2%, o dato non se coñece polo momento pero o descenso do cuarto trimestre do ano pasado foi do 2,8%.

Nos seguintes gráficos podemos ver o perfil de crecemento interanual por trimestres. Os datos do primeiro trimestre son reais (agás en Portugal), os restantes proceden das previsións da Comisión Europea de maio.

Gráfico 1

Previsións crecemento interanual do PIB



Fonte: Comisión Europea

2. SITUACIÓN DA ECONOMÍA ESPAÑOLA.

O PIB xerado pola economía española no primeiro trimestre de 2012 rexistrou un decrecemento do 0,4% respecto ao mesmo período do ano anterior, sete décimas inferior ao rexistrado para o período precedente. Deste xeito a economía española desacelera o seu crecemento interanual manténdose o sector exterior como principal elemento moderador da caída.

En termos de taxas intertrimestrais o descenso é de tres décimas, similar ao do trimestre precedente; estes dous descensos consecutivos supoñen a entrada en recesión da economía española.

Analizando os dous grandes compoñentes do PIB español dende a óptica do gasto observase unha maior caída da demanda nacional, atribuíble á forte caída da inversión, que non se viu totalmente compensada pola achega da demanda externa. Así, por unha parte, a achega da demanda nacional ao PIB sitúase no -3,3% catro décimas máis negativa que no trimestre precedente e por outra, a demanda externa aporta 2,8 puntos ao crecemento agregado, catro décimas inferior á achega do trimestre anterior.

Táboa 2

ESPAÑA. PIB E OS SEUS COMPOÑENTES. PERSPECTIVA DA DEMANDA.

Índices de volume. (Taxas de variación anual)

	2011				2012
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
PIBpm a Prezos de mercado	0,9	0,8	0,8	0,3	-0,4
Demanda interna					
Gasto en consumo final	0,4	-0,8	-0,6	-1,8	-1,8
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	0,4	-0,3	0,5	-1,1	-0,6
- Gasto en consumo final AAPP	0,6	-2,1	-3,6	-3,6	-5,2
Formación bruta de capital	-4,8	-5,4	-4,2	-6,6	-8,1
Sector Exterior					
Achega demanda externa neta	1,7	2,7	2,2	3,2	2,8
Exportación bs e ss	13,1	8,8	9,2	5,2	2,2
Importación bs e ss	6,0	-1,3	0,9	-5,9	-7,2

Fonte: CNTR INE

O gasto en consumo final dos fogares reduce o seu descenso interanual este trimestre dende o 1,1% ata o 0,6%; o consumo de servizos presenta taxas positivas pero inferiores ás do trimestre precedente e o gasto en bens continúa

rexistrando taxas negativas. A remuneración de asalariados, principal recurso dos fogares descende un 3,3% determinando unha redución da taxa de aforro dos fogares.

O gasto en consumo final das AAPP rexistra un decrecemento 1,6 puntos superior ao dos últimos trimestres de 2011, como consecuencia da redución das compras de bens e servizos e do gasto na remuneración dos asalariados das AAPP nun entorno do 1,0%. A formación bruta de capital aumenta tamén a súa contracción en 1,5 puntos pasando do -6,6,% ao -8,1%

A achega da demanda externa neta da economía española ao PIB trimestral reduciuse catro décimas neste período pasando de 3,2 a 2,8 puntos, resultado que se produce como consecuencia dunha desaceleración tanto nas exportacións como nas importacións, mais significativa no caso das exportacións posto que atenúan o seu crecemento pasando do 5,2% ao 2,2% en sintonía coa evolución desacelerada das economías ás que se dirixen estas. A moderación no caso da vendas de servizos ao exterior foi intensa pasando do 13,9% ao 6,5% mentres as exportacións de bens pasaron do 2,9 ao 1,7% e o gasto dos non residentes rexistra un descenso do 1,0%, primeira taxa negativa dende o primeiro trimestre de 2010. Pola súa parte as importacións aumentaron á súa caída dende o 5,9 ao 7,2% como consecuencia do menor nivel de actividade.

Dende a perspectiva da oferta apréciase un perfil similar ao do trimestre precedente. Así, rexístranse crecementos moderados no valor engadido das ramas primarias e dos servizos e decrecementos máis intensos nas actividades manufactureiras e na construción.

As ramas agraria e pesqueira pasan do 0,3 ao 0,8%, as dos servizos reducen unha décima o seu crecemento e sitúanse no 0,9%; as ramas industriais aumentan o seu decrecemento do 0,4 ao 3,0% e a construción tamén se contrae fortemente ata o 5,3%, 1,6 puntos máis que no trimestre precedente.

Táboa 3

ESPAÑA. PIB E OS SEUS COMPOÑENTES. ÓPTICA DA OFERTA

Índices de volume. (Taxas de variación anual)

	2011				2012
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
PIB a prezos de mercado	0,9	0,8	0,8	0,3	-0,4
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	1,1	0,5	0,4	0,3	0,8
Industria	3,0	2,3	2,8	-0,4	-3,0
- Industria manufacturera	3,4	3,0	3,4	-0,1	-3,9
Construción	-4,9	-3,2	-3,2	-3,7	-5,3
Servizos	1,4	1,0	1,0	0,9	0,8
- Comercio, transporte e hostalería	2,7	2,0	0,9	0,3	1,2
- Información e comunicacións	1,2	-0,4	0,9	1,1	1,5
- Actividades financeiras e de seguros	-4,7	-2,3	-0,1	3,5	3,8
- Actividades inmobiliarias	2,6	1,0	1,3	-0,3	0,1
- Actividades profesionais	3,1	1,7	2,8	2,6	0,0
- Administración pública, sanidade e educación	1,2	1,4	1,0	0,3	0,0
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-3,1	-3,8	-1,1	0,7	0,5
Impostos netos sobre os produtos	1,2	2,5	1,3	2,0	1,5

Fonte: CNTR INE

O emprego, medido en postos de traballo a tempo completo, incrementa á súa caída ata situarse no 3,8% o que supón a redución de 655 mil empregos netos a tempo completo nun ano. Para os principais agregados por ramas de actividade os resultados son peores que os do trimestre anterior.

O número de horas efectivamente traballadas polas persoas ocupadas na economía redúcese un 3,4% neste trimestre, 1,7 puntos máis que no cuarto trimestre do ano pasado. A diferenza entre esta evolución e a dos empregos equivalentes a tempo completo debese ao aumento do 0,4% da xornada media a tempo completo.

Con este crecemento da actividade e do emprego a produtividade aparente por posto de traballo equivalente redúcese en dúas décimas dende o 3,7 ata o 3,5%.

Táboa 4

ESPAÑA POSTOS DE TRABAJO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO

(Taxas de variación anual)

	2011				2012
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Total	-1,6	-1,3	-2,0	-3,3	-3,8
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-3,1	-2,0	-3,1	-1,0	-1,8
Industria	-2,6	-1,8	-1,2	-3,9	-3,9
- Industria manufactureira	-2,9	-2,4	-2,2	-4,5	-4,7
Construción	-10,0	-13,7	-16,3	-18,5	-21,1
Servizos	-0,3	0,4	-0,2	-1,5	-1,9
- Comercio, transporte e hostalería	-0,3	1,2	0,6	-2,3	-2,6
- Información e comunicacións	-2,8	1,8	-1,3	1,5	2,8
- Actividades financeiras e de seguros	-2,9	-3,1	-1,5	-3,0	-3,3
- Actividades inmobiliarias	7,4	9,2	-5,5	3,9	-1,0
- Actividades profesionais	1,2	0,6	-2,4	-2,2	-3,4
- Administración pública, sanidade e educación	0,8	0,2	0,8	-0,5	-1,1
- Actividades artísticas, recreativas e outros servi:	-5,2	-3,2	-1,4	-1,0	-0,4

Fonte: CNTR INE

Estes datos do primeiro trimestre de 2012 e os indicadores dispoñibles do segundo revelan que a situación económica a nivel nacional continuará deteriorándose nos próximos trimestres. O perfil dos crecementos trimestrais apuntado pola Comisión anuncia que os descenso se intensificarán ata o cuarto trimestres do ano, este perfil está recollido nos gráficos da páxina 7.

O descenso previsto para 2012 segundo todos os organismo roldará o 1,7% previsto polo Goberno. Este descenso baséase segundo todas as previsións na caída da demanda interna que recortará entre 3,7 e 5,2 puntos a taxa de variación do PIB; dentro da demanda interna, a maior caída corresponderá á formación bruta de capital (descenso de entre un 7,5% a un 9,3%) e o gasto en consumo das administracións públicas, que reducirán o seu nivel de gasto entre un 6,9% e un 8% dependendo da previsión. As exportacións crecerán arredor dun 3% e as importacións caerán nun intervalo que vai do 4,1% ata o 5,6% como consecuencia da debilidade da demanda interna e da actividade.

Na táboa 5 preséntanse as previsións de crecemento do PIB para 2012 segundo diversos organismo oficias dende a perspectiva da demanda.

Táboa 5

PREVISIONS ESPAÑA 2012

	Ministerio Economía (Abril 2012)	Comisión Europea (Maio 2012)	FMI (Abril 2012)	OCDE (Maio 2012)
PIB por componentes da demanda: variación (%)				
PIB	-1,7	-1,8	-1,8	-1,6
Gasto en consumo final nacional	-3,1			
Gasto en consumo final nacional de fogares e ISFLSF	-1,4	-2,2	-0,9	-2,9
Gasto en consumo final nacional das AAPP	-8,0	-6,9	-7,6	
Formación bruta de capital fixo	-9,0	-7,9	-7,5	-9,3
Achega demanda nacional	-4,4	-4,5	-3,7	-5,2
Exportacións de bens e servizos	3,5	3,2	2,1	
Importacións de bens e servizos	-5,1	-5,6	-4,1	
Achega externa	2,7	2,7	1,9	3,7
Mercado de traballo				
Emprego (equivalente a tempo completo); variación (%)	-3,7	-3,7	-3,2	
Tasa de paro (%)	24,3	24,4	24,2	
Productividade aparante do traballo: variación (%)	2,1	2,0	1,4	

Fontes: Ministerio de Economía, Comisión Europea, FMI, OCDE

3. EVOLUCIÓN RECIENTE DA ECONOMÍA GALEGA

O Produto interior bruto (PIB) xerado pola economía galega no primeiro trimestre de 2012 rexistrou un descenso de tres décimas con respecto ao trimestre anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este descenso supera nunha décima a diminución intertrimestral observada no trimestre anterior e supón dous trimestres de caída consecutiva.

O descenso sobre o trimestre anterior do PIB galego coincide co dato avance difundido polo INE de crecemento da economía española.

Neste trimestre o incremento interanual sitúase no -0,5%, cinco décimas inferior ao crecemento do trimestre anterior e unha décima inferior á taxa nacional.

Táboa 6

Produto interior bruto. Índices de volume

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario


Galicia	2010	2011	2011				2012
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Variación interanual	0,1	0,3	0,6	0,3	0,2	0,0	-0,5
Variación intertrimestral	--	--	0,2	0,0	0,0	-0,2	-0,3

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

España	2010	2011	2011				2012
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Variación interanual	-0,1	0,7	0,9	0,8	0,8	0,3	-0,4
Variación intertrimestral	--	--	0,4	0,2	0,0	-0,3	-0,3

Fonte: INE. Contabilidad nacional trimestral de España


Gráfico 2



Fonte: IGE, INE, EUROSTAT

Analizando os compoñentes do PIB dende a óptica da demanda observamos que no primeiro trimestre de 2012 a achega da demanda en termos nacionais ao crecemento do PIB foi de -3,1 puntos porcentuais, seis décimas inferior á contribución do trimestre anterior. O gasto en consumo final presenta un descenso do 2,1%, dúas décimas superior ao rexistrado no trimestre precedente, o apartado da formación bruta de capital rexistra un descenso do 5,7%, superior en 1,7 puntos ao retroceso observado no cuarto trimestre do ano pasado. A contribución do sector exterior é de 2,6 puntos porcentuais, aumentando unha décima con respecto ao trimestre anterior.

Gráfico 3



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Táboa 7

GALICIA. PIB E OS SEUS COMPOÑENTES. PERSPECTIVA DA DEMANDA.

Índices de volume. (Taxas de variación anual)

	2011				2012
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
PIBpm a Prezos de mercado	0,6	0,3	0,2	0,0	-0,5
Demanda interna					
Gasto en consumo final	0,1	-0,8	-1,5	-1,9	-2,1
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-0,5	-1,1	-1,0	-1,4	-1,5
- Gasto en consumo final AAPP	2,0	0,0	-3,0	-3,1	-3,8
Formación bruta de capital	-5,7	-3,6	-3,4	-4,1	-5,7
Sector Exterior					
Achega demanda externa neta	1,8	1,8	2,3	2,5	2,6
Exportación bs e ss	3,8	8,4	0,2	4,5	-8,4
Importación bs e ss	0,4	4,3	-3,6	-0,2	-11,4

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares decrece un 1,5% no primeiro trimestre de 2012, unha décima superior ao descenso que experimentou no trimestre anterior. A debilidade deste agregado reside sobre todo na atonía do mercado de traballo que diminúe a renda dispoñible dos fogares. Os principais indicadores de consumo mostran taxas de variación negativas, así o testemuñan as matriculacións de turismos, o índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado e corrixido de

estacionalidade e calendario e o indicador de confianza do consumidor, todos eles con taxas menos negativas que no trimestre anterior. A renda salarial real calculada coa afiliación, o incremento salarial pactado en convenio e o IPC como deflactor mostra, en cambio, unha taxa negativa superior á do trimestre precedente.

No mesmo período, o gasto en consumo final das administracións públicas descende sete décimas máis que a taxa observada no trimestre anterior quedando no -3,8%.

A formación bruta de capital mostra un ritmo de caída superior ao do trimestre anterior, descendendo un 5,7% neste trimestre. Os indicadores que rexistran maiores descensos que no trimestre anterior son a produción industrial de bens de equipo, a matriculación de vehículos de carga e a importación deste tipo de bens. En cambio, a inversión en construción acada unha taxa de crecemento menos negativa que a do trimestre precedente.

Como xa se comentou anteriormente, no primeiro trimestre de 2012 a achega da demanda externa neta foi de 2,6 puntos, unha décima superior que a estimada no trimestre anterior. As exportacións presentan unha caída do 8,4%, case 13 puntos porcentuais máis que no trimestre precedente; as destinadas a outros países, que no conxunto de 2011 rexistraran un crecemento do 12,7% en termos reais, presentan nos dous primeiros meses do ano caídas do 35,0% e do 19,0%; a este descenso hai que engadir a atonía da demanda do resto de España. Só se observan taxas lixeiramente positivas dentro deste apartado da demanda no gasto dos non residentes. Pola súa parte, as importacións caeron un 11,4%, o que supón un aumento de 11,2 puntos sobre o descenso do trimestre anterior.

Dende a perspectiva da oferta, no primeiro trimestre de 2012 os crecementos interanuais son positivos no sector primario e nos servizos. En sentido contrario, as ramas da industria e a construción rexistran un crecemento negativo; as primeiras incrementan o seu ritmo de descenso e a construción mellora levemente a taxa negativa do trimestre anterior.

As ramas agraria, gandeira e pesqueira presentan un crecemento do 0,7%, inferior en 1,1 puntos ao crecemento do cuarto trimestre de 2011. O

comportamento das ramas agrarias e gandeiras, que presentan unha taxa inferior á do trimestre precedente, non foi compensado polo incremento 1 punto superior ao do cuarto trimestre do ano pasado da variación en volume dos indicadores do sector pesqueiro.

As ramas da industria rexistran un decrecemento do 4,8%, 2,5 puntos por enriba da caída do trimestre anterior. Dentro destas, a industria manufactureira caeu un 7,1%, case 5 puntos por enriba da caída rexistrada no cuarto trimestre de 2011.

A taxa de crecemento do sector da construción foi do -3,0%, unha décima inferior ao rexistro do trimestre anterior. A edificación residencial e a licitación oficial melloran lixeiramente a taxa interanual do cuarto trimestre e a edificación non residencial rexistra unha maior caída que no trimestre precedente.

Por último, neste trimestre o sector dos servizos presenta un crecemento interanual do 1,0%, o que implica un crecemento unha décima superior ao do trimestre precedente. Presentan taxas negativas as ramas de actividades profesionais e as artísticas, recreativas e outros servizos; o resto das ramas acada taxas positivas.

Táboa 8

GALICIA. PIB E OS SEUS COMPONENTES. ÓPTICA DA OFERTA.

Índices de volume. (Taxas de variación anual)

	2011				2012
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
PIB a prezos de mercado	0,6	0,3	0,2	0,0	-0,5
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	4,5	2,8	0,4	1,8	0,7
Industria	-0,6	-0,8	-3,5	-2,3	-4,8
- Industria manufactureira	4,1	-0,2	-8,0	-2,3	-7,1
Construción	-4,5	-2,2	-2,3	-3,1	-3,0
Servizos	1,3	0,4	1,5	1,1	1,0
- Comercio, transporte e hostalería	2,5	-0,6	1,7	1,2	0,7
- Información e comunicacións	2,7	0,4	2,9	-2,1	0,4
- Actividades financeiras e de seguros	-1,8	-1,2	2,3	4,1	4,3
- Actividades inmobiliarias	1,0	1,2	1,2	0,9	0,7
- Actividades profesionais	3,0	3,0	0,9	0,1	-0,8
- Administración pública, sanidade e educación	1,2	1,1	1,5	1,2	1,5
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-2,4	-1,4	0,1	0,0	-0,7
Impostos netos sobre os produtos	3,6	4,0	2,1	1,7	1,0

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, decreceu no primeiro trimestre deste ano un 3,5%, o que supuxo un descenso de 37.425 postos de traballo equivalentes nun ano.

Atendendo ás ramas de actividade cómpre destacar que os maiores descensos prodúcense nas ramas da construción e nas industriais; os servizos descenden un 1,3% e as ramas primarias un 2,0%.

Con respecto ás taxas interanuais rexistradas no trimestre precedente e tendo en conta as ramas máis agregadas, só presenta un mellor comportamento o sector primario ao pasar dun descenso do 2,9% a un 2,0%. O resto empeora os rexistros do trimestre anterior, especialmente a rama da construción que aumenta en case dous puntos a súa caída.

Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, amosou neste trimestre unha taxa de variación interanual do -4,2%, dato que supón unha diminución de 37.869 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano.

Táboa 9

GALICIA. POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO

(Taxas de variación anual)

	2011				2012
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Total	-2,4	-2,4	-3,0	-3,0	-3,5
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-1,5	-2,3	-2,8	-2,9	-2,0
Industria	-3,8	-3,8	-4,7	-5,2	-6,0
- Industria manufacturera	-4,3	-4,6	-5,4	-5,5	-5,8
Construción	-9,2	-11,1	-12,5	-14,3	-16,0
Servizos	-1,0	-0,7	-1,2	-0,7	-1,3
- Comercio, transporte e hostalería	-1,8	-1,6	-1,5	-1,5	-0,6
- Información e comunicacións	-0,4	0,0	0,1	0,0	-1,0
- Actividades financeiras e de seguros	-6,4	-2,0	-7,2	0,6	-0,9
- Actividades inmobiliarias	3,6	5,3	5,3	5,8	6,0
- Actividades profesionais	0,3	-0,4	-1,9	-2,3	-3,0
- Administración pública, sanidade e educación	0,3	1,2	0,9	0,8	-1,2
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-2,0	-3,1	-3,1	-1,3	-2,4

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 3,2%, unha décima por enriba da variación rexistrada no trimestre anterior.


O PIB valorado a prezos correntes presenta no primeiro trimestre de 2012 un crecemento interanual do 0,7%, 1,1 puntos inferior ao do trimestre precedente. Este crecemento implica unha taxa do deflactor implícito do 1,2%, seis décimas inferior ao incremento rexistrado no trimestre anterior.

Despois de examinar os datos do primeiro trimestre do ano en termos de contabilidade nacional podemos engadir que os principais indicadores dispoñibles do segundo trimestre indican que a produción, a demanda, as rendas e o emprego seguen unha senda de deterioro similar ao do conxunto nacional. Para a predición do crecemento do PIB a un trimestre elaboramos un modelo econométrico que extrae un factor común dos principais indicadores de conxuntura. Este modelo consiste na realización dunha análise factorial dinámica entre as taxas de variación do PIB e dos indicadores conxunturais, o

que nos permita extraer un factor común que será o sinal que indique de forma rápida e fiable o estado conxuntural da nosa economía, ademais este sinal é susceptible de ser interpretado como medida de posición cíclica.

No seguinte gráfico presentamos o crecemento interanual do factor e do PIB en termos de ciclomotendencia segundo os primeiros resultados preliminares, nel observamos a sintonía entre as dúas series. A previsión para o segundo trimestre do factor é unha maior caída da variación interanual que a rexistrada no primeiro.

Gráfico 4



Fonte: IGE

4. O ESCENARIO MACROECONÓMICO 2012-2013

A elaboración de cadros macroeconómicos para a predicción dos principais agregados da economía presenta nos últimos anos grandes incertezas. As previsións iniciais son sistematicamente corrixidas á baixa a medida que transcorren os meses; esta aseveración foi especialmente indiscutible en 2008 e 2009, anos nos que se inicia a crise actual. En 2010 e 2011 as estimacións sobre o crecemento foron menos discordantes cos datos finalmente obtidos. No momento actual estamos nunha situación máis parecida a 2008-2009 que á dos dous anos precedentes, volvendo de novo a un proceso de ralentización económica que complica a previsión. Como mostra desto podemos argumentar que as previsións de crecemento para o ano 2012 da economía española e dos principais países europeos sufriu xa varias revisións á baixa. A modo de exemplo, a Comisión Europea prevía para España un crecemento do 1,5% para 2012 en maio de 2011, en setembro de 2011 rebaixou o crecemento a un 0,7% e a última previsión realizada en maio deste ano xa prevé un descenso do 1,8%. Esta situación repítese para os principais organismos que realizan prospeccións sobre a economía (FMI, OCDE, ...) e afecta especialmente aos países da Unión Europea con maiores problemas (Italia, Portugal, España,...). A redución das expectativas de crecemento do resto de economías, como Estados Unidos e países emerxentes, terá un efecto negativo sobre a economía mundial no que resta de ano .


O forte grado de incerteza sobre o crecemento económico de España e dos principais países da zona euro complica a elaboración do cadro macroeconómico galego para 2012, 2013 e anos sucesivos, debido á forte interdependencia da nosa economía coas anteriores. O grado de apertura da economía galega co exterior situouse nos últimos anos entre o 100% e o 125%, fronte ao 55,9% a nivel nacional. O comercio co resto de comunidades autónomas explica esta diferenza, pois o grado de apertura sen ter en conta o resto das comunidades españolas é similar ao do conxunto nacional. Este forte vínculo comercial e de servizos co resto de España e con Francia, Italia, Portugal, Alemaña e Gran Bretaña motivan que a nosa economía sexa sensible á situación que atravesan estas.

Á vista dos parágrafos anteriores, realízase para 2012 un cadro macroeconómico congruente coa previsión de crecemento nacional do -1,5% establecida polo Goberno, que non difire en gran medida das últimas previsións dos principais organismos nacionais e internacionais sobre a economía española, como se pode comprobar no gráfico 1. A máis recente é a do FMI de xullo onde se estima unha caída do 1,5%. Partimos pois dun escenario central de caída do 1,5% do PIB a nivel nacional debido principalmente á forte caída da demanda interna que non se compensa coa achega positiva do sector exterior.

O obxectivo fixado para o crecemento do PIB galego é dun -1,3%, dúas décimas menos de descenso que a nivel nacional. Este diferencial positivo susténtase en dous puntos:


- Por unha parte, unha menor caída do sector industrial logo do forte descenso do ano 2011 onde foi o sector que máis lastrou o PIB. Para este ano esperase unha menor caída da enerxía xunto cun mellor comportamento que a nivel nacional dos produtos industriais. Nos primeiros cinco meses deste ano, segundo o IPI, o sector presenta un diferencial negativo para a nosa comunidade aínda que recortandose o diferencial en cinco puntos, e os produtos industriais xa mostran un menor descenso que a nivel nacional. A seguinte gráfica mostra o perfil de ciclo tendencia deste indicador para Galicia e para España.

IPI. Taxas de variación interanual (%). Ciclo - tendencia



- Por outra parte, dende a perspectiva da demanda, esperase unha menor caída da demanda interna debido a que o axuste no sector público será menos duro que noutras comunidades e a que a renda dispoñible para o consumo caerá menos na nosa comunidade nesta etapa recesiva, debido á estrutura das rendas en Galicia, cunha maior porcentaxe de pensións.

Grafico 1



Para o ano 2013 as novas previsións do Goberno do 20 de xullo estiman un descenso do 0,5%, superando nunha décima a media das previsións máis recentes do FMI, Comisión Europea e da OCDE. A previsión máis recente do FMI prognostica un descenso do 0,6%, sendo a media das previsións de organismos nacionais e internacionais é do -0,5%.

PREVISIÓN DE CRECEMENTO DE 2012

Táboa 1

Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %

	2011	2012
Gasto en consumo final	-1,0	-2,2
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-1,0	-1,4
- Gasto en consumo final das AAPP	-1,1	-4,5
Formación bruta de capital	-4,2	-8,3
Achega demanda interna ¹	-1,8	-3,7
Exportación de bens e servizos	4,2	0,4
Importación de bens e servizos	0,2	-3,5
Produto interior bruto (PIB)	0,3	-1,3
Produto interior bruto nominal	1,8	-1,0
Emprego. PTETC	-2,7	-4,0
Taxa de paro²	17,4	20,3

¹ Contribución en puntos porcentuais

² % da poboación activa

Fonte: Consellería de Facenda

Os crecementos dos principais agregados desde a perspectiva da demanda que se detallan a continuación configuran este descenso do 1,3% en 2012.

1. O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro da economía galega caerá en 2012 un 1,4%. O principal factor que está detrás desta proxección é a continuación do deterioro do mercado de traballo que, xunto coa menor taxa de aforro dos fogares e a dificultade de acceso ao financiamento, diminuírá a renda dispoñible no seu conxunto. En 2011 o emprego segundo a EPA caeu un 1,6% e segundo a afiliación, a redución foi do 2,6%. A tendencia ao longo do ano 2011 e o que vai de 2012 dos decrecementos é ascendente. A afiliación comezou 2011 cun descenso do 2,2% en xaneiro e rematou cun descenso do 3,1% en decembro. No que vai de 2012 o descenso foi do 3,5% en xaneiro e do 4,5% en maio. O dato de xuño minorou o descenso ata o 4,3%.

2 O gasto en consumo final das administracións públicas caerá un 4,5%. As restricións do gasto para cumprir os obxectivos de déficit limitarán o crecemento desta variable. Neste apartado, o descenso do consumo público debería ser inferior ao que se rexistrará no conxunto do estado debido a que noutras comunidades os axustes deberán ser moi superiores aos da nosa comunidade.

3. A formación bruta de capital caerá un 8,3% en 2012 o que supón aumentar en 4,1 puntos o descenso do ano anterior. A maior caída viría explicada porque a inversión en bens de equipo presentará unha forte redución debido ao retroceso da actividade económica e a que a capacidade instalada non está a ser aproveitada na súa totalidade. A inversión pública tamén descenderá debido á consolidación fiscal. A edificación residencial continuará con decrecementos aínda que moderando levemente as taxas do ano anterior.

4. A demanda externa neta achegará 2,4 puntos ó crecemento do PIB, tres décimas máis que a aportada por este agregado en 2011. Esta achega producirase como consecuencia dun leve aumento das exportacións (un 0,4%), e sobre todo polo descenso das importacións nun 3,5%. O deterioro da economía mundial, especialmente a da zona euro, e a caída da demanda interna española exercerán un efecto negativo sobre as exportacións. Polo que respecta ás importacións, a caída da demanda interna e da actividade económica da nosa comunidade lastrarán este compoñente do PIB.

Por último, a taxa de paro situarase no 20,3%, 2,9 puntos por enriba da taxa de 2011 e 4,3 puntos porcentuais por debaixo do esperado para España segundo o Goberno, incrementando nunha décima o diferencial de 2011. O descenso da ocupación arredor dos 4 puntos, o crecemento do número de parados no entorno dos dezaseis puntos, e a lixeira diminución da poboación activa (0,5% de descenso), determinan a taxa referida.

PREVISIÓN DE CRECEMENTO DE 2013

Para a elaboración do cadro de 2013 tómase como base a estimación de crecemento para España do -0.5%. Este prognóstico reflicte o crecemento esperado polo Goberno e os principais organismos nacionais e internacionais. . As últimas previsións corresponden ao Goberno (20 de xullo) e ao FMI, que o 27 de xullo prevía un descenso do 1,2%, restando seis décimas á previsión anterior. Estas últimas previsións inclúen unha estimación dos efectos das últimas medidas adoptadas polo Estado. O Goberno, como principal impulsor da política económica, debe ter un crédito distinto das previsións realizadas por outros organismos e polo tanto utilizamos a súa estimación. O dato do FMI aumentaría a probabilidade de que o crecemento sexa menor.

A táboa 2 resume as principais previsións para España. Está elaborada a partir dos datos do panel de FUNCAS ás que se engaden as previsións do Goberno, do Banco de España, da OCDE, do FMI (os crecementos dos compoñentes do PIB son os da previsión de abril) e da Comisión Europea. FUNCAS realiza enquisas entre 18 servizos de análise españois para obter estes datos.

Táboa 2

	Previsión PIB España 2013	Previsión GCFE 2013	Previsión GCFAAPP 2013	Previsión FBKF 2013	Previsión Demanda nacional 2013	Previsión Exportacións 2013	Previsión Importacións 2013
Analistas Financieros Internacionales (AFI)	-1,7	1,5	9,6	3,1	-3,4	5,8	0,5
Banco Bilbao Vizcaya Argentaria (BBVA)	0,6	-0,9	-5,6	-1,0	-1,8	8,9	1,6
Bankia	0,0	-0,6	-4,2	-1,4	1,5	3,6	0,9
CatalunyaCaixa	-0,6	-0,2	-8,0	-1,9	-2,2	3,3	0,8
Cemex	-2,3	-2,6	-4,0	8,4	4,1	5,6	1,0
Centro de Estudios Economía de Madrid (CEEM-URJC)	0,6	0,4	-2,8	-2,0	-0,7	4,5	0,4
Centro de Predición Económica (CEPREDE-UAM)	0,5	0,1	8,0	4,1	2,5	4,8	0,6
CEOE	-0,6	-0,8	-6,7	-3,3	-2,3	5,8	-0,2
Fundación Cajas de Ahorros (FUNCAS)	1,5	2,6	7,2	-6,4	-4,4	6,0	-3,2
Instituto Complutense de Análisis Económico (ICAE-UCM)	-0,4	-2,1	-1,1	-5,5	-1,8	4,1	-1,7
Instituto Flores de Lemus (IFL-UC3M)	-0,9	0,8	6,6	-5,2	--	5,2	0,5
La Caixa	-0,5	-0,7	-6,1	-3,1	-2,2	4,3	-1,2
Repsol	-0,6	0,5	5,7	-4,8	-2,7	6,8	-0,3
Santander	-0,2	-0,8	-6,0	-5,0	-2,7	6,8	-0,9
Solchaga Recio & asociados	0,0	-0,7	3,5	2,4	-2,1	5,9	0,2
Gobierno (xullo 2012)	-0,5	-1,4	-8,2	-2,0	-2,8	6,0	-1,5
Banco de España (xaneiro 2012)	0,2	0,5	3,3	-2,2	--	5,9	1,2
CE (maio 2012)	-0,3	-1,3	-3,5	-3,2	-2,1	4,7	-0,9
FMI (xullo 2012)*	-1,2	0,6	2,4	-1,0	0,3	4,1	2,9
OCDE (maio 2012)	-0,8	-1,8	-4,5	-2,4	-2,4	5,7	0,8
Percentil 80	0,0	-0,4	-3,5	-2,0	-1,8	6,0	0,9
Percentil 20	1,0	-1,6	7,4	-5,0	2,8	4,3	1,0
Mínimo	-2,3	-2,6	-9,6	-8,4	-4,4	3,3	-3,2
Máximo	0,6	0,6	-1,1	1,0	0,3	8,9	2,9
Mediana	-0,5	-0,8	-5,7	-3,1	-2,3	5,7	-0,2
Promedio	-0,6	-0,9	-5,2	3,4	2,3	5,3	-0,1

* Os datos de crecemento das compoñente corresponden á previsión de abril, onde se prevía un crecemento do PIB do 0,1%


O crecemento medio de todas as previsións é dun -0,5%. Os vaticinios dos distintos organismos varían entre un 0,6% como máximo e un -2,3% como mínimo; o valor máximo para o crecemento do PIB preveo o BBVA e o Centro de estudos de economía de Madrid e o mínimo o Cemex.

Os datos do FMI son de xullo para o PIB e de abril para os compoñentes do PIB, ao non dispoñer deles na estimación de xullo. Para a Comisión Europea e a OCDE as predicións son de maio e prevén un descenso do 0,3% e do 0,8% respectivamente.


Nos gráficos da páxinas seguintes preséntanse estes crecementos desagregados por partidas para ver ata que punto son coincidentes as hipóteses sobre os agregados que compoñen o PIB desde a perspectiva da

demanda. Os compoñentes da demanda con maior consenso no seu comportamento son: as exportacións e a formación bruta de capital. Para as primeiras todos os organismos estiman un crecemento positivo que en media roldará o 5,3% e a formación bruta de capital descendera en media un 3,4%.


Con respecto ás demais previsións, no apartado do gasto en consumo final das administracións públicas, as estimacións do Goberno, en comparación cos principais organismos internacionais, son as que auguran un maior descenso (8.2%), tres puntos por debaixo da media. O gasto en consumo final dos fogares descenderá arredor dun punto porcentual, 1,4 puntos segundo o Goberno. Por último, as importacións descenderan un 0,1% segundo a estimación de consenso e un 1,5% segundo o Goberno.




Previsión GCFP 2013




Previsión GCFAAPP 2013




Previsión FBKF 2013




Previsión Demanda nacional 2013



Previsión Exportaciones 2013



Previsión Importaciones 2013



Escenario 2013 para Galicia

A partir do escenario debuxado para o conxunto nacional, propónse o seguinte escenario para o crecemento do PIB galego en 2013. O obxectivo é acadar un descenso inferior nunha décima ao conxunto nacional. Por tanto o descenso do PIB galego sería do 0,4%. Na táboa 3 representamos esta previsión desagregada para os compoñentes da demanda.

Táboa 3

Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %

	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Gasto en consumo final	-1,0	-2,2	-2,3	-0,7	0,2	0,6
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-1,0	-1,4	-1,3	0,5	1,2	1,4
- Gasto en consumo final das AAPP	-1,1	-4,5	-5,2	-4,5	-3,2	-2,1
Formación bruta de capital	-4,2	-8,3	-3,2	1,5	3,1	3,0
Achega demanda interna ¹	-1,8	-3,7	-2,6	-0,3	0,8	1,1
Exportación de bens e servicios	4,2	0,4	2,2	3,2	3,9	4,4
Importación de bens e servicios	0,2	-3,5	-1,4	0,6	2,1	3,0
Produto interior bruto (PIB)	0,3	-1,3	-0,4	1,3	1,9	2,0
Produto interior bruto nominal	1,8	-1,0	1,2	2,4	3,3	3,5
Emprego. PTETC	-2,7	-4,0	-0,2	1,2	1,5	1,5
Taxa de paro²	17,4	20,3	20,1	19,6	18,4	16,8

¹ Contribución en puntos porcentuais

² %, da poboación activa

Fonte: Consellería de Facenda

Para o ano 2013 o decrecemento esperado é do 0,4%, unha décima por enriba do descenso económico nacional previsto polo Goberno. Desde a perspectiva da demanda a taxa prevista responde ós seguintes factores:

1. O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro da economía galega caerá en 2013 un 1,3%, mellorando unha décima sobre a caída de 2012. O forte apalancamento do sector privado terá que ir reducíndose ao longo destes anos a costa dunha redución do consumo e do aforro; isto explicaría unha caída do consumo superior á caída da renda salarial dispoñible e tamén unha maior caída que a do emprego.

2. O gasto en consumo final das administracións públicas caerá un 5,2%, nun escenario nacional de caída do 8,2%. O descenso do consumo público en Galicia, ao igual que no ano 2012, debería ser inferior ao que se rexistrará no conxunto do estado debido a que noutras comunidades os axustes deberán ser moi superiores aos da nosa comunidade.

3. A formación bruta de capital caerá un 3,2% en 2013 o que supón reducir máis de 5 puntos o descenso do ano anterior. A nivel nacional a caída será dun 2,0%.

4. A demanda externa neta achegará 2,2 puntos ao crecemento do PIB, dúas décimas menos que a aportada por este agregado en 2012. Esta achega producirase como consecuencia dun aumento das exportacións do 2,2% e dunha caída das importacións dun 1,4%. A moderada recuperación da economía mundial, especialmente a dos principais países da zona euro, e a melloría da demanda interna española exercerán un efecto positivo sobre as exportacións. Polo que respecta ás importacións, o ton de debilidade da produción e a caída do consumo incidirán no decrecemento deste compoñente do PIB.

Por último, a taxa de paro situarase no 20,1%, dúas décimas por debaixo da taxa de 2012 e 4,2 puntos por debaixo do esperado para España segundo o Goberno, minorando unha décima o diferencial de 2012. O leve descenso da ocupación e unha caída do número de parados no entorno dun punto, fará que a poboación activa diminúa lixeiramente (0,4% de descenso) e que se acade a referida taxa.

5. AVALIACIÓN DA POSICIÓN CÍCLICA DA ECONOMÍA GALEGA

Para a análise da posición cíclica da economía galega utilizamos o filtro de Hodrick e Prescott (HP) con parámetro $\lambda=10$, que descompón o crecemento dunha serie nun compoñente tendencial e outro cíclico. O escenario de crecemento para 2012-2016 é o proposto na Táboa 3 especificada no apartado anterior e que se complementa cun crecemento para 2017 do 2%. Ao aplicar este filtro á serie do PIB no período que abarca dende 1995 a 2017 obtemos os resultados que se mostran na táboa seguinte:

Táboa 11

PIB potencial e output gap

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
PIB tendencial. Taxa (%)	-0,2	-0,2	0,2	0,6	1,0	1,3	1,4
PIB observado. Taxa (%)	0,3	-1,3	-0,4	1,3	1,9	2,0	2,0
Output gap (% do PIB tendencial)	0,0	-1,1	-1,7	-1,0	-0,2	0,5	1,1
Output gap (diferenza de taxas en %)	0,5	-1,1	-0,6	0,7	0,9	0,7	0,6

Fonte: Elaboración propia

Estes datos indican que o crecemento mínimo no PIB tendencial produciuse no ano 2011. A partir dese ano a tendencia é ascendente ata chegar ao 1,4% en 2017. A posición cíclica da nosa economía medida polo output gap como tanto por cento do PIB tendencial móstranos que o mínimo cíclico acadarase no 2013, e que nos seguintes anos a diferenza entre o PIB observado e o PIB potencial diminúe gradualmente. Ata 2016 o PIB observado non superaría o nivel do PIB tendencial.

6. ENVOLVENTE FINANCEIRA PLURIANUAL

Partindo da análise de coxuntura e das previsións macroeconómicas a medio prazo, calcúlase unha senda financeira das finanzas autonómicas coherente coa senda de consolidación fiscal aprobada polo Consello de Política Fiscal e Financeira.

As dispoñibilidades financeiras dependerán da evolución dos ingresos non financeiros, do obxectivo de estabilidade orzamentaria (que suporá maiores recursos cando o obxectivo sexa de déficit ou menores recursos cando sexa de superavit) e dos axustes de contabilidade nacional, ao determinarse o devandito obxectivo como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional, expresada coma unha porcentaxe do PIB nominal da comunidade autónoma.

i. ingresos non financeiros

A composición dos ingresos non financeiros ven determinada en maior medida polos seguintes grandes agregados segundo a fonte do ingreso:

- Ingresos do sistema de financiamento (en torno a un 75% dos ingresos totais).

As entregas a conta de 2013 redúcense respecto ás inicialmente previstas no 2012 en 251,6 millóns de euros, xa que o orzamento de 2012 contemplaba as mesmas entregas a conta que as previstas no 2011. Respecto ás entregas definitivas comunicadas en marzo de 2012, 5.924,41 millóns de euros, a previsión para 2013 increméntase en 174,7 millóns. Este aumento responde, por unha parte, ós incrementos impositivos do IVE, e por outra, no caso de impostos especiais, á suba do imposto sobre os elaborados do tabaco e polo cambio normativo producido no imposto especial sobre hidrocarburos coa absorción do tramo estatal. Porén, prodúcese un axuste no fondo de suficiencia como consecuencia da aplicación da súa regularización polo incremento dos tipos impositivos.

A liquidación incluída no 2013, increméntase en 107,5 millóns de euros debido principalmente á ampliación do prazo de devolución das

liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009. Non obstante a previsión de liquidación dos pagos a conta do sistema de financiamento do exercicio 2011, a recibir no 2013, redúcese respecto á do ano anterior pola caída da recadación tributaria do último semestre de 2011.

- As transferencias finalistas de outras administracións, procedentes basicamente da Administración Xeral do Estado e dos Fondos Europeos, suporán en torno a un 10% dos ingresos totais. Os ingresos finalistas da Administración Xeral do Estado mostran unha continua tendencia descendente, polas baixas dos fondos finalistas nos estados de gasto e do Fondo de Compensación Interterritorial, vencellado a unha porcentaxe do gasto en obra nova que aparece nos orzamentos xerais do Estado.

O novo programa operativo se inicia a partires do 2014. Utilizando un criterio prudente estímase unha baixa na senda financeira do novo PO do 25% sobre a actual.

- Resto de recursos propios da comunidade autónoma, tributos propios, prezos e ingresos patrimoniais (que supón unha magnitude estable de preto do 10%).

A evolución estimada dos mesmos sería a seguinte:

	millóns de euros				
	lim gto 2012	lim gto 2012 axustado	2013	2014	2015
recursos sistema de financiamento	6.338	6.080	6.194	6.017	6.181
fondos finalistas doutras administracións	1.218	979	913	920	826
outros recursos non financeiros	955	960	835	848	868
TOTAL RECURSOS NON FINANCEIROS	8.511	8.019	7.942	7.784	7.875

Tal e como establece o artigo 12.2 da lei 2/2011, do 16 de xuño de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, o límite de gasto axustarase na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da administración xeral do Estado.

Na medida en que por mor da prórroga dos anteditos orzamentos, este dato non se coñeceu ate abril do presente exercicio, e logo foi corrixido na lei de orzamentos xerais do Estado para 2012, aprobada o mes pasado, incorpórase un límite de gasto axustado que reflicte o axuste nos pagos a conta do sistema de financiamento e dos fondos finalistas do Estado.

A diferenza entre as capacidade axustada de gasto e a prevista para 2013, mostra unha pequena baixa do 1%, basicamente causada polo impacto da recesión económica nos tributos propios da comunidade autónoma e no axuste do financiamento vía fondos finalistas do Estado.

Compre destacar o esforzo que está realizando a administración autonómica para conter o importe dos prezos e taxas que percibe pola prestación dos seus servizos no peor momento da crise.

ii. obxectivo de déficit

Como ven de describir o informe de coxuntura, durante o último trimestre de 2011 a situación económica comeza a dar síntomas de febleza, para iniciar a principios de 2012 unha nova recesión cando apenas se superara a caída de 2009. Ós problemas estruturais da nosa economía e do resto do país, engádeselle agora, agravando a situación, unha crise financeira mundial e unhas políticas económicas que non fixeron senón agravar os desequilibrios macroeconómicos existentes.

Os problemas de gobernanza e institucionais no seo da zona euro están a fomentar nesta ocasión unha forte crise de confianza dos mercados financeiros. Esta situación de inestabilidade, supón un forte endurecemento das condicións de financiamento dos axentes públicos e privados, acurtando o prazo e o custe do recurso á débeda pública.

Esta complicada situación no eido económico tradúcese nunha importante caída dos ingresos non financeiros autonómicos, que deterioran con forza os seus saldos orzamentarios afastándoos da senda de consolidación fiscal.

Galicia, malia ter que facer fronte ao pagamento das liquidacións negativas do sistema de financiamento, foi a comunidade autónoma que presentou un mellor desempeño fiscal o pasado ano, o cal non é un fin en si mesmo senon un medio para garantir a sostibilidade dos servicios públicos, o pagamento da súas débedas e o inicio da recuperación da economía e do emprego sobre bases sólidas.

Para gañar a credibilidade nos mercados financeiros e facilitar o acceso ao financiamento a un prezo razoable, urxe seguir aplicando con rigor políticas de consolidación fiscal. O impulso de novas reformas estruturais reforzará o inicio dunha senda de crecemento económico estable e xeradora de emprego. Igualmente importante é a súa articulación a medio prazo dun modo verosímil. Todo isto implica trocos nunha ampla variedade de políticas con obxectivos claros en termos de datas de posta en marcha e consecuencias sobre o crecemento cifradas dentro dun marco macroeconómico realista, coherente e plurianual.

Froito desta situación, primeiro artellouse un obxectivo máis realista para o presente 2012, que supuxo pasar dun obxectivo de estabilidade orzamentaria do -1,3% do PIB ata o -1,5%. O Programa de estabilidade e crecemento 2012-2015 pesentado polo Reino de España ante o ECOFIN, estableceu unha nova senda de consolidación fiscal que aceleraba a anterior, fixando unhas

necesidades de financiamento para o período 2013-2015 do -0,5%, -0,3% e 0%.

Malia que os diferentes niveis de administración viñan tomando medidas de cara a garantir o cumprimento dos obxectivos fixados, o deterioro da coxuntura económica na área euro fixo dificilmente soportables os axustes precisos para reducir una parte tan substancial do déficit público nun horizonte de tempo relativamente curto. Tales circunstancias levaron á Comisión Europea a aconsellar flexibilizar a senda de eliminación deste déficit excesivo, fixando os obxectivos de cumprimento para todas as administracións nun 6,3% del PIB en 2012, un 4,5% en 2013 y un 2,8% en 2014, situación que se ratifica na reunión do ECOFIN do pasado 10 de xullo.

Os ministros de economía da UE deciden conceder a España unha prórroga dun ano para corrixir o seu déficit excesivo e situalo baixo o 3% do PIB. Esta decisión, por tanto, conduce á modificación da Recomendación de Déficit Excesivo emitida polo Consello Europeo de 30 de novembro de 2009, que fixaba o 2013 como data límite de consecución dun déficit das Administracións Públicas dun 3% del PIB.

Máis discutible resulta o reparto da mesma entre os diferentes niveis de administración, malia que se algunha lección se debeu aprender nos últimos catro exercicios é que una situación de desequilibrio estrutural non se pode arranxar co recurso recorrente á débeda, era de esperar unha relaxación dos ambiciosos obxectivos presentados no antedito Programa de estabilidade e crecemento 2012-2015 que facilitarán unha “aterraxe suave”, especialmente no caso da nosa comunidade autónoma que partía cos deberes feitos no que atinxe a obxectivo de estabilidade.

Nembargantes, o pouco consistente cadro de obxectivos vixente ata o momento (con estimacións de superávit para a seguridade social do 0,4% do PIB, cando ten que soportar as taxas de desemprego máis altas da súa historia e facer fronte ao pago das pensións que

obedece a unha dinámica demográfica de sesgo deficitario), así como o importante deterioro da situación financeira, fixeron inviable tratar de manter a senda anterior. Foi por iso polo que en aras dun compromiso responsable pola sostibilidade e a solvencia de todas as finanzas públicas Galicia votou un si crítico na fixación do anterior obxectivo.

O devandito obxectivo foi obxecto de informe favorable do Consello de Política Fiscal e Financeira no seu pleno de 12 de xullo de 2012, ao abeiro do establecido no artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Ao atoparnos no período transitorio que media ate o exercicio 2020, resulta de aplicación a disposición transitoria primeira da devandita lei, que establece que o déficit estrutural do conxunto das administracións públicas reducirase, a lo menos no 0,8% do PIB nacional en promedio anual. Esta redución distribuirase entre o Estado e as CCAA en función das porcentaxes de déficit estrutural que rexistraran o 1 de xaneiro de 2012 e no caso de procedemento de déficit excesivo, a redución do déficit afarase ao esixido no mesmo.

O consello do ECOFIN do pasado 10 de xullo recomenda poñer fin á situación de déficit excesivo de España, establecendo que as autoridades deberán acadar unha mellora do saldo orzamentario estrutural das administracións públicas do 2,7% do PIB no 2012, do 2,5% do PIB no 2013 e do 1,9% do PIB no 2014, co fin de situar o déficit público das administracións españolas baixo o valor de referencia do 3% do PIB dende hoxe ate 2014.

No pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira, celebrado o 31 de xullo de 2012, acordouse repartir o obxectivo de déficit na mesma porcentaxe entre todas as comunidades autónomas.

A concreción do referido obxectivo respecto das diferentes administracións públicas é a que se indica de seguido:

**OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA PARA O PERIODO
2012-2015**

Capacidade (+) Necesidade (-) de Financiamento, SEC-95 (En % do PIB)	exec	prev	obxectivo		
	2011	2012	2013	2014	2015
Administración Central	-5,1	-4,5	-3,8	-2,7	-2,1
Comunidades Autónomas (1)	-3,2	-1,5	-0,7	-0,1	0,2
Entidades Locais	-0,4	-0,3	0,0	0,0	0,0
Seguridade Social	-0,1	0,0	0,0	0,0	0,0
Total Administracións Públicas	-8,8	-6,3	-4,5	-2,8	-1,9

- (i) Fronte á media das comunidades autónomas do -3,2%, Galicia presentou unha necesidade de financiamento no 2012 do 1,61%, a metade da media de déficit das restantes comunidades autónomas. Por tanto a necesidade de axuste que marca a senda financeira arriba indicada resulta moito máis suave.
- (ii) Se aplicamos a porcentaxe indicada ás previsións de evolución do PIB nominal de Galicia que resultan do cadro anterior, podemos estimar as contías que supón o obxectivo de estabilidade orzamentaria que, no periodo que abrangue o informe é de necesidade de financiamento ou déficit no periodo 2012-2014 e de capacidade de financiamento ou superávit no exercicio 2015.

	% millóns de euros				
	2011	2012	2013	2014	2015
OBXECTIVO ESTABILIDADE	-1,6%	-1,3%	-0,7%	-0,1%	0,2%
DÉBEDA NETA	929	861	407	60	-123

iii. axustes de contabilidade nacional

Para a determinación da magnitude total do límite de gasto hai que ter en conta os posibles axustes que se haberán de aplicar sobre as dispoñibilidades financeiras determinadas ata o de agora, por diferir a súa consideración como gasto orzamentario e como emprego en termos de contabilidade nacional, que é como se fixa o obxectivo de estabilidade.

O sistema europeo de contas (en adiante SEC-95) é un sistema de Contabilidade Nacional e *«constitue un marco contable comparable a escala internacional, coa finalidade de realizar unha descripción sistemática e polo miúdo dunha economía no seu conxunto, dos esus compoñentes e das súas relacións con outras economías»*.

O SEC-95 non é daquela un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial de partida dobre. Pero sí que deberá empregarse para poder definir a capacidade de financiamento e, por tanto deberemos atender a os seus criterios para calculala.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria debe cumprirse tanto na fase de elaboración, como de aprobación e execución do orzamento. É por isto polo que o proceso e orzamentación debe planificarse non so en termos de contabilidade orzamentaria, senón tamén en termos de contabilidade nacional.

Isto significa que deben terse en conta por anticipado na elaboración dos orzamentos, os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación de criterios SEC-95, obtendo, como dicíamos, o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional. Pretender o equilibrio en termos de estabilidade a partires da simple igualdade

dos capítulos non financeiros do orzamento, sin ter en conta a priori os axustes que provocan, en ingresos e gastos, os criterios de contabilidade nacional é abocarse á incertidume do resultado da liquidación neses mesmos termos.

Existen dous grandes grupos de criterios que caracterizan o SEC fronte ao orzamento administrativo:

Un primeiro grupo de criterios que explican a delimitación do sector público e nos axudan por tanto, a clasificar os entes nos que participa a Xunta de Galicia dentro do sector público autonómico, e polo tanto do perímetro de consolidación SEC, ou non. Estes criterios aparecen descritos no apartado de ámbito subxectivo de cada lei de orzamentos da comunidade autónoma.

Un segundo grupo, son os criterios estritamente contables para calcular a capacidade ou necesidade de financiamento. Istos, a efectos prácticos, derivan nunha serie de axustes a realizar sobre a contabilidade orzamentaria ou administrativa co gallo de reflectir a capacidade ou necesidade de financiamento dun sector en termos de contabilidade nacional.

Os axustes tidos en conta pola Intervención Xeral foron os seguintes:

1. A recadación incerta, que é a diferenza entre o importe dos dereitos recoñecidos netos nos capítulos I a III do orzamento de ingresos e o importe recadado en ditos capítulos, tanto en corrente como en exercicios anteriores. É de prever que consonte vaia mellorando a coxuntura económica o importe deste axuste se minore de xeito significativo.
2. As achegas de capital. Considéranse gasto non financeiro os importes das achegas de capital realizadas a entidades do sector público autonómico. O máis importante é o correspondente ao financiamento da CRTVG. Tamén considéranse gasto non financeiro as achegas a Fundacións do sector público autonómico.
3. Os axustes por execución de avais. Recolle o importe das contías avaladas pola comunidade autónoma, declaradas fallidas e que se

pagan con cargo ao fondo de garantía de avais que se instrumenta orzamentariamente como un gasto financeiro (a través dunha aplicación do capítulo VIII).

4. As estradas por concesión. En contabilidade nacional as estradas por concesión son gasto no momento en que o concesionario realiza o investimento, polo que a medida que, unha vez terminada a estrada, a Xunta paga o correspondente canon, mediante o que se amortiza a estrada, realízase un axuste positivo ao ser un gasto xa computado.

Debe de terse en conta que tan só se poden recoller neste momento os axustes que se poidan estimar a priori. Ademais, de cara á elaboración da envolvente financeira, desbótanse aqueles que teñen carácter puntual e pouco representativo.

	millóns de euros				
	2011	2012	2013	2014	2015
TOTAL AXUSTES DE CONTABILIDADE NACIONAL	-238	29	132	90	93

O cambio de signo nos axustes de contabilidade nacional, é debido ao axuste positivo que xera o pago das contías aprazadas das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 a razón de 206 millóns de euros/ano a partires de 2012.

iii. Límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado.

Da agregación dos anteriores compoñentes podemos derivar a senda de dispoñibilidades financeiras a medio prazo da comunidade autónoma acorde co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria aprobados.

Como pode verse o empeoramento do entorno económico e a difícil situación dos mercados financeiros obrigan a acelerar a senda de consolidación fiscal da comunidade autónoma, que xa no 2014 apenas xerará endebedamento neto. É por elo polo que a súa capacidade de gasto diminuirá ata que non se compensen os recursos que a Xunta de Galicia captaba vía endebedamento.

Unha vez acadado o nivel dos recursos non financeiros, o gasto rondará a medio prazo os 8.000 millóns de euros. É dicir, o gasto consolidarase a medio prazo ao nivel de gasto estrutural dos exercicios 2005-2006.



millóns de euros

	lim gto 2012	2013	2014	2015
	axustado			
recursos sistema de financiamento	6.338	6.194	6.017	6.181
fondos finalistas doutras administracións	1.218	913	920	826
outros recursos non financeiros	955	835	848	868
TOTAL RECURSOS NON FINANCEIROS	8.511	7.942	7.784	7.875
capacidade (+) ou necesidade (-) de financi	770	407	60	-123
axustes de contabilidade nacional	-109	132	90	93
LIMITE DE GASTO	9.172	8.481	7.934	7.845


PLENO DO PARLAMENTO

Sesión extraordinaria

2 de agosto de 2012

16:00 horas

ANEXO II



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **EMENDA Á TOTALIDADE**, con petición de devolución á Xunta de Galicia do **Proxecto de Lei de adaptación das disposicións básicas do Real Decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, en materia de emprego público** [08/PL-0049 nº de rexistro 85462)].

O Grupo Parlamentar do BNG presenta esta emenda de totalidade ao **Proxecto de Lei de adaptación das disposicións básicas do Real Decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, en materia de emprego público**, basicamente polos seguintes argumentos:

1º O mencionado Real Decreto representa, en moitos aspectos, unha intromisión en competencias mesmo exclusivas de Galiza, e xa que logo un executivo que acreditase no autogoberno lonxe de facilitar a súa aplicación, debería interpoñer recurso contra o mesmo.

2º Trátase de unha aplicación abusiva da lexislación básica para invadir competencias galegas.

3º Con este proxecto de lei queda unha vez mais o descuberto o discurso falso e para a galería que utiliza a Xunta par xustificar os continuos recortes contra os distintos ámbitos dos servizos públicos. Hai agora escasamente cinco meses que a Xunta forzou a aprobación no Parlamento dunha lei que representaba recortes moi importantes en dereitos, recursos e prestacións dos traballadores públicos, coa argumentación, que xa non era certa daquela, de que era a garantía para non recortarlle salarios aos


OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de GalizaRúa do Hórreo, s/n. Tel 0034 981 551 545
Fax 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballadores públicos porque en Galiza non era necesario facelo. Todo o discurso do Presidente da Xunta cae polo seu propio peso xa que este proxecto propón un novo recorte de retribucións aos empregados públicos. ¿Senón era necesario facelo en Galiza porque se fai?. É ao revés, comparado con algunhas comunidades aquí ademais do recorte de salarios do ano 2010, aplicouse antes o recorte de prestacións sanitarias, sociais, de dereitos laborais, de xornada e retribucións para algúns dos empregados públicos, e agora aplicase tamén o recorte de retribucións para todos e xeneralízanse os recortes sanitarios e laborais que mesmo se dixo en febreiro que non se aplicaría de xeito xeneralizado.

4º O proxecto de lei volve facer recaer sobre os sectores públicos e os seus traballadores uns brutais recortes que si se suman todas as decisións que se teñen adoptado dende o goberno central e a Xunta, representan no prazo de tres anos unha merma na capacidade adquisitiva que se sitúa entre o 20 e o 25%, sumando recortes directos, subida do IRPF, recorte de prestacións sociais e sanitarias, incrementos sucesivos do IVE, incremento do prezo de produtos básicos (enerxía, auga etc.)

5º Representa un pertinaz empeño en insistir en políticas que xa evidenciaron o seu fracaso e a onde conduciron, e que só a teimosía da Xunta en aproveitar a crise para debilitar todo o sector público e impoñer un modelo onde moitos dos servizos públicos hoxe existentes acaben privatizándose pode explicar. Trátase pois de un deseño de políticas con un fondo contido ideolóxico reaccionario. A crise como coartada para facer recaer sobre os traballadores e as clases medias unha política de recortes que acentúe as desigualdades sociais.

6º Trátase da segunda modificación da Lei de Orzamentos de Galiza que tamén representa un feito singularmente antidemocrático na nosa Historia . ¿Para que serve aprobar unha lei de orzamentos ao final do ano pasado si aos dous meses hai xa un novo proxecto de lei que os modifica, e cinco meses despois outro novamente para



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

modifícalo? ¿Non representa iso unha burla a tramitación dunha das leis, a de orzamentos, que representa en cada ano a tramitación central do Parlamento e a que mais tempo consume?: Agora toda aquela tramitación cae pola borda e en sete meses modifícase dúas veces deixando en evidencia que as súas previsións e cifras eran en moitas concrecións carentes de fundamento.

7º Aínda por riba recorrese novamente a un mecanismo de tramitación que abusa do procedemento de lectura única. Nin sequera da a posibilidade de modificar aspectos do texto, posto que se vai discutir practicamente ao mesmo tempo a lectura única e o proxecto de lei, nun novo atentado antidemocrático contra o que debería ser unha tramitación legislativa adecuada.

Por todo o que presentamos esta emenda de totalidade con solicitude de devolución do proxecto á Xunta de Galicia.


Santiago de Compostela, 1 de Agosto de 2012

Asdo. **Alfredo Suárez Canal**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alfredo Suárez Canal na data 01/08/2012 13:32:42

Ana Belén Pontón Mondelo na data 01/08/2012 13:32:51



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade en materia de emprego público (PL-0049, doc. núm. 85462)**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Partido dos
Socialistas
de Galicia


O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia manifesta o seu rexeitamento ao Proxecto de lei de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, en materia de emprego público aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o pasado día 20 de xullo por supoñer a aplicación de medidas claramente inxustas e que contribúen ao empobrecemento do conxunto da sociedade, ademais de incidir na práctica no deterioro da calidade dos servizos públicos que reciben o conxunto dos cidadáns.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta esta emenda á totalidade e con petición expresa de devolución do texto sometido a debate e aprobación, entre outros, polos seguinte motivos:

1 - O proxecto de lei fai recaer unha vez máis sobre os empregados públicos uns recortes brutais, que representan nun prazo de tres anos unha importante merma na súa capacidade adquisitiva, ao redor dun 20 %, tendo en conta os recortes directos salariais, os incrementos do IVE, a subida do IRPF, o recorte nas prestacións sociais e sanitarias, etc.

Continúa o Goberno galego criminalizando aos empregados públicos e responsabilizándoos da crise económica que estamos vivindo cando non son os responsables da mesma, senón que están vítimas da situación.

2.- Polo grave incumprimento dos compromisos do Goberno galego en relación aos empregados públicos e as súas condicións salariais e laborais.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Fai cinco meses o Sr. presidente da Xunta de Galicia forzou a aprobación tamén por lectura única dunha normativa de medidas urxentes que supoñían graves recortes nos dereitos e nas prestacións dos empregados públicos e daquela o Sr. presidente defendía a normativa asegurando que coa mesma garantía que non ía recortarlle o salario aos traballadores públicos de Galicia. Demóstrase polo tanto que a palabra do presidente da Xunta de Galicia non supón garantía de ningún tipo e pode comprobarse que era un argumento falso que nada tiña que ver cos verdadeiros motivos polos que se criminalizaba aos traballadores públicos.

3.- Con este proxecto de lei o Goberno galego segue aproveitando a crise económica como coartada para afondar no debilitamento dos servizos públicos, abrindo a porta a externalización ou privatización de determinados servizos no medio prazo.

Estamos diante da aplicación dun modelo social claramente inxusto e reaccionario que incrementará as desigualdades e que responde ao desenvolvemento práctico dunha concepción ideolóxica claramente neoliberal en diferentes ámbitos sectoriais das políticas públicas clásicas.

4.- Significa un paso máis no empobrecemento da sociedade ao poñer sobre as costas dos traballadores públicos e das clases medias a inmensa maioría dos custos económicos e sociais da crise económica optando por receitas económicas que se teñen amosado equivocadas.

5.- O proxecto de lei di tamén no seu enunciado que é de “fomento da competitividade, en materia do emprego público”. As citadas medidas de fomento da competitividade brillan pola súa ausencia, e parecen unha tomadura de pelo a milleiros de empregados públicos deste país.

6.- Abusa novamente dun procedemento de lectura única e priva ao Parlamento galego dunha tramitación lexislativa ordinaria o que na práctica impide debater e modificar o citado proxecto de lei, impedindo deste xeito o normal funcionamento da cámara lexislativa o que reduce o Parlamento de Galicia a unha mera figura decorativa.

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2012

Asdo.: Abel Losada Alvarez



■ Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/08/2012 9:04:01

Part do dos
Socialistas
de Galicia